



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 116

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 10 de outubro de 2000

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 15.474).

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Antes de entrar na orde do día, o señor presidente pide ós señores deputados que, postos en pé, garden un minuto de silencio pola morte de D. Luis Portero. (Páx. 8.896)

(Todólos señores deputados, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

Debate de Política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.

Exposición: Excmo. Sr. presidente da Xunta. (Páx. 8.896)

Reafirmación no galeguismo popular. (Páx. 8.897)

Converxencia e crecemento económico. (Páx. 8.898)

Un plan para o medio rural. (Páx. 8.899)

Avanzar no modelo de financiamento autonómico. (Páx. 8.901)

Maior promoción do emprego. (Páx. 8.902)

Renovación industrial e comercial. (Páx. 8.904)

Reforma dos servizos administrativos. (Páx. 8.904)

Novo impulso á comarcalización. (Páx. 8.905)

Acceso á vivenda para todos. (Páx. 8.905)

O ferrocarril: A nosa conexión con Europa. (Páx. 8.905)

Conexión con Portugal. (Páx. 8.907)

Estradas. (Páx. 8.907)

Portos. (Páx. 8.908)

Pola conservación da natureza. (Páx. 8.908)

Plan de xestión de residuos sólidos urbanos. (Páx. 8.909)

Aumento da industria forestal. (Páx. 8.909)

Investigación e tecnoloxía ambiental. (Páx. 8.910)

A loita contra o lume: novas estratexias. (Páx. 8.910)

A cultura: principal motor da autoidentificación. (Páx. 8.912)

Patrimonio cultural. (Páx. 8.912)

Crecemento do turismo. (Páx. 8.912)

A sociedade da información e do coñecemento. (Páx. 8.913)

Novas tecnoloxías dixitais. (Páx. 8.914)

Cidade da Cultura de Galicia. (Páx. 8.914)

Camiños de Santiago e Xacobeo 2004. (Páx. 8.915)

Avanzar na normalización lingüística. (Páx. 8.915)

Implantación do novo sistema educativo. (Páx. 8.917)

Ensino universitario. (Páx. 8.918)

A xuventude: o mellor futuro. (Páx. 8.918)

Xuventude e sociedade da información. (Páx. 8.919)

Mocidade e medio ambiente. (Páx. 8.919)

A Europa dos xoves. (Páx. 8.919)

Igualdade de oportunidades para a muller. (Páx. 8.920)

Adecuada definición e protección da saúde. (Páx. 8.920)

Servicio Galego de Saúde. (Páx. 8.921)

Novo modelo de atención primaria. (Páx. 8.921)

Unha atención máis especializada. (Páx. 8.922)

Maior calidade de vida para o sector agrario. (Páx. 8.922)

Sanidade gandeira. (Páx. 8.923)
 Novas medidas agroambientais. (Páx. 8.923)
 Mellora da competitividade do sector lácteo. (Páx. 8.924)
 Modernización do sector pesqueiro. (Páx. 8.924)
 Optimización dos recursos de investigación mariña: creación dun Centro Tecnolóxico do Mar. (Páx. 8.924)
 A pesca de baixura: un esforzo pola racionalización. (Páx. 8.925)
 A evolución do marisqueo a pé. (Páx. 8.925)
 Dez anos salvando vidas. (Páx. 8.925)
 Infraestruturas xudiciais. (Páx. 8.926)
 Relacións laborais. (Páx. 8.926)
 Administración local. (Páx. 8.926)
 Deporte ó alcance de todos. (Páx. 8.927)
 I+D+I: investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación. (Páx. 8.927)
 Relacións cos medios de comunicación. (Páx. 8.927)
 A Galicia do alén: a imparabile forza da galeguidade. (Páx. 8.928)
 Acción exterior e Unión Europea. (Páx. 8.928)
 Reflexión final. (Páx. 8.929)

Declaración institucional

Antes de suspender a sesión, o señor presidente le unha declaración institucional de tódolos grupos da Cámara sobre o asasinato do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza da Audiencia de Andalucía, don Luís Portero, perpetrado en atentado terrorista, expresando a condolencia e a solidariedade á familia da vítima, e alentando a toda a sociedade galega a traballar en defensa dos valores que sustentan a convivencia nun Estado democrático de dereito. (Páx. 8.932)

Suspéndese a sesión ás doce e cincuenta minutos da mañá e reiníciase ás cinco da tarde.

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Guerreiro Carreiras (Grupo Parlamentario Mixto (Mx-)) (Páx. 8.932), Sr. Pérez Touriño (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -S-) (Páx. 8.941), Sr. Beiras Torrado (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -BNG-) (Páx. 8.951) e Sr. Pita Varela (Grupo Parlamentario Popular de Galicia (-P-)). (Páx. 8.963)

Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos da tarde e reiníciase ás oito e trinta minutos.

Contrarréplica: Excmo. Sr. presidente da Xunta. (Páx. 8.970)

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.). (Páx. 8.977)

Intervención do señor presidente da Xunta. (Páx. 8.979)

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións (continuación): Sr. Pérez Touriño (S). (Páx. 8.980)

Intervención do señor presidente da Xunta. (Páx. 8.983)

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións (continuación): Sr. Beiras Torrado (BNG). (Páx. 8.984)

Intervención do señor presidente da Xunta. (Páx. 8.987)

O señor presidente informa á Cámara do prazo de presentación das propostas de resolución subseguintes ó debate. (Páx. 8.987)

Suspéndese a sesión ás dez e un minuto da noite.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente, do secretario e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e pola letrada señora Rodríguez Carro.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado de tódolos conselleiros.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Ábrese a sesión.

Non damos lectura da orde do día, como é habitual, porque está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Antes de entrar nos puntos da orde do día, eu pregaría a todos que, postos de pé, gardamos un minuto de silencio pola morte de don Luis Portero. (*Asentimento*.)

Moitas gracias.

Entramos na orde do día co punto primeiro.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente, e gracias pola súa iniciativa desta manifestación institucional, co que me sinto obrigado a comezar dicindo que o silencio, neste caso, é moito máis ca silencio.

Señor presidente, señoras e señores deputados, comparezo unha vez máis perante esta Cámara para dar conta ás súas señorías das actuacións da Xunta de Galicia dende o anterior debate sobre o estado da Autonomía, en setembro de 1999, ata o día de hoxe. Tamén, ¡como non!, para informar sobre os grandes proxectos que merecen a atención das forzas políticas aquí representadas, dada a súa vital importancia para o futuro de Galicia.

Durante este período fóronse completando, sen escatimar esforzos e atendendo ás prioridades previstas, cada un dos obxectivos marcados polo noso programa de goberno do ano 1997. Pero permítanme que me remita a unha data anterior especialmente significativa para min, como foi o 5 de febreiro de 1990, cando, gracias á confianza maioritaria do noso pobo, asumín a honra e a responsabilidade de encabeza-la Xunta de Galicia por primeira vez. Van alá dez anos e medio de traballo serio, de entrega total a unha única causa: a de Galicia. Ó alcance de todos están os logros e as transformacións, non fai falla máis que percorrela nosa terra en calquera dirección, xa que o mellor xeito de comprobalo son as estradas, os centros de saúde, as novas escolas e institutos, as casas da cultura, os polideportivos, os polígonos empresariais, os teléfonos, o gas natural e outras moitas melloras que fixeron de Galicia un país en pleno desenvolvemento; en definitiva, o progreso, que por fin chegou á nosa terra, que avanzou máis nesta década que ó longo de gran parte da súa historia contemporánea. Digo isto sen triunfalismo ningún, simplemente coa ollada posta no futuro, porque sei que só do traballo e da cooperación de tódolos galegos depende a Galicia do século XXI.

Está claro que o que se leva feito se pode ver con mellores ou peores ollos. Benvidas sexan as críticas cando se fan a partir da obxectividade; o que resulta incomprensible é a actitude dos que ignoran e negan todo por sistema. Refírome ós que permanecen ancorados a un discurso acedo e mesmo inxurioso, baseado na denuncia e na descualificación de tódolos que non pensan coma eles. Son os mesmos que consideran o galeguismo como cousa súa, a nosa fala como un patrimonio excluyente, os que desprezan os nosos emigrantes, os que non dubidan en sementa-la confusión con “manifestos en positivo”, mentres que por outro lado arengan a prol da “emancipación” de Galicia ás minorías radicalizadas. ¿Que clase de discurso é o que practican? Pero a realidade de hoxe, sen sobresaltos nin violencias, cun goberno estable, con diálogo social, con desenvolvemento económico, con autoafirmación responsable, con participación activa nas institucións e nos foros comunitarios, imponse con rotundidade sobre os que pintan panoramas escuros e catastrofismos interesados, sobre os que buscan o poder custe o que custe. Alá cadaquén coa súa conciencia e co seu modelo de Galicia. Pero que quede moi claro que o noso pobo non é nin reaccionario nin

servil, e que os nosos emigrantes non son individuos facilmente manipulables, porque os cidadáns deste país, vivan no campo ou na cidade, na costa ou no interior, dentro ou fóra de Galicia, a estas alturas, saben moi ben o que queren, e, polo tanto, obran en consecuencia.

Tratarei, pois, de ir debullando ó longo deste discurso os temas que considero principais e que seguen a estar orientados polas dúas preguntas que me propuxen en 1990: ¿Cal é a Galicia que queremos? ¿Que é o que queremos para Galicia?

As respostas hai que as buscar, sen dúbida ningunha, no traballo levado a cabo, nos feitos, nas grandes e pequenas realizacións, tamén nos erros e nas equivocacións, pero fundamentalmente no empeño de que era posible modernizar Galicia, ou o que é o mesmo, poñela á altura das nacionalidades e rexións avanzadas de España e de Europa. Niso estamos, e así ímolo seguir facendo, porque contamos co apoio e coa confianza do noso pobo, das galegas e galegos que non queren saber nada de confrontacións, de guerras lingüísticas, de queima de bandeiras nin de violencia nas rúas.

A Galicia de hoxe, a que xa soa como modelo autonómico en máis dun centro de opinión europeo, é unha comunidade que desterroou os vellos complexos, que sabe esixi-lo seu, que non se encolle diante de ninguén; é dicir, un país que desenvolve ó máximo as súas potencialidades para proxectarse con forza no novo milenio. Sabemos que é moito o que hai por diante, somos conscientes do que queda por facer. Nada nos mete medo, temos forzas dabondo para seguir traballando polo engrandecemento desta terra, reafirmandonos nas ideas de paz e solidariedade, de liberdade e de democracia, atepóndolle-lo o sentimento de irmandade que practicaron os devanceiros, aqueles que mereceron chamarse por dereito propio “bos e xenerosos”. Por iso nos reafirmamos no galeguismo popular.

Reafirmación no galeguismo popular.

Sabido é que o galeguismo político atravesou diversas etapas históricas, dende o provincialismo inicial (1840-1868), ó que sucedeu o federalismo de corte pimargaliano (1868-1870), pasando polo rexionalismo pleno do grande Brañas (1881-1914), ata a re-

conversión risquiiana das Irmandades da Fala (1916-1930) e a súa continuidade no Partido Galeguista (1932-1936).

Como consecuencia da Guerra Civil cómpre ter moi en conta o galeguismo do exilio, que xurdiu para a defensa da lingua, da cultura e da propia identidade nalgunhas das grandes capitais de América, no seo das nosas comunidades emigradas de Bos Aires, Montevideo ou México, e que desenvolveu, arredor da figura de Castelao, unha tarefa galeguizadora fundamental que chegará máis alá da década dos cincuenta. Será daquela cando o galeguismo volva ter presenza no interior, sobre todo a través de certos proxectos culturais, entre os que destaca a editorial Galaxia, que, por certo, celebra este ano o cincuentenario da súa fundación.

Resulta imposible achegarse a este período de recuperación do galeguismo político e cultural sen salienta-la figura de Ramón Piñeiro. El levou adiante, xunto con outros compañeiros de xeración, un calado e consciente traballo nunha etapa difícil, chea de dificultades, con moitas máis sombras que luces. Será Ramón Piñeiro, desaparecido infelizmente hai dez anos, pero sempre presente entre nós por todo o que representa o seu pensamento e o seu exemplo moral, quen define o galeguismo como “a realización plena dun sentimento de amor á terra, un deber de identificación co propio pobo”.

Facía Piñeiro unha clara distinción entre “galeguismo espontáneo, que é o que alenta en tódolos corazóns galegos, pero limitado a sentir a Galicia, e galeguismo consciente, moito máis reflexivo, esforzado en coñecer, ou, o que é o mesmo, en afirmar e desenvolve-la personalidade da nosa terra.” E engadía don Ramón Piñeiro: “Se o galeguismo é a lealdade dos galegos con Galicia, esta lealdade vénse manifestando de dúas maneiras: ben puramente sentimental, como ocorre co galeguismo espontáneo, ben plena e total, como no galeguismo consciente”. Para rematar dicindo que: “Cando a primeira se converta na segunda, Galicia terá acadado o nivel histórico do seu tempo”.

Neste momento, a punto de cumprírense dúas décadas da promulgación do actual Estatuto de autonomía, lei fundamental de Galicia —que, por certo, tardou bastantes anos en ser considerada e asumida co-

mo tal por algunhas forzas políticas—, estimamos que se ten cumprido o pensamento de don Ramón Piñeiro. Durante todo este tempo, o que el definira como o galeguismo espontáneo foi adquirindo máis consciencia e responsabilidade e unha maior autoestima, produto do autogoberno e dunha praxe política orientada nos principios do galeguismo popular. Foise consolidando, maioritaria e socialmente, un exercicio de orgullo de sermos e de manifestármonos como o que somos, sen medos nin presións, sen renunciar a nada, aspirando a todo. E hoxe podemos afirmar neste Parlamento que o pobo galego asumiu, de maneira consciente, todos e cada un dos elementos que conforman a súa identidade, porque vén exercendo o dereito á súa verdadeira autoidentificación.

A partir de agora, e como consolidación da etapa anterior, considerada por voces de dentro e de fóra como exemplar, como a de maior proxección económica, social e cultural dunha gran parte da historia de Galicia, queremos manifesta-la nosa vontade de seguir traballando unidos e na mesma dirección, axudando ás xeracións máis novas, achegando a nosa modesta experiencia, pero tamén a nosa comprensión.

Poden estar todos vostedes ben seguros de que o imos facer dende a perspectiva dun galeguismo popular, cada vez máis avanzado, plural e solidario co resto das comunidades do Estado das autonomías, plenamente convencidos da necesidade dunha Europa dos pobos e das nacionalidades, fortemente vencellado a Iberoamérica, cara a cara co mundo enteiro.

Converxencia e crecemento económico.

Ninguén que examine a nosa realidade socioeconómica cunha ollada desprovista de prexuízos ou condicionamentos a priori pode deixar de recoñecer que nos últimos dez anos a economía da Comunidade Autónoma de Galicia experimentou un proceso de crecemento sostido que nos permitiu un achegamento ós niveis medios de España e da Unión Europea. Foi un longo camiño, e aínda quedan algunhas etapas por percorrer para acadala plena converxencia. Pero, hai que dicilo, a esta realidade contribuíu dun xeito notable a política de planificación económica deseñada pola Xunta e o sistema de promoción vencellado, basicamente, á actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), así como a aposta de-

cida do Goberno para fortalece-lo noso tecido productivo e mellorar, sobre todo, as súas infraestruturas.

O progresivo incremento das nosas competencias, así como o compromiso do Executivo por establecer nos nosos presupostos anuais unha serie de prioridades, traducíronse nunha importante modificación da realidade económica de Galicia. Deste xeito, a estrutura dos nosos sectores productivos á altura do ano 2000 amosa unha configuración que se achega á que presenta unha economía moderna.

No período 1990/1998 a nosa economía, segundo os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística, reflicte un proceso de converxencia e homologación coa estrutura productiva do conxunto español. O crecemento económico en Galicia, señorías, foi nese tempo dun 19,6%, fronte a un índice do 17,8% do conxunto da economía española, cunha diferenza ó noso favor de 1,8 puntos. Estas diferenzas resultan aínda máis notables se se fala do conxunto dos sectores non agrarios: 23,4% para Galicia, 19,1% para o conxunto do Estado. O crecemento do produto interior bruto galego no ano 1999 situouse no 4,5% —digo 4,5%—, unha taxa que duplica o valor medio da Unión Europea nese exercicio e que supera en 0,5 o PIB estatal. O último dato coñecido, o correspondente ó primeiro trimestre deste ano 2000, indica que a suba do PIB foi dun 4,2%, porcentaxe idéntica á taxa nacional. Non hai, pois, motivo ningún para a desesperanza, e menos para o pesimismo. Estas cifras amosan que a economía galega completa un período de cinco anos de medre ininterrompido, no cal se produciu un avance significativo no proceso de converxencia.

Por outra banda, a tendencia favorable no mercado laboral galego comeza a consolidarse a partir do terceiro trimestre de 1997, data a partir da cal, de xeito modesto pero continuado, a economía galega foi quen de xerar emprego neto. No último ano, a economía galega xerou un total de 54.500 novos postos de traballo, segundo se desprende dos datos da enquisa de poboación activa correspondente ó segundo trimestre do ano 2000. No mesmo período do ano anterior, o total de ocupados na nosa Comunidade Autónoma era de 933.700 persoas, mentres que no segundo trimestre deste exercicio esta cifra se elevou a 988.200 persoas. Tamén se rexistrou un aumento da poboación activa,

que pasou de 1.115.400 persoas a 1.156.100, mentres que o paro baixou nun 7,5%, unhas 13.000 persoas.

A situación actual é, xa que logo, ben distinta da que tiñamos ó comezo da década. Daquela, o diagnóstico sobre a nosa saúde económica sinalaba a existencia de cinco grandes problemas para un axeitado desenvolvemento de Galicia: a situación xeográfica periférica, cunha deficiente dotación infraestructural; unha poboación avellentada e unha poboación ocupada con limitación de formación e escasa capacidade para innovar; unha estrutura productiva moi dependente do sector primario; unha rede empresarial moi atomizada e un reducido nivel de articulación productiva, tanto interindustrial como entre a industria e os servizos.

Tanto o Plan económico e social (PES) 1993/1996 como o Plan de desenvolvemento rexional (PDR) 1994/1999, así como os acordos sobre medidas de crecemento e emprego asinados cos empresarios e coas forzas sindicais, foron respostas para superar aquela situación inicial. O cambio estrutural acometido pola nosa economía, dada a magnitude da que se partía, ten que seguir a producirse e vai condicionar os resultados económicos que poida acadar Galicia nos próximos exercicios.

O Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia para o período 2000-2006, Pedega, é como a culminación dunha longa traxectoria para a definitiva modernización da nosa economía e para favorecer a súa competitividade nun contexto globalizado. Nel recóllense as actuacións necesarias para facer de Galicia un lugar atractivo para o investimento e a creación de emprego. Como é obvio, non se parte de cero. As señoras e os señores deputados coñecen o importante labor desenvolvido no terreo da promoción económica por parte deste Goberno. Ó longo destes anos, e en paralelo co crecemento dos propios presupostos xerais da Comunidade Autónoma, procedeuse á constitución de diversos instrumentos financeiros de apoio ás empresas. O xurdimento do Igape como Axencia de Desenvolvemento Rexional, con numerosos programas de axuda ós investidores e emprendedores; a creación do Fondo de Investimentos Estratéxicos de Galicia (Inesga); ou a máis recente constitución da Sociedade Xestora de Fondos de Capital Risco (Xesgalicia), foron os chanzos principais na construc-

ción dun sólido edificio dedicado á tarefa promocional.

Tampouco se pode esquecer o peso e a valía da nosa relación financeira con Europa, á cal pertencemos por dereito propio, por vocación e por historia. Dende a incorporación de España á entón Comunidade Europea, no ano 1986, Galicia mellorou o seu índice do PIB per cápita nun 14,55%, ó pasar do 55% naquela data ó 63% no ano 1996. No conxunto de España, este ratio só medrou un 12,75% no mesmo período. As achegas financeiras da Unión Europea incidiron de xeito importante na positiva evolución da nosa economía. De feito, o crecemento nominal da nosa economía no período 1994/1996 reduciríase en cinco puntos, dende o 22,33% ó 17,27%, de non incidir na nosa evolución económica o fluxo de fondos financeiros da Unión Europea.

Señor presidente, señorías, neste momento as achegas comunitarias permítenos albiscar que os principais retos pendentes para instalarnos definitivamente na modernidade económica van ter resposta axeitada. Os 938.875 millóns de pesetas cos que Galicia se vai ver beneficiada no marco de apoio comunitario 2000-2006 servirán para cofinanciar aqueles investimentos estratéxicos que aínda temos que afrontar: tren de alta velocidade, realización de importantes obras hidráulicas e mellora da nosa rede viaria. Isto farase atendendo as prioridades que se establecen no Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia (Pedega), que ten como finalidade última a inserción da nosa Comunidade Autónoma no que chamamos “cohesión económica e social de Europa”. Os grandes fins perseguidos polo Pedega son o aumento do emprego de calidade, tratando de recuperala importancia do emprego como eixo esencial das políticas económicas; a elevación do nivel de vida dos galegos, harmonizando eses niveis entre os distintos segmentos de poboación e entre os diversos espazos territoriais; e asegurar un desenvolvemento sostido da nosa base productiva, o que implica unha estratexia axustada ás posibilidades específicas da nosa terra.

Un plan para o medio rural.

Sabido é que o crecemento económico non é fácil de repartir equilibradamente polo territorio. Galicia non é unha excepción a esta regra. E aínda que as dis-

paridades interterritoriais da nosa comunidade son, por certo, moi inferiores ás existentes na meirande parte das autonomías españolas e rexións europeas, o vixente modelo de desenvolvemento está a configurar en Galicia dous ámbitos territoriais moi distintos:

Por un lado, as áreas en desenvolvemento, concentradas maioritariamente en torno ó eixo atlántico, o principal corredor de desenvolvemento do noroeste ibérico, composto por 70 concellos de orientación neta urbana, que acollen o 57% da nosa poboación en tan só un 13% da superficie. Polo outro, os 245 concellos restantes, de orientación eminentemente rural, que supoñen o 43% da poboación galega no 83% do territorio.

Uns poucos datos amosan a complexa situación diferencial deste segundo grande ámbito espacial respecto do do eixo atlántico. A súa densidade media de poboación é de 46 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 393 da costa. O 29% da poboación ten máis de 65 anos no interior, o 17% no eixo. O sector primario ocupa a un 31% da poboación activa, fronte ó 15% da costa. Entre 1991 e 1998, a poboación dos concellos rurais descendeu a unha taxa media vexetativa do 8%, fronte a un incremento medio do 3% nos concellos do eixo atlántico. Semella claro, pois, que o complexo futuro deste segundo grande ámbito do noso territorio está estreitamente vencellado ó devir das súas propias características rurais, por máis que a total separación entre o urbano e o rural careza, afortunadamente, de sentido en Galicia.

Dado o elevado envellecemento e o baixo índice de reemprazo da poboación vella pola nova, inferior ó 35% nas áreas rurais fronte ó 90% no arco atlántico, a tendencia clara a curto prazo, con horizonte no 2012, indícanos que as densidades da meirande parte dos concellos de Lugo e Ourense estarán situadas por debaixo dos 25 habitantes por quilómetro cadrado. Trátase de decidir, pois, señorías, entre potenciar ó máximo a nosa principal área de aglomeración —o eixo atlántico na costa— ou preservar unha distribución da poboación e da actividade menos concentrada no territorio, como é o caso da situación actual.

Diante deste reto, unha opción sinxela sería deixar que os acontecementos seguisen o seu curso cara ó declive rural. Esta evolución non é, evidentemente, o

modelo que nós temos de actuación para Galicia; moi ó contrario, preocuparse polo medio rural de Galicia é unha prioridade para o noso Goberno, porque se trata de dar resposta ás necesidades de boa parte da base productiva ou ó envellecemento do potencial demográfico, as dimensións espaciais das cales son predominantemente rurais. A medida que os espazos rurais de toda Europa foron sufrindo, antes ou despois, os efectos dun conxunto amplo de causas profundas, instrumentáronse diversos intentos de solución. Estes ensaios xeraron resultados dispares, pero moi pobres en xeral. En moitas ocasións, os motivos desta baixa eficacia radican en que os devanditos programas non impulsaron novas accións nin novos presupostos. Nembargantes, o certo é que non faltaron propostas sobre medidas concretas; máis ben ó contrario, moitas veces os plans animaron a iniciativa pública, e tamén a privada, en negocios e proxectos variados que moitas veces fracasaron.

Os motivos anteriores xustifican que Galicia optara por formular unha estratexia galega para o medio rural, cuns patróns de actuación, en definitiva, en lugar dun novo plan. Trátase dunha estratexia galega, porque xurdiu en Galicia e porque conta con fondos propios, non é agrupar propagandisticamente os que xa estiveron aí, son 30.000 millóns novos que se poñen sobre a mesa para concibi-las solucións factibles que mellor se adapten ás necesidades específicas do medio rural do noso país. A estratexia galega para o medio rural trata, en definitiva, de implica-la propia poboación rural e os seus axentes privados no proceso de rexeneración dos distintos territorios. Trátase, señorías, de que as iniciativas de cada espazo rural singular xurdan dende abaixo e de que sexan os propios axentes locais, integrados en grupos de acción local, os que deseñen e executen os seus proxectos de desenvolvemento empresarial.

Aínda que a fronte crítica da estratexia é mobilizar a iniciativa local, non se pode deixar pasa-la oportunidade de atender directamente vellos problemas do noso medio rural. Neste segundo ámbito das actuacións dos axentes públicos, a estratexia marca un amplo programa de traballo para os próximos anos, coherente coa natureza polifacética e longo alcance do problema. Trátase de actuacións en terreos tan diversos como a elevación da estima social polo medio rural; o renovamento da poboación; a mellora dos equi-

pamentos rurais; as dotacións de infraestruturas viarias, de telecomunicacións e da sociedade da información; a potenciación das actividades fundamentais do medio rural galego e da diversificación de actividades, entre outras moitas. Non obstante, as actuacións máis salientables da segunda fronte de prioridades da estratexia deseñáronse para facer fronte ós problemas seculares do medio rural galego, que seguen a deixar ociosa unha boa parte do potencial productivo da nosa comunidade.

Por estes motivos, a estratexia contempla tamén un ambicioso programa de traballo a medio prazo, dirixido a modernizar, co consenso dos axentes sociais e das forzas políticas, o marco xurídico vencellado a procesos de alta incidencia no desenvolvemento rural, como a nova Lei de concentración parcelaria, á que me referirei máis adiante polo miúdo, que promova un uso moderno e eficiente de tan importante instrumento para Galicia; modificacións parciais na Lei do solo que impidan un uso urbanístico desproporcionado do medio rural e a dispersión extrema do noso sistema de poboamento; unha lei de mobilización de terras agrarias e unha nova lei sobre montes veciñais en man común que permita aumentala actual contribución do monte ó desenvolvemento rural.

Para facer realidade as directrices e prioridades marcadas na estratexia galega para o medio rural, os presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do 2001 e a súa correspondente Lei de acompañamento contemplarán o financiamento e a normativa reguladora dos instrumentos responsables de mobilizar e facer visible a estratexia mencionada. Para iso contamos co Fondo Galego de Desenvolvemento Rural, constituído por 30.000 millóns de pesetas de recursos propios adicionais que se van aplicar nas zonas beneficiarias da estratexia, os 245 concellos situados fóra do eixo atlántico, durante o período 2001-2006; e coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, un novo organismo autónomo no que participarán tódalas dependencias da Xunta, que será responsable da execución da estratexia da súa coordinación coas actuacións xa en marcha das diversas consellerías, deputacións, concellos e axentes que inciden no medio rural. Esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vai ser creada na Lei de acompañamento dos presupostos, e as restantes actuacións lexislativas serán abordadas ó longo da futura

lexislatura.

Avanzar no modelo do financiamento autonómico.

Chegados a este punto, é lóxico abordar cál deberá se-lo futuro modelo de financiamento das comunidades autónomas. Galicia vén traballando, silenciosa pero teimosamente, na consolidación dun modelo estable que peche o contido do actualmente en vigor. Queremos avanzar na liña do xa existente. Así, cómpre dicir que o sistema vixente se comportou dun xeito moi favorable para os nosos intereses financeiros. Baste con lembrar que no exercicio do 2000 a participación de Galicia nos ingresos do Estado medrou nun 8% e que o comportamento dos ITAE (ingresos tributarios máis cotas da Seguridade Social) foi bo, e o funcionamento das garantías permitiu presupostar máis de 16.000 millóns de pesetas en comparación co anterior modelo.

O modelo, pois, foi claramente favorable á nosa terra, tanto dende o punto de vista da suficiencia como da autonomía e da solidariedade, o que se vai corroborar tamén nas cifras orzamentarias dos próximos presupostos xerais para o ano 2001.

Pero é preciso avanzar máis, para iso esperamos na próxima negociación:

Amplia-la nómina de tributos compartidos, incluíndo a fase minorista do imposto sobre o valor engadido (IVE), sen que se descarte a posibilidade de reforma-los impostos especiais para introducir un gravame na súa fase minorista que puidera ser compartido coas comunidades autónomas.

Artellar mecanismos de nivelación, superando o criterio estatístico do número de habitantes, baseados tanto no nivel de renda como naqueles factores que incidan nos custos de prestación dos servizos públicos: idade media da poboación, distribución desta no territorio, etc. A solidariedade é unha realidade constitucional, e o noso criterio de equidade pasa pola posta en marcha dun principio básico: a igual esforzo fiscal, tódolos cidadáns teñen que te-lo mesmo nivel de prestación de bens e servizos.

Entendemos, por último, que un sistema de tributos compartidos se ten que encamiñar a ser xestionado por unha administración tributaria única, pero descen-

tralizada e independente. Este modelo de tributos compartidos encaixa perfectamente no deseño constitucional. Calquera outra iniciativa non deixaría de ser unha aventura con escasas probabilidades de éxito. Na súa configuración actual, o sistema de *cupo*, ou concerto —unha singularidade constitucional—, non é xeneralizable. Tampouco o sería o modelo de pacto fiscal do que falan algúns.

Pecha-lo sistema de financiamento autonómico pasa, repito, polo escrupuloso cumprimento do artigo 138.2 da Constitución, ou sexa, que as diferencias estatutarias existentes entre as comunidades non poidan ser causa de privilexios económicos ou sociais. Queremos un sistema de tributos compartidos xeneralizado, xunto a mecanismos de nivelación que tomen en conta as singularidades relevantes da nosa comunidade. E de ningunha maneira compartimos propostas de corte confederal, que non teñen cabida na Constitución e que, ademais, suporían un grave risco para os nosos intereses colectivos.

Maior promoción do emprego.

Como xa se sinalou, Galicia continúa nunha tendencia laboral claramente favorable, caracterizada neste último ano por un aumento da súa poboación activa, dos seus ocupados, dos afiliados ó sistema público de Seguridade Social, e por un descenso sistemático do número de desempregados. A realidade laboral caracterízase ademais por unha moi baixa conflictividade e, no caso das políticas de promoción do emprego, é salientable un alto grao de consenso entre Xunta, sindicatos e empresarios nas actuacións e medidas que se pensan poñer en marcha.

Os obxectivos compartidos de crecemento do emprego e dunha maior estabilidade mantéñense plenamente vixentes e existe unha clara vontade política de seguir traballando cara a eles dende unha posición de concerto e diálogo social. Como queira que esta situación non parece conxuntural, senón a base mesma do progreso e do desenvolvemento futuro, cómpre prestarlle atención ó concepto de adaptabilidade como valor estratéxico das empresas, e, por extensión, dos traballadores e da sociedade galega.

O reto da adaptabilidade atinxe, en primeiro lugar, ós propios cidadáns, e implica unha maior dispoñibilidade cara ó cambio. En segundo termo, vencella os

interlocutores sociais para que sexan capaces de atender-lo interese da empresa, concibida como comunidade de bens de cantos participan nela en calquera posto. E, en terceiro lugar, e simultaneamente, obriga os poderes públicos sen excepción a dirixi-las súas actuacións cara á concorrencia dos sectores productivos xeradores de riqueza e emprego, incluíndo o seu apoio naqueles aspectos directamente relacionados coa capacidade de adaptación: refírome á innovación, investigación e desenvolvemento, á formación continua e á apertura de novos mercados.

Levados ó ámbito das políticas de promoción de emprego, nun contexto de forte crecemento económico e de ocupación, estes principios sitúannos na perspectiva dun mellor axuste entre a demanda e a oferta de traballo. Dito noutras verbas, o desemprego actual está condicionado, máis que por unha incapacidade de crear emprego polas nosas empresas, por unha falla de adaptabilidade da demanda, o que comeza a provocar dificultades para atopar traballadores. Sectores intensivos en man de obra, como a construción e certos subsectores industriais, ofertan emprego non cuberto por falla de dispoñibilidade.

O Goberno da Xunta está comprometido na supe-ración destes desaxustes. Do lado da oferta de emprego estase a traballar cos sectores máis afectados, facilitándolles apoio no axuste da cualificación a través de programas de formación “á carta”, sempre que exista un previo compromiso de contratación polas empresas interesadas. Ademais, estase a desenvolver un sistema de análise prospectiva de cada familia profesional, tentando anticipa-las necesidades de cualificación que terán as empresas no medio prazo. Ó lado da demanda de emprego incrementouse a oferta de formación profesional e artellouse un amplo programa de orientación profesional para que os demandantes saiban en cada momento cál é a oferta de emprego dispoñible e cáles as súas tendencias, de tal xeito que poidan obrar en consecuencia. Sen embargo, a inadaptabilidade é aínda un serio obstáculo no caso dos colectivos con máis dificultades no acceso ó emprego, polo que será necesario un novo esforzo na definición de programas de política activa específicos, definidos en función dos destinatarios concretos. Citarei catro exemplos nesta liña para ilustra-la aposta do Goberno por mellora-la eficacia das políticas de axuste da demanda e da oferta de emprego dispoñible.

No caso dos maiores de 45 anos, e despois da posta en marcha do programa de renda activa e dos obradoiros de emprego, estanse a experimentar itinerarios de inserción individualizados baixo a tutela dun orientador profesional.

Segundo. As persoas desempregadas con algunha discapacidade reciben unha atención específica a través da colaboración do Servicio Público de Empleo da Xunta coas organizacións sociais máis representativas neste ámbito, nun modelo de xestión pioneiro en España que vencella a atención social coas axudas técnicas de mellora da empregabilidade.

Terceiro. Os demandantes de emprego en risco de exclusión social, en particular os perceptores da risga, beneficiaríanse dun programa xestionado coordinadamente por técnicos do Servicio Público de Empleo e da rede de servizos sociais.

Finalmente, os titulados universitarios comezan a ser un grupo social afectado polo desaxuste coas ofertas de emprego que xera o sistema productivo. Certos aspectos deste desaxuste pensamos que poden atallarse proporcionándolles unha primeira experiencia profesional que os achegue ó mundo do traballo. O paso da vida académica á vida laboral segue sendo difícil para moitos dos xoves que rematan os seus estudos —estamos falando xa de case 100.000 estudantes universitarios, que non é cousa pequena para o noso desenvolvemento—, e, moi en particular, para aqueles que proceden do ámbito universitario. É vontade manifesta da Xunta de Galicia, que nestes últimos dous anos xa puxo en marcha unha acción específica para fomenta-los contratos en prácticas de titulados durante un mínimo de doce meses, dar un impulso decidido durante o presente ano ás políticas dirixidas a romper co círculo vicioso que a carencia de experiencia laboral ocasiona ós xoves que buscan o seu primeiro emprego. De feito, o Goberno galego dará un paso adiante na concepción tradicional das prácticas profesionais dos universitarios, tentando garanti-la posibilidade de acceder a unha contratación en réxime de prácticas laborais, convencidos de que este é o mellor modelo de aproximación ó mercado de traballo real para os xoves. Neste contexto, a Xunta comprométese a solicita-la colaboración das entidades directamente implicadas no proxecto, universidades e asociacións empresariais, así como outros organismos involucra-

dos no progreso social e económico de Galicia.

Para evita-lo desaxuste na cualificación dos universitarios, e relacionado co dominio das novas tecnoloxías, deseñouse un novo programa dirixido á reciclaxe de titulados no ámbito da informática, un dos grandes sectores de futuro. Creouse tamén, este ano, unha liña de apoio ós novos emprendedores en proxectos de empresa de base tecnolóxica, e puxéronse en marcha as oficinas integradas de servizos á xuventude nos campus universitarios. Neste sentido, as novas oportunidades de emprego, e dun xeito xenérico as ocupacións relacionadas coa nova economía, son aínda un territorio pouco aproveitado. Galicia ofrece condicións inmejorables para un pleno desenvolvemento da nova economía, especialmente no seu aspecto de creación de coñecementos e contidos, apostando pola maior xeración de valor engadido. Os chamados “novos xacementos de emprego” contan xa con incentivos específicos dentro do desenvolvemento local, pero deben ser aínda unha fonte de novos empregos nos vindeiros anos.

Pode afirmarse que a sociedade moderna demanda unha maior flexibilidade no traballo. As empresas xa non son as únicas que ambicionan fórmulas de utilización flexible do tempo de traballo; tamén un número cada vez maior de traballadores buscan combina-la súa actividade laboral con outras aspiracións sociais distintas; demandas sociais que teñen no contrato a tempo parcial a súa mellor solución. O Goberno galego que me honro en presidir está disposto a elevar ás instancias oportunas, e en especial ó Goberno nacional, as propostas que partan dos actores sociais da Comunidade Autónoma, para promover deste xeito as reformas legais que se estimen oportunas no intento de conciliar á vez os intereses de empresarios e traballadores.

Pero non é preciso esperar a unha nova regulación do contrato a tempo parcial. Os axentes sociais teñen na negociación colectiva un instrumento idóneo para mellora-las condicións de utilización do tempo parcial como alternativa de ocupación laboral, coa virtude adicional de poder atende-las singularidades estruturais dos sectores productivos concretos ou mesmo das empresas. É, polo tanto, unha boa oportunidade para supera-la visión tradicional da negociación colectiva e conceder ós convenios o valor que lles pode corres-

ponder como marco regulador da relación laboral en tódalas súas facetas. O Goberno autónomo implicárase de forma directa apostando decididamente por este proceso de flexibilización do traballo, dentro do seu ámbito competencial, potenciando os incentivos económicos previstos para este tipo de contratos ó abeiro dos programas de políticas activas de emprego, sempre que xurdan de pactos voluntarios entre empresarios e traballadores.

Renovación industrial e comercial.

A Xunta de Galicia, polo que á área de comercio se refire, e dentro do seu programa de obxectivos principais, está a acomete-las actuacións necesarias para modernizar e ordena-lo comercio interior, racionaliza-las actividades feirais e impulsa-la internacionalización das peme galegas. A través da Consellería de Industria e Comercio elaborouse un plan de renovación comercial cos obxectivos prioritarios de incrementa-la competitividade da pequena e mediana empresa e a modernización das estruturas comerciais. Neste sentido, tódalas actuacións para o ano 2000 véñense concretando nos seguintes aspectos:

Axudas ós concellos galegos para a mellora dos equipamentos comerciais considerados de uso colectivo e de carácter social.

Continuación das obras de construción dos distintos recintos feirais de Galicia, tendo en conta a eficacia dos certames feirais e manifestacións afíns como instrumentos básicos de promoción e dinamización.

Axudas ós establecementos, en colaboración co Igape, para a potenciación do comercio minorista. Así mesmo, apoio á promoción do referido comercio minorista, en colaboración coas diversas asociacións e colectivos e coa Federación Galega de Comercio.

Axudas ás Federacións e Asociacións da Comunidade Autónoma para actuacións de distribución, loxística e promoción comercial das peme que as conforman.

No ámbito da internacionalización da empresa galega o obxectivo fundamental é a promoción e o apoio de actuacións para que as nosas empresas poidan enfrontarse con éxito ás ofensivas mundiais, con-

solidando os mercados existentes e buscando outros novos, abrindo canles de distribución, así como a colaboración para unha maior diversificación sectorial das exportacións.

É esta unha política instrumentalizada nos seguintes programas:

Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga), concertado entre a Xunta de Galicia e as cámaras de comercio do noso país. Vén funcionando dende 1992 e consolidouse como unha ferramenta dinámica e eficaz na expansión empresarial, favorecendo a presenza dos nosos produtos nos mercados exteriores. Hoxe somos unha economía totalmente aberta ó exterior e que figura como devanceira na proporción de cobertura das importacións polas exportacións.

Plan de iniciación á promoción exterior, ou PIPE 2000, froito do esforzo de coordinación e actuación conxunta da Consellería de Industria e Comercio, o Instituto Español de Comercio Exterior, o Consello Superior de Cámaras e as Cámaras de Comercio de Galicia. Este proxecto consiste no deseño e execución individualizada, específica, estratéxica, das nosas peme que non exportaron nunca ou que o fixeron de forma ocasional.

Reforma dos servizos administrativos.

En materia de reforma administrativa, unha actuación fundamental levada a cabo pola Xunta de Galicia consistiu na implantación do Programa de avaliación do rendemento, regulamentado polo artigo 63 bis) da Lei da función pública galega. Esta moderna técnica de xestión é considerada pola OCDE como “a clave de bóveda dunha administración orientada a resultados”, e polo profesor Dror, no seu informe do Club de Roma sobre a capacidade de gobernar, “como un instrumento esencial para fortalece-la racionalidade dos estados”.

O sistema constitúe unha completísima fonte de información da estrutura e funcionamento de toda a organización, xa que permite coñecer de forma obxectiva e sistematizada, a través de indicadores, a actividade e o custo das 750 unidades administrativas a través das que a Xunta executa as súas competencias e nas que prestan os seus servizos 17.500 emrega-

dos públicos (é obvio que está excluído o persoal docente e sanitario). A finais deste ano concluirá o Programa de avaliación e rendemento que lle permitirá á Administración galega —por certo, a primeira do Estado das autonomía en aplicalo— unha avaliación permanente da súa actividade e unha valoración moito máis axustada dos resultados.

Novo impulso á comarcalización.

Unha das políticas innovadoras que emprendeu o Goberno da Xunta foi a posta en marcha dun modelo de comarcalización para Galicia que tiña como principal obxectivo reforza-la identidade comarcal e propiciar instrumentos para fortalece-la súa cohesión interna.

Nunha primeira fase, definíronse os obxectivos, puxéronse en marcha os instrumentos e aprobouse o mapa comarcal de Galicia, ó tempo que se iniciou o traballo nas comarcas piloto.

Na segunda etapa, o Plan de comarcalización centrouse na extensión dos instrumentos a un número considerable de comarcas —xa son trinta na actualidade nas que se está traballando, que cobren o 58,68% do territorio e inclúen un 36,26% da poboación— nas que a aplicación do Plan se fai sempre a petición dos propios concellos. O Plan de desenvolvemento comarcal céntrase na posta en marcha efectiva dos instrumentos previstos (os plans comarcais, as fundacións comarcais, os centros comarcais e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal) e na implantación en cada territorio dunha rede de desenvolvemento local baseada na cooperación do sector público co sector privado.

Este modelo mereceu —e segue a merecer— a atención de numerosas organizacións internacionais e doutras comunidades de España, configurándose como un dos ámbitos nos que Galicia está servindo de exemplo innovador.

Unha vez implantada a etapa de desenvolvemento local, o ano 2001 vai supor un paso adiante co inicio dunha terceira fase, na cal o modelo de comarcalización se enfronta a unha nova andaina na que pretendemos axudar a dar resposta ós desafíos da globalización dende o ámbito comarcal. Esta fase vaise centrar na aplicación das oportunidades que as novas tecnolo-

xías ofrecen para a promoción e a comercialización dos recursos de cada comarca. Así, mediante accións formativas específicas para o uso das novas tecnoloxías por parte dos pequenos produtores, artesáns e microempresas en xeral, aproveitaranse ó máximo as oportunidades que teñen os territorios para inserirse nunha economía internacional.

Acceso á vivenda para todos.

Galicia segue sendo a comunidade española na que é máis doado acceder a unha vivenda. Levamos unha década nesa situación e as cousas non van cambiar, e, se o fan, será para mellor.

As actuacións en materia de solo residencial que está a executa-lo Instituto Galego da Vivenda e Solo nas sete grandes cidades do país comezan a da-los seus froitos. Neste ano que andamos haberá importantes actuacións no mercado da vivenda alí onde máis se precisa: nas áreas urbanas. Galicia tamén está entre as comunidades que maior esforzo realizan para que os máis desfavorecidos cheguen a unha vivenda digna. Aí están os nosos programas de promoción pública, as subvencións para adquisición de vivendas de protección oficial, a rehabilitación rural, a erradicación do chabolismo e da infravivenda..., todos eles programas e axudas financiados exclusivamente con fondos da Xunta, ós que hai que suma-las subvencións convocadas polo Ministerio de Fomento no seu Plan de vivenda. Nembargantes, a Xunta nunca actuou como unha simple correa de transmisión das axudas estatais, senón que segue comprometendo importantes fondos autonómicos en materia de vivenda. E a mellor proba do acertado desta política é que hai varias comunidades que están a segui-lo modelo galego.

O ferrocarril: a nosa conexión con Europa.

Lograda unha óptima comunicación por estrada, singularizada na construción das autovías de conexión coa Meseta e no acondicionamento da nosa rede interior de estradas, cuns portos e aeroportos notablemente mellorados e ben preparados para satisfacer a demanda actual, afrontamos agora a modernización integral do ferrocarril; un medio de transporte relegado na súa eficacia e posibilidades a causa da falta de modernización das súas infraestruturas.

Dende a entrada en servicio do último tramo da liña Renfe na nosa comunidade —O Carballiño/Santiago en 1958— transcorreron practicamente corenta anos sen que se decidiran para Galicia un conxunto importante de investimentos que acometeran a adaptación do sistema ferroviario e a súa modernización. Esta situación comezou a cambiar coa sinatura de dous convenios no ano 1998, un deles con Renfe e outro co Ministerio de Fomento, para iniciar o que se cualificou como a primeira fase da modernización da rede interior ferroviaria de Galicia. Agora, damos un paso máis no que vai supoñer unha auténtica remodelación integral da rede ferroviaria galega, tanto nas súas comunicacións internas como na conexión cara ó exterior, proporcionándolle ó ferrocarril a infraestrutura e o equipamento necesarios para convertelo nun medio alternativo e competidor coa estrada e mesmo co transporte aéreo.

Gracias ás medidas acordadas conseguiremos unha rede interior moito máis rápida e operativa, entrelazada cunha conexión de alta velocidade cara ó exterior, que fará posible, no horizonte do ano 2007, facelo traxecto dende calquera cidade de Galicia a Madrid nun tempo máximo de 3 horas e cincuenta minutos. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Para conseguir estes tempos —sigan rindo, tamén se riron doutras afirmacións anteriores, do das autovías, etc.— a rede galega cara ó exterior contará coas especificacións técnicas de interoperabilidade na súa infraestrutura e no material rodante, propias da alta velocidade, polo que para tódolos efectos se vai considerar, de acordo coa Directiva europea 96/48, do 23 de xullo, como unha liña de alta velocidade, con ancho internacional e electrificación en todo o seu percorrido.

Se as autovías de conexión coa Meseta foron consideradas unha das obras civís máis importantes dos últimos tempos, cun investimento aproximado de 400.000 millóns de pesetas dende Benavente, pódese afirmar que o acceso a Galicia dende Madrid en alta velocidade ferroviaria superará esta cifra, chegando a preto dun billón de pesetas.

Xunto coa mellora da rede cara ó exterior vaise acometer a reforma do conxunto da nosa rede interior, cun investimento estimado duns 120.000 millóns de pesetas en dous dos corredores da rede galega (Ourense-Lugo-Betanzos e Vigo-A Coruña), incorpo-

rando as actuacións xa iniciadas e planificadas —froito dos convenios con Renfe e o Ministerio de Fomento— e incluíndo outras como un novo tramo de conexión entre Curtis e Ordes que permitirá integra-la liña Monforte/Lugo/A Coruña no eixe atlántico. Hai que ter en conta que se acometerá, ademais, unha renovación integral dos corredores Ourense-Santiago e Ourense-Vigo con proxectos de alta velocidade e cun investimento de 290.000 millóns de pesetas, que, sumados ós 120.000 millóns dos corredores citados anteriormente, acadan unha cifra total de 410.000 millóns de pesetas —convén recordalo nesta Cámara—, cantidade moi superior á acordada no dictame parlamentario, que ascendía a 170.000 millóns de pesetas.

Esta planificación integral para o ferrocarril galego supón unha concepción superadora de localismos estériles, ó asegura-la interoperabilidade en todo o territorio da nosa comunidade, e o remate das disquisicións terminolóxicas sobre a tipoloxía da infraestrutura futura do noso ferrocarril cara ó exterior, equiparándose ós requisitos da alta velocidade definidos na normativa estatal e europea.

As importantísimas obras que se van realizar en Galicia —e que pronto van comezar— van supoñer un notable incremento das nosas infraestruturas básicas do transporte, conseguindo a nosa conexión coas redes ferroviarias transeuropeas e un avance indispensable cara á intermodalidade, o desenvolvemento sostido e o incremento dos índices de integración territorial, competitividade e benestar cidadán.

Ata hoxe lévanse investidos máis de 20.000 millóns de pesetas na rede convencional interior, e xa existe un acordo co Ministerio de Fomento para asinar proximamente un documento marco de modernización da estrutura ferroviaria galega. Para isto, a Xunta de Galicia acordou demandar do Ministerio de Fomento que nos presupostos xerais do Estado para o próximo ano se consignase unha partida suficiente para poder iniciar, dentro do territorio galego, as obras do tren de alta velocidade, coa finalidade de simultanea-las actuacións das dúas cabeceiras, Madrid e Galicia —e xa foi ben acollida—. Desta maneira, as cidades galegas irán obtendo, de xeito paulatino, os beneficios sociais e económicos que reporta o ferrocarril.

As demandas galegas tiveron acollida —repito— moi favorable por parte da Administración central, e así podemos anunciar que a principios do próximo ano se iniciarán as obras do tren de alta velocidade —algúns distinguen entre rede interior e rede exterior, non é así; (*Risos nos escanos do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego*) é alta velocidade no corredor Santiago-A Coruña, nos tramos Santiago-Oroso e Oroso-Ordes—.

Conexión con Portugal.

Dende a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación da Região Norte de Portugal impulsouse a solicitude de fondos RDB comunitarios para a realización dunha asistencia técnica que estudie a viabilidade das obras necesarias para a modernización integral do corredor ferroviario Vigo-Porto. A solicitude formal do devandito estudio foi presentada perante a dirección xeral correspondente da Unión Europea, que acordou a súa autorización por un importe total de 1 millón de euros, dos que o 50% serían asumidos polos fondos comunitarios e a outra metade, a partes iguais, entre a Xunta de Galicia e Portugal. Este estudio xa foi adxudicado e estará listo nos próximos meses, e dentro de poucas semanas recibíremo-la visita do señor ministro de Planeamento portugués, o ministro Coelho.

No pasado mes de agosto a Xunta de Galicia presentoulle á vicepresidencia da Comisión Europea responsable das Relacións co Parlamento Europeo para Transportes e Enerxía un informe detallado sobre o futuro do ferrocarril en Galicia e a necesidade de vías de financiamento para a equiparación da rede galega co resto das liñas europeas e españolas. Este informe foi moi ben acollido por dona Loyola de Palacio —grande amiga de Galicia, onde pasa o seu veraneo... (*Murmurios.*) (*Risos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.*) ¡Outra risa!—, que se comprometeu a reitera-las peticións do Goberno galego —algúns naceron para caricatos, non para deputados—. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*)

Resumindo, señoras e señores deputados, ata aquí o meu informe sobre a modernización da nosa rede ferroviaria. Tódolos presentes sabemos que o ferroca-

rril en Galicia conserva un trazado do século pasado, con infraestruturas e equipamentos que hoxe resultan obsoletos. Tamén é certo que o ferrocarril chegou tarde a Galicia. Moitos foron os que se manifestaron durante o último tercio do XIX e os principios do XX reclamando que os camiños de ferro e as locomotoras trouxeran o ansiado progreso do que a nosa terra estaba tan necesitada. De entre tódolos que, dunha maneira ou doutra, fixeron referencia ó asunto, ninguén mellor que a voz civil de Manuel Curros Enríquez, que no ano 1881, e con motivo da inauguración da vía ó seu paso por Ourense, comparaba a locomotora cunha “Nosa Señora de ferro” e animaba a todos a ir vela e saudala, porque: “por onde ela pasa/ fecunda os terreos,/ espertan os homes,/ florecen os eidos”. Fermosos versos do grande Curros Enríquez con plena vixencia na Galicia do século XXI, que deben animarnos á unidade, deixando de lado as rivalidades políticas e localistas, pois a mellora e modernización do ferrocarril é unha empresa que compromete a tódolos galegos.

Estradas.

A punto de culmina-las actuacións do Plan de estradas 1991-2000 —que non será o derradeiro— podemos afirmar que toda a nosa rede viaria mellorou substancialmente. Comezamos agora unha segunda etapa que, por unha banda, terá como obxectivo alcaza-la interconexión de tódalas cidades galegas con vías de alta capacidade e co Cantábrico, e na que se enmarca o comezo, a finais deste ano, das obras da autoestrada Santiago-Ourense no tramo Dozón-Ourense.

Para este fin, a Xunta de Galicia xa lle achegou ó Ministerio de Fomento o proxecto de trazado, acordándose a sinatura dun acordo no que a Xunta está disposta a achegar 5.000 millóns de pesetas dun total estimado en 25.000 millóns, a semellanza do que xa fixera no anterior tramo Santiago-Dozón (10.000 millóns por un total de 49.000 millóns de pesetas).

Por outra banda, sen esquecermos da rede secundaria, continúaase mellorando a accesibilidade de todo o territorio con conexións de alta capacidade, estruturándose as redes metropolitanas e aumentando a permeabilidade entre Galicia e Portugal despois das novas pontes de Tui, das de Salvaterra-Monção, da de Arbo-Melgaço e da de Vilanova de Cerveira e Goián,

a punto de iniciarse.

Deste xeito quedará completado o acceso central de Galicia en alta velocidade, configurando unha saída directa da capital galega cara á Meseta e unha vía cómoda e rápida dende Ourense e o centro de Galicia cara a Compostela e o eixe atlántico, e, naturalmente, as vías do sur, vía Portugal.

Portos.

En materia de portos, a Xunta de Galicia concentra os seus esforzos na execución de obras de infraestrutura xeral de abrigo e atraque, mellorando as condicións de abrigo dos portos, aumentando a súa capacidade e produtividade mediante a execución de novos peiraos, pantaláns aboiantes para pequenas embarcacións e melloras no calado das dársenas. Ó mesmo tempo, continúa a execución das obras destinadas á mellora das condicións de traballo nos portos, dotándoos dunha mellor ordenación e dun maior número de servizos para os usuarios, coa construción de novas instalacións que favorecen a comercialización dos produtos.

No apartado transcendental de instalacións náutico-turísticas, a Xunta de Galicia continúa co Plan de instalacións —por certo, cada vez con máis participación da iniciativa privada—, aumentando o número de amarres e de infraestruturas dedicadas á navegación de recreo e deportes náuticos, mellorando as actuais e facilitando a práctica destas actividades nos portos galegos. Temos nas rías un recurso turístico único e hai que aproveitalo.

Estase tamén a ordenar e a urbaniza-la zona de contacto entre os portos e os núcleos urbanos nos que se localizan, mediante a construción de novos accesos e enlaces cos portos, evitando o paso de mercados rías polos núcleos urbanos e facilitando as tarefas portuarias.

Pola conservación da natureza.

Galicia é un país que posúe unha gran variedade de ecosistemas e unha excepcional calidade paisaxística. Na natureza galega destaca unha alta biodiversidade como consecuencia do clima, a topografía, o solo, a vexetación e a condición marítima tan peculiar do noso territorio.

A rede de espazos naturais de Galicia comprende 6 parques naturais, 4 monumentos naturais, 5 zonas húmidas de importancia internacional incluídas no Convenio de Ramsar e, en réxime de protección xeral, 53 espazos propostos pola Xunta de Galicia para integrarse na Rede Natura 2000 europea. Ademais, estase a tramita-la declaración do parque nacional das illas atlánticas. O conxunto de 325.000 hectáreas, ó que a Administración autónoma está dando un novo enfoque na súa xestión e administración en liña coas iniciativas da Unión Europea e cos movementos ecolóxicos internacionais, é o resultado destas accións.

Esta valoración de territorio protexido de distintos xeitos require unha maior sensibilidade social e novos deseños de desenvolvemento na dirección da política xeral que regula os fondos estruturais e de cohesión da Unión Europea. Neste senso cómpre salienta-la elaboración —como dicíamos— dun Plan de desenvolvemento rural de carácter multifuncional que recolle as novas posibilidades que a natureza e a súa biodiversidade ofrecen ó futuro das dúas terceiras partes do territorio galego.

Os visitantes ós parques naturais de Galicia no ano 1999 foron xa máis de 600.000 persoas. Para canalizar esta nova modalidade de turismo verde que hoxe se promove en tantos concellos de Galicia con sendeirismo, rutas de a cabalo, etc., a Xunta de Galicia acometeu xa unha serie de infraestruturas de recepción e de interpretación de espazos naturais protexidos. Nesta dirección é necesario que continuemos coa política de afronta-la recuperación das especies máis representativas da natureza galega; é o caso da pita do monte, do salmón, do arao, do oso e dalgunha das aves de presa como a aguia real e o bufo.

A caza e a pesca fluvial son en Galicia actividades con gran tradición popular e de moita actualidade. Por todo o noso territorio proliferan os colectivos de pescadores e cazadores, que orixinaron no ano 1999 a expedición de 75.000 licencias —non regaladas, como en certo tempo— só para a caza, e a existencia de 799 coutos, cunha superficie de 2.546.444 hectáreas. En canto á pesca fluvial, o número de permisos expedidos o pasado ano foi de 122.585, dispoñendo a nosa comunidade de 133 coutos pesqueiros, cunha lonxitude de 919 quilómetros. No relativo a repoboacións piscícolas cómpre destaca-la solta nos ríos galegos de

máis de dous millóns de alevíns de troita, 48.000 de reo e 157.000 pre-esguíns de salmón.

Coa entrada en vigor da nova Lei de caza de Galicia preténdese amplia-la superficie media dos novos Tecor, que están a funcionar a pesar das dificultades do noso medio minifundista. Así, poderán seguir ofrecendo xornadas de caza ás sociedades locais, pero simultaneamente haberá unha oferta de permisos para cazadores foráneos, o que supón un importante ingreso nestas áreas. Na actualidade estanse creando superficies superiores ás 30.000 hectáreas na zona de Monforte de Lemos, A Gudiña e Chandrexa de Queixa, que son áreas de media montaña con boas posibilidades de fomento da caza maior.

Plan de xestión de residuos sólidos urbanos.

Coa posta en marcha, a través de Sogama, do Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, a nosa comunidade sitúase na vangarda das rexións europeas —así foi recoñecido pola Unión Europea— no que se refire ó tratamento de residuos urbanos, mediante a aplicación dun sistema global, eficaz e respectuoso co medio ambiente.

Estase agora estudando por parte da Xunta a conveniencia de dar un paso máis na xestión dos residuos sólidos urbanos, culminando o proceso coa inclusión do retorno ó proceso productivo das materias primas provenientes da reciclaxe e da selección en orixe. Sobre a idea xa está elaborado un proxecto de creación dun parque de reciclaxe, e en preestudio unha segunda instalación no sur de Galicia.

Trátase de continua-lo seguinte elo da cadea; isto é, a reinserción na sociedade das materias primas provenientes da reciclaxe e selección en orixe, potenciando a elaboración de novos produtos útiles. Deste xeito, complementarase a fórmula da xestión integral dos residuos coa da promoción integral de produtos elaborados a partir dos materiais recuperados. Así, o parque de reciclaxe concíbese como un espazo que agrupe as actividades e industrias de reciclado en Galicia, téndose moi en conta as iniciativas de xoves empresarios que queiran dedicarse a esta área, complementándoa con outras de investigación, desenvolvemento e difusión cara á sociedade.

Unha das consecuencias máis importantes do Plan

de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia é o progresivo peche de vertedoiros espallados polo noso territorio, convertidos antes en focos de contaminación e —hai que dicilo— que daba unha imaxe ben “porca” do noso país. En pouco máis de dous anos —dende a creación da Consellería de Medio Ambiente— pecháronse xa oito vertedoiros de residuos sólidos urbanos, dentro dun programa que prevé a clausura definitiva, ata o ano 2005, de máis de 200 vertedoiros, cun investimento total de 12.700 millóns de pesetas.

Igualmente se está procedendo á eliminación sistemática de puntos de vertido incontrolado, pechándose dende 1998 ata hoxe uns 324, cun investimento que ascende a 315 millóns de pesetas.

Ó mesmo tempo, estanse construíndo plantas de tratamento de residuos voluminosos da construción e outros residuos urbanos, que requiren un tratamento específico distinto do xeral, e a necesidade dos cales —como ocorreu tamén coa cuncha do mexillón, os pneumáticos e outros residuos— se vai constatando a medida que se pechan os vertedoiros incontrolados.

Así séguese a traballar na creación de “puntos limpos” para residuos especiais. A finais de 2000 contaremos con 9 máis, dun total de 55 previstos ata o ano 2005. Nese mesmo período construíranse infraestruturas para o depósito controlado de residuos de construción e demolición, cun investimento total de 2.300 millóns de pesetas para 46 actuacións, das que neste ano estarán cinco delas en marcha.

En canto ós residuos industriais e perigosos —onde somos realmente pioneiros— a planta de Sogarisa, nas Somozas, tratou en 1999 84.197 toneladas deste tipo de residuos, catro veces máis que no ano 1996. Esta evolución crecente anímanos a programa-la instalación dunha planta semellante no sur de Galicia para transforma-los residuos perigosos desa área.

Aumento da industria forestal.

O último *Inventario forestal nacional* (1987-1998) publicado en Madrid proporciónanos unha información extraordinariamente positiva da evolución do monte galego, tanto en extensión superficial, 379.350 hectáreas de avance —quere dicir case 400.000 hectáreas máis de monte en Galicia—, como en existen-

cias, 44,85 millóns de metros cúbicos de madeira, e en crecemento 3 millóns de metros cúbicos ó ano.

Estes datos bríndannos unha ampla base para establecer novas liñas nesta materia, sobre todo en relación coas demandas da industria forestal galega, que é unha gran consumidora de piñeiro, eucalipto e, en menor medida, de frondosas como o carballo, bidueiro e castiñeiro, entre outros, que tamén están a aumentar.

Pero o monte non é só produtor de madeira, é un espacio onde se desenvolven actividades múltiples: caza, gandería, recreo, recollida de leña, froitas e fungos, e onde se emprazan infraestruturas enerxéticas, das telecomunicacións e incluso xa urbanizacións de vivendas e outros servizos.

É necesario, pois, ordena-lo noso monte e consolidalo papel dos seus titulares, sexan estes públicos, privados ou veciñais. A ordenación pasa por unha autoridade administrativa única que, atendendo a intereses e obxectivos lexítimos e diferentes, xestione o monte sen decisións contradictorias e sen desavizas, que moitas veces son a causa dos incendios forestais.

Por outro lado, na revisión do Plan forestal de Galicia de 1992 imos considerar: a concentración de montes e mellora da estrutura forestal; a ordenación de usos do monte; a industria e o comercio forestal asociado ó monte; a avaliación dos montes veciñais en man común; o fomento do asociacionismo forestal.

Investigación e tecnoloxía ambiental.

A promoción da utilización de enerxías limpas e renovables constitúe outro obxectivo prioritario para a política ambiental da Xunta de Galicia. Con ela lograremos, en primeiro termo, un incremento da produtividade e a concorrencia das nosas empresas ós mercados máis esixentes, e, por outro lado, asegurámo-lo cumprimento das medidas correctoras impostas pola normativa europea e pola súa transposición á normativa galega.

Como contribución a esa finalidade, a Consellería de Medio Ambiente está a desenvolver un proxecto de creación dunha Unidade de Investigación e Novas Tecnoloxías Ambientais. Neste mesmo senso, poden

destacarse tamén os traballos que se están levando a cabo para o desenvolvemento dun sistema meteorolóxico de Galicia, que permitirán contar cunha predición meteorolóxica propia e operativa de forma continuada no tempo a partir do 2001.

A loita contra o lume: novas estratexias.

As accións de prevención, extinción e control dos incendios forestais constituíron, e constitúen, para o Goberno que me honro en presidir, un capítulo fundamental.

Sempre tiveron a certeza de que a recuperación do noso monte pasaba por reducir ó mínimo os graves danos causados polos lumes, uns incendios devastadores que durante anos impediron o desenvolvemento do sector forestal, un sector estratéxico e chave para a economía galega, pero tamén fundamental para a nosa paisaxe e mesmo para a natureza da nosa Galicia.

A nosa política, deseñada en 1990 e posta en marcha de inmediato con continuidade, foise perfeccionando ó longo dunha década. Hoxe podemos dicir que temos acadado certa experiencia en materia de prevención e extinción de incendios, chegando a colaborar nesta materia, solidaria e eficazmente, con outras comunidades interesadas polo noso modelo.

Pero tampouco pode ignorarse que, pese ós esforzos realizados, a actividade incendiaria continúa con altibaxos. O labor dos servizos de defensa contra incendios e os novos plans aplicados —entre os que se inclúen a profesionalización de determinados servizos, a incorporación de novas tecnoloxías, o control do territorio por zonas e unha estreita coordinación entre administracións— conseguiron reducir substancialmente as consecuencias da actividade incendiaria.

Pero esta é a realidade; e aínda que algúns pretenden ignorala, os resultados son moi claros. Como dicía antes, a nosa superficie forestal arborada medrou, entre 1987 e 1998, en máis de 400.000 hectáreas —datos oficiais nacionais— e o aumento das existencias de madeira, a partir de 1990, foi de 45 millóns de metros cúbicos, cun crecemento anual de 3 millóns.

Isto non o digo eu, nin a Consellería de Medio Ambiente, son datos tirados —repito— do último *Inventario Forestal Nacional*, publicado recentemente

polo Ministerio de Medio Ambiente do Goberno central. Datos que tamén nos informan, por exemplo, de que as frondosas autóctonas experimentaron en Galicia un incremento importantísimo, pasando de 103.000 hectáreas a nada menos que 574.000. Polo tanto, deixémonos de tópicos demagóxicos, esta é a verdade.

En resumo, o devandito *Inventario Forestal* confirma que en Galicia houbo unha política seria e contundente, lográndose máis biomasa arbórea sen diminuí-los aproveitamentos. Ademais, os efectos dos incendios sobre o bosque galego foron controlados na súa meirande parte. Todo isto orixinou tamén nos últimos anos unha maior confianza e interese de propietarios e de usufrutuarios dos montes.

En canto ó presente ano, ben se sabe que houbo intentos de presenta-la cuestión dos incendios como desastrosa, chegando a considerar algúns as perdas como dramáticas e adiantando un rotundo fracaso da política da Xunta. Non serei eu quen negue que foi, efectivamente, o 2000 un ano cun elevado número de lumes; nun só día morreron 10 persoas nunha soa provincia de Grecia; en Galicia estamos máis de dez puntos por debaixo nos encoros o ano pasado, xa que foi un ano seco e difícil. Concretamente —e manexando datos só provisionais— houbo aviso de máis de 12.000 incendios. Non quero ocultar tampouco —sería faltar á verdade— que eses lumes afectaron unhas 44.000 hectáreas, das que só 9.000 corresponderon a superficie arborada e 35.000 a monte raso. Pero compárense coas do ano 1989, que eran catro veces superiores en ámbalas direccións.

Esta é a verdade, pero unha cousa é expoñer-los datos, para despois analizalos, e outra moi distinta utilizar eses datos para dramatizar e crear un ambiente alarmista entre a sociedade. Os 12.000 lumes rexistrados no que vai de ano non chegaron a ter unhas consecuencias que se poidan considerar como “catastróficas”. Pois, de tódolos lumes atendidos polos servicios da Xunta, só 1.837 foron catalogados como incendios de certa magnitude, mentres que o resto quedaron na consideración de conatos ou pequenas queimas de mato. E outro dato moi a ter en conta, non para relativiza-los incendios senón para analizalos na súa xusta medida, foi que a superficie media queimada acadou, en cada caso, unhas 3,5 hectáreas de monte baixo e

unhas 0,7 hectáreas de superficie arborada. Índices que seguen a situar a Galicia, coa súa grande superficie forestal, nun dos postos de cabeza, tanto na eficacia da loita contra incendios como na previsión de queimas.

En definitiva, como xa adiantei, ardeu en Galicia un 0,7% da superficie total arborada. E isto en canto a especies pódese traducir en que, aproximadamente, unha cuarta parte do queimado correspondenlle ó eucalipto, un 21% ás frondosas e un 54% ás coníferas, máis suceptibles da transmisión do lume.

De maneira que, aínda que lamentamos moito as perdas e por suposto estamos xa traballando na súa recuperación, estamos diante dun balance normal, nada catastrófico, xa que tódolos incendios foron controlados polos servicios da Xunta, cunhas consecuencias en termos de riqueza forestal relativamente baixas. Para confirma-lo dito non temos máis que compara-la situación galega cos incendios rexistrados noutras comunidades de España e noutros países do mundo nun ano no que, por desgracia, a tónica foi dunha altísima incidencia. E, se temos moi claro que o 90% dos lumes foron intencionados, pois aí cada un ten que recoñece-las súas posibilidades de actuar. É dicir, que o problema reside na alta intencionalidade existente, e a única vía para combater esta intencionalidade manifesta, como para combater calquera outro delicto, é a investigación, función que compete en exclusiva ás forzas e corpos de seguridade do Estado, e, naturalmente, a sanción á xustiza.

Seguiremos a traballar arreo, avanzando nas nosas liñas de actuación e colaborando coas forzas e corpos de seguridade encargadas da vixilancia e da prevención de incendios en Galicia. As principais accións terán un seguimento exhaustivo feito nas zonas especialmente conflictivas, unha vixilancia terrestre e aérea das zonas prioritarias, unha investigación das causas e colaborar na identificación dos autores.

No que vai de ano foron detidas 138 persoas como presuntos incendiarios, cifra, por certo, moi superior á de 1999, que foi de 115 detidos.

Somos conscientes de que cómpre avanzar máis, por iso reclamo aquí, neste Parlamento, a colaboración de todos, porque o problema dos incendios forestais é unha cuestión que debe sensibilizarnos e unir-

nos por riba de calquera outra consideración. Pero quede claro, o mesmo que no terrorismo, que eles son os responsables, os incendiarios son os únicos culpables. Quereiros presentar como supostas vítimas da política forestal da Xunta non é máis que xustificalos e darlles folgos para que sigan queimando.

E non estaría de máis escoitar nesta Cámara unha condena explícita e unánime dos incendiarios por parte de tódalas forzas políticas, chamándolles polo seu nome, polo que son, e non con eufemismos terxiversadores.

A cultura: principal motor da autoidentificación.

O pobo galego é dono dunha cultura diferenciada. Unha cultura que forma parte substancial da propia identidade, que foi acumulando ó longo de case dous milenios un riquísimo e variado patrimonio e que segue a producir hoxe magníficas manifestacións creativas; unha cultura de encrucillada entre o contexto hispánico e o luso-africano-brasileiro; unha cultura de ámbito europeo e occidental. Dende o idioma propio, de Rosalía e de Pondal, espiña dorsal da nosa identidade, á literatura galega; dende a danza e a música á etnografía e á arte máis de vangarda; dende os mosteiros e as catedrais ata o cine e o audiovisual de hoxe; nas grandes e pequenas realizacións, sexan elas individuais ou colectivas, todo o que conforma a cultura de Galicia; é dicir aquilo que nos autoidentifica como pobo, o que nos distingue diante doutras culturas, o que nos permite chamarnos galegos.

No seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, don Ramón Otero Pedrayo, o grande patriarca, dinos que “disfrutou a nosa terra, dende o mencer dos tempos, dunha conciencia orixinal. Esa conciencia” —di don Ramón— “pervive hoxe e seguirá pervivindo na súa cultura. Ela inspirou os períodos vitais da historia de Galicia”. Mais a cultura é hoxe tamén actualidade, aprendizaxe constante, apertura ós avances e ós novos horizontes do tempo que nos tocou vivir.

O noso proxecto cultural, posto en práctica ó longo de dez anos, xira arredor de dous eixes fundamentais: a colaboración e o entendemento; é dicir, planificación responsable e aberta ó diálogo con tódolos colectivos e axentes culturais.

Mais hoxe en día o ámbito cultural non se pode di-

sociar do ocio, dous conceptos que representan xa o 5% do produto interior bruto. Tampouco debemos esquecer a capacidade de creación de emprego da industria da cultura, que multiplica por cinco as posibilidades doutros sectores da economía para crear postos de traballo.

A integración acertada de elementos como son a autoidentificación, a memoria histórica, a libre creatividade e a industria cultural fan que Galicia atravesese un momento de gran vitalidade, un novo e intenso “rexurdimento”.

As novas tecnoloxías da comunicación serán, sen dúbida, o cerne vertebrador das grandes celebracións do 2001, declarado Ano internacional das linguas, que comprenderá dende unha celebración mundial da poesía en Santiago de Compostela, co patrocinio da Unesco e do Pen Club Internacional, ata un Maratón Europeo do Ciberespacio e o Congreso da Cultura Galega no Exterior.

Patrimonio cultural.

O esforzo que fixemos nos últimos anos para protexer, conservar e revitaliza-lo noso patrimonio cultural permítenos hoxe en día afirmar que, á parte de se-lo galego un dos patrimonios máis ricos da Península Ibérica, é tamén un dos mellor conservados.

A muralla romana de Lugo atópase hoxe ás portas de contar —así o esperamos e para iso traballamos— coa prestixiosa declaración de Patrimonio da Humanidade outorgada pola Unesco. Neste sentido, permítanme que como lucense felicite a tódolos colectivos e persoas que traballaron e seguen traballando para lograr que esta declaración prestixie a Galicia enteira. Neste senso temos fundadas esperanzas de que a finais deste ano a muralla de Lugo sexa declarada Patrimonio da Humanidade.

Crecemento do turismo.

O bienio 1999-2000 está a consolidar a Galicia como un dos principais destinos turísticos españois e europeos, consolidando o sector como un dos máis dinámicos motores da nosa economía. Os datos avalan esta afirmación: en 1990 o turismo galego representaba o 4% do produto interior bruto de Galicia. No ano 1999 e no que vai de 2000 este mesmo sector repre-

senta xa o 10% do noso PIB e oferta 62.000 postos de traballo directos. Cinco millóns de turistas en 1999, ano excepcional por ser ano xacobeo; catro millóns previstos para finais do 2000, e o obxectivo real de estabilizar e aumentar esta afluencia ata o 2004, data na que Galicia celebrará o vindeiro Ano Santo.

A iniciativa privada é o mellor indicio deste despegue turístico, xa que nun futuro próximo temos asegurada a posta en marcha de 63 proxectos para construír novos establecementos hoteleiros en toda Galicia, nos que están previstas 3.445 novas prazas, que se sumarán ás 33.300 existentes.

O éxito acadado coa celebración do Xacobeo 99 e o pulo da capitalidade cultural europea constitúen o éxito dun programa desenvolvido ó longo da década pasada, no que a política turística, en senso estrito, se soubo combinar coa animación cultural, coa recuperación monumental, co coidado da paisaxe e do medio ambiente e mesmo co desenvolvemento rural.

Os outros segmentos nos que se asenta este crecemento turístico sen precedente en Galicia son o termalismo e o turismo náutico. O apoio que estamos prestando a estas actividades permitirán situarnos moi pronto como un destino balneario de primeira orde. En turismo náutico, aí están as rías; estase a facer un notable esforzo de investimentos para a construción de novos puntos de atraque e de estacións náuticas. Dentro do que se considera turismo de elite, dispónse xa dunha boa base para ofertar un mapa do golf de Galicia nos mercados europeos: tres aeroportos xunidos por unha autopista, e o que está feito, indican unhas enormes posibilidades, a pesar das dificultades que ás veces presentan certos localismos ou actitudes propias do noso minifundio.

En definitiva, este é un momento óptimo no sector turístico e cómpre intensifica-la atención e os recursos para mantelo e incrementalo. Está previsto impulsar novos plans de calidade, extrema-lo coidado para non saturar algunhas zonas e abrir novos espazos, poñendo especial énfase na modalidade dos hoteis singulares, coñecidos tamén como hoteis con encanto, que, por certo, serven tamén para a recuperación do patrimonio, como fixo no seu tempo a rede de paradores nacionais, que están actuando neste momento de modo eficaz en Galicia; véxase o caso de Vilalba e o

de Monforte.

Fixemos entre todos un grande esforzo para acadar a situación na que estamos, esforzo no que a Administración, os profesionais e os empresarios deben perserverar: a Administración, creando as óptimas condicións para o desenvolvemento axeitado do sector; os profesionais, mellorando a súa formación e capacitación —e témo-la mellor Escola de Turismo de España, permítanme dicilo con satisfacción—; e os empresarios mantendo os niveis dos últimos anos para renova-la oferta e a calidade, preservando a competitividade dos prezos.

A sociedade da información e do coñecemento.

O sector audiovisual galego nos últimos cinco anos pasou practicamente de cero a ser actualmente un dos de maior dinamismo e capacidade de crecemento da economía galega. Hoxe desenvolven a súa actividade nos diferentes subsectores do noso audiovisual 200 empresas, que aumentaron a súa facturación nun 150% entre 1995 e 1999 e dan traballo xa a 1.200 persoas, un 148% máis que hai cinco anos.

De ter a penas produción audiovisual, na actualidade Galicia é quen de producir unha ducia de películas ó ano, varias das cales participaron en prestixiosos festivais internacionais, como os de San Sebastián, Berlín, Cannes ou Moscú. Temos series de ficción e animación en galego e dispoñemos xa dunha factoría de creación de debuxos animados a nivel europeo; e que ninguén pense que sen isto seguiremos sendo capaces de seguir promovendo a nosa cultura galega. Televisión de Galicia emite series propias, desenvolvidas en Galicia, protagonizadas por actrices e actores galegos, que teñen gran audiencia e aceptación; un éxito que propiciou o apoio da Administración autónoma a outras catro series audiovisuais producidas en lingua galega.

O futuro do sector audiovisual pasa pola plena integración de Galicia na sociedade da información. O desenvolvemento desta verdadeira “factoría de contidos” pasa, en efecto, polo pleno desenvolvemento da lei do audiovisual. Neste sentido estamos a traballar arreo para a posta en funcionamento de organismos do sector, como son a Comisión do Cine, a Comisión do Usuario, o Consorcio Audiovisual de Galicia, e para o bo desenvolvemento do recentemente inaugurado

Centro Multimedia de Galicia.

O florecemento da iniciativa e o magnífico ambiente empresarial e creativo existentes invitan a augurar que o audiovisual galego leva camiño de converterse noutro dos nosos paradigmas, como é o sector da moda, e para iso cómpre seguir incentivando os produtos e proxectos dos profesionais galegos.

A información e a bioxenética son, na sociedade actual, instrumentos de innovación e de poder, e Galicia pode sumarse con forza a estas correntes. Neste sentido, imos revisa-lo Libro branco das telecomunicacións, unha iniciativa presentada de modo pioneiro no ano 1994, executada en boa parte, pero que quedou superada en moitos aspectos por mor da liberalización do sector e a súa rapidísima evolución técnica.

Isto permitirán-la elaboración dun Plan estratéxico para o desenvolvemento e a aplicación da sociedade da información e o coñecemento en Galicia. Así mesmo, brindarán-la posibilidade de promover na sociedade un clima de innovación, uso e aproveitamento da sociedade da información, actuando na liña das recomendacións e propostas da Unión Europea para favorecer-lo desenvolvemento da economía e a creación de emprego.

O primeiro paso para a reordenación dos sistemas de telecomunicacións en Galicia deuse no ano 1998 coa creación de Retegal. Esta sociedade, propiedade da Xunta, xestiona unha rede de telecomunicacións distribuída por todo o territorio galego e formada por 144 reemisores e 700 microemisores. Nestes momentos Retegal presta, entre outros, servizo á Autopista galega da información, ás infraestruturas e ós equipos de radiodifusión da Radio e Televisión de Galicia e ás comunicacións móbiles da Xunta, e abre calquera outras canles de comunicación en Galicia.

Coa liberalización do sinal de televisión abríronse interesantes expectativas para Retegal, que van ser especialmente notorias nos próximos anos, pois, ademais de ser difusor das canles autonómicas, pode aspirar a selo tamén das novas canles estatais, tanto dixitais como analóxicas, para Galicia. Outro papel moi importante será o de operador de canles de radio e televisión local con tecnoloxía dixital, ata constituírmolos nunha oferta interesante para as retransmisións,

no só en toda Galicia senón co norte de Portugal.

A aparición de novos operadores no campo da telefonía móbil, así como as novas licencias de acceso local vía radio ou as licencias de radio e televisión son algúns dos exemplos que nos invitan a impulsar un novo proxecto para Retegal.

Novas tecnoloxías dixitais.

Sobre a infraestrutura de Retegal descansará o desenvolvemento das novas tecnoloxías dixitais que están a xeneralizarse rapidamente.

Tamén neste campo Galicia foi pioneira, pois en 1998 realizámo-las primeiras experiencias da radio e da televisión dixitais. O traballo levado a cabo permitíranos que, cando remate o 2000, máis do 60% da poboación galega terá cobertura de radio e de televisión dixitais.

Nestes momentos, Galicia está en disposición de atender boa parte desta demanda ó dispoñer de persoal altamente cualificado e dunha demostrada capacidade tanto para o deseño e creación de equipos como para a creación de contidos.

Cidade da Cultura de Galicia.

A resposta galega ó reto dos tempos actuais será a realización dunha gran Cidade da Cultura de Galicia; iniciativa que nos permitirá da-lo paso definitivo cara ó século XXI, incorporándonos á plena modernidade.

Trátase dunha resposta netamente galega á tendencia mundial de creación de áreas e centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico. Na Cidade da Cultura utilizaranse as máis modernas técnicas expresivas e soportes como teletexto, videotexto, multimedia, CD-ROM, produtos interactivos, internet, fotografía dixital e todas aquelas que se vaian incorporando.

En resumo, a Cidade da Cultura de Galicia será un símbolo das novas tecnoloxías da comunicación emblemático na Península Ibérica, en Europa e no mundo. Unha iniciativa que merece que nos esforcemos ó máximo, pois do seu éxito dependerá a consolidación de Galicia como comunidade de vangarda europea no trepidante ritmo do terceiro milenio, ó mesmo tempo

que o gran centro de conservación de todo o que fomos culturalmente, dende os tempos máis remotos.

Xa se deu conta oportunamente ás súas señorías dos pasos avanzados ata o momento: a adxudicación do concurso ó arquitecto Peter Eisenman, un dos máis respectados mundialmente, profesor de Stanford e máis admirados polos seus traballos; a expropiación dos terreos necesarios, complementada coa cesión por parte de Caixa Galicia de 250.000 metros cadrados e a constitución do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, encargado de dirixi-la correcta evolución do proxecto, e no que están representadas as institucións implicadas nel.

Nos próximos meses afrontaranse as tarefas de excavación da parcela destinada ó complexo, situada no monte Gaiás e cunha superficie de 700.000 metros cadrados, e na primavera do 2001, se Deus quere, comezarán as obras deste magno proxecto, que será, sen dúbida, o referente da Galicia cultural do século XXI.

A Cidade da Cultura contará con catro áreas fundamentais: Biblioteca e Hemeroteca de Galicia, Museo de Historia de Galicia, Área das Novas Tecnoloxías e Teatro da Música. Alén disto está contemplado un contorno chamado “O Bosque de Galicia”, que rodeará o perímetro da cidade, ocupando 150.000 metros cadrados, e no que estarán representadas tódalas especies arbóreas galegas.

Camiños de Santiago e Xacobeo 2004.

O novo Plan director dos camiños de Santiago nace co obxectivo de conseguí-la máxima rendibilidade social, económica e turística anualmente, e non só nos anos xacobeos, que motiva o fenómeno excepcional en plena eclosión nova da peregrinación a Compostela.

As infraestructuras proxectadas serán o soporte de promoción da enorme riqueza artística, monumental, etnográfica e paisaxística existente no contorno dos diversos camiños e nun radio de 15 a 20 quilómetros deles. Está prevista tamén a oferta de paquetes turísticos, nos que a arte, a gastronomía, o sendeirismo e o medio ambiente actúen como principais catalizadores.

Nestes momentos continúaase traballando na mellora dos albergues e nas instalacións dos camiños, sobre

todo no territorio galego, valorándose fundamentalmente os seguintes aspectos: situación do camiño e das súas infraestructuras. patrimonio cultural que ofrece; potencialidades turísticas; infraestructuras públicas próximas e complementarias; sinalización e promoción de rutas alternativas.

Completarase a totalidade do plan no 2001, proxectando as actuacións que se van desenvolver ata o ano 2010, e tendo como elementos de relevante referencia os anos santos inmediatos, 2004 e 2010.

No mesmo senso, a Sociedade do Xacobeo está examinando unha serie de proxectos e informes para unha correcta planificación do inmediato Ano Xacobeo 2004, primeiro ano de perdoanza composta do terceiro milenio da era cristiá.

Avanzar na normalización lingüística.

O galego é lingua propia de Galicia, é o máximo expoñente da nosa identidade diferenciada, a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna ó país. É o xeito profundo no que expresámo-la nosa realidade, a nosa historia, o vehículo de comunicación do pobo galego, como dicía antes, conectado co mundo luso-brasileiro-africano.

Ó recupera-la normalidade democrática en España a finais dos anos setenta séntanse as condicións para a normalización do idioma galego e para a súa presenza en tódolos ámbitos da vida cidadá.

O recoñecemento legal da cooficialidade do galego establécese na vixente Constitución Española de 1978 e confírmase e desenvólvese no Estatuto de autonomía de 1981 e na Lei de normalización lingüística de 1983.

De tódolos idiomas deste mosaico plurilingüe que é a España das autonomías, agás o castelán, o galego é a que presenta unha vixencia maioritaria; ningunha outra lingua autonómica pode dici-lo mesmo.

Sondaxes recentes sinalan que case tódolos galegos coñecen e falan a súa lingua propia. Estes datos estatísticos reflicten tamén que, sendo o galego unha das linguas minoritarias de Europa, posúe nestes momentos unha situación de contexto axeitada para acadar avances na súa normalización e planificación lin-

güística.

Teño dito moitas veces que o proceso de normalización debe ser tarefa de tódolos galegos sen exclusión de ningún xeito, porque a lingua, núcleo vital do ser de Galicia, non é patrimonio de ninguén, a todos nos pertence por igual.

Polo que respecta á política lingüística, o Goberno de Galicia pretende un crecente impulso normalizador dentro dun criterio de equilibrio e ponderación, que permite que galego e castelán, ambas linguas oficiais, poidan ser usadas con total liberdade no que chamamos “bilingüismo harmónico”. Ninguén hoxe dubida das posibilidades de existencia no noso ámbito dun bilingüismo social real e evidente. A realidade debe ser aproveitada para a máxima potenciación do uso da lingua galega en tódolos niveis: na escola, no instituto e na universidade, na Administración e na Igrexa, na xustiza e nos medios de comunicación, nas novas tecnoloxías e na rúa, nas empresas e nos comercios, nas cidades, nas aldeas, en tódolos ámbitos sociais e económicos, políticos e culturais, porque o galego é unha lingua útil, válida para calquera situación, pero os galegos tampouco renunciámos a ningún outro idioma, tamén noso. A ninguén se lle ocorre hoxe renegar do castelán, das moitas posibilidades que nos brinda o coñecemento desta lingua, na que, por outra parte, teñen destacado grandes figuras literarias galegas, ¿ou non foron galegos Valle Inclán e dona Emilia Pardo Bazán ou Gonzalo Torrente Ballester e o noso premio Nobel Camilo José Cela?

Estamos decididamente a favor da normalización, nese senso imos dar tódolos pasos necesarios para a mellor difusión do noso idioma, para estender e ampliar-lo seu coñecemento, para facer cumpri-la lexislación establecida pero sen imposición, convencendo e non obrigando, tratando de evitar en todo momento que se produzan liortas e confrontacións que leven a guerra lingüística, que, por certo, non é unha hipótese, xa se coñeceu noutras partes da nosa España.

No tocante ás liñas de promoción, a grande aceptación das medidas adoptadas reflíctese nun incremento anual do 40% en persoas ou entidades que desenvolven algunha actividade patrocinada pola Administración educativa. No ensino estanse a conseguir os obxectivos de competencia nos dous idiomas,

rematado o tempo da ensinanza obrigatoria.

Por outra banda, cómpre sinalar que se levan impartido máis de 500 cursos a máis de 13.000 alumnos; que se mantén o lectorado en centros de lingua galega en 40 universidades de España, Europa, América e mesmo Australia.

Como dato significativo achegado pola Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega, encargada da realización dun Informe sobre política lingüística en Galicia dende 1981 ata a actualidade, vemos, por exemplo, e no referente ó galego na Administración local, despois de ser analizados 210 concellos, cómo se afirma na devandita ponencia, que a situación non é tan mala como parecía nun principio, pois ó entrar nos detalles hai sorpresas moi positivas; na provincia de Ourense, en conxunto, aparecen máis iniciativas das previstas.

O certo é que o galego debe penetrar naqueles medios e sectores da poboación que aínda non teñen conciencia do seu emprego. Lograrémolo na medida en que adaptémo-la lingua propia ás necesidades do futuro, cunha maior presenza nos medios de comunicación, sobre todo na prensa, cunha clara vontade de seguírle-lo ritmo ás novas tecnoloxías.

Os nosos cidadáns de mañá deberán manexarse en galego e castelán, pero terán que aprender inglés, que é a *koiné* de hoxe, e algunha outra lingua de apoio para realizar nelas as súas relacións laborais, culturais e persoais, ¡temos que ser realistas!

O desenvolvemento de accións concertadas entre as institucións competentes, encabezadas pola Real Academia Galega e coa participación dos centros de investigación e difusión, respectando o modelo estándar establecido e fixado e abríndose ás novas posibilidades formativas, deberán se-los camiños normalizadores.

Probablemente ninguén poida responder dunha maneira seria á pregunta: ¿cando estará definitivamente normalizado o galego? De todos depende, e tal vez o concepto de normalización variará cos tempos, pero non hai lugar para os que queren leva-lo asunto ó terreo da confrontación e da polémica maniquea; perden o tempo.

Se o noso pobo foi capaz de expresarse na propia fala ó longo de máis de dez séculos, cos consabidos atrancos e dificultades, o noso deber é poñer-lo máximo empeño en canto a medios e vontade política para que as futuras xeracións rematen o terceiro milenio falando e escribindo na súa lingua sen privarnos de ningunha outra que nos poida ser útil e nos conveña ós galegos.

Implantación do novo sistema educativo.

O bo funcionamento do sistema educativo dun país é o mellor espello das prioridades dos seus responsables políticos, pois na formación das novas xeracións está o progreso e o futuro da normal convivencia.

O Goberno da Xunta non escatima esforzos nin recursos, tanto materiais como humanos, para que a implantación do novo sistema educativo que se está levando a cabo nestes últimos anos se faga da maneira máis axeitada, tendo en conta as peculiaridades poboacionais, orográficas e lingüísticas da nosa Comunidade Autónoma, e, por certo, o grande espallamento da poboación, que non é un problema pequeno para nós.

A dotación e o mantemento das infraestruturas educativas, así como o equipamento adecuado para impartir unha ensinanza de calidade, supuxo un investimento que se aproxima ós 13.000 millóns de pesetas no presente exercicio. Desá cantidade, máis de 800 millóns foron destinados a completa-la dotación de informática dos centros nos distintos niveis universitarios. Creo que sómo-la primeira comunidade que o ten conquistado en toda España. Tan importante partida económica destinada á informatización permitiu subministra-lo equipamento necesario e arbitra-los medios para permiti-la conexión de 670 centros mediante unha rede intercentros, así como a execución das redes interiores e o acceso ó servizo de correo electrónico para tódolos profesores de educación secundaria que o desexen e a internet para profesores e alumnos.

A formación continua do profesorado é un dos factores determinantes na mellora da calidade do ensino, especialmente nestes intres nos que se está producindo unha importante reestruturación do sistema educativo. Nesta liña a oferta formativa para o profesora-

do canalízase a través do Plan anual e do Plan específico de formación do profesorado de formación profesional, e complementábase cunha serie de accións de apoio, como formación a distancia, os reintegros individuais para asistir a actividades, as estadias formativas no estranxeiro e a obtención de novas especialidades para os funcionarios do corpo de mestres.

Por outra parte, o novo sistema educativo esixe unha organización curricular e escolar que demanda gran cantidade e calidade de recursos humanos. No presente ano foron convocadas 772 prazas para ser cubertas por concurso oposición por persoal docente que accede a un posto estable na Administración educativa. Iso a pesar da redución do número de alumnos.

O Plan de crecemento e emprego para Galicia considera a formación profesional como unha liña de política activa de emprego. Polo tanto, a Xunta ten previsto continuar coa implantación de novas ensanzas, introducindo as adaptacións necesarias para dar resposta á necesidade de cualificación do sistema productivo en cada comarca.

A evolución das tecnoloxías dos diferentes sectores productivos require continua adaptación dos medios empregados para conquistar unha formación profesional de calidade que responda á demanda social.

O comezo xeneralizado do primeiro curso do novo bacharelato nas súas distintas modalidades supón a escolarización no presente curso académico de 721 grupos de bacharelato. Recordo os tempos dun só bacharelato, despois dos de ciencias e letras; 721 grupos de bacharelato xa están recibindo formación en 221 centros públicos, e isto supuxo un investimento duns 1.000 millóns de pesetas.

A necesidade de aprender linguas estranxeiras vai profundamente ligada ó progreso científico e tecnolóxico. O aumento das relacións internacionais e a circulación das ideas e da información está provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, especialmente do inglés, de xeito que o número de linguas que os cidadáns dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento. Por outra banda, a mellor protección contra tódalas formas de racismo e xenofobia lógrase mediante o coñecemento

e a experiencia directa da realidade dos outros, e mediante a mellora das capacidades de comunicación.

A LOXSE estableceu o inicio do ensino da primeira lingua estranxeira a partir dos 8 anos de idade. Sen embargo, estudos recentes subliñaron a importancia de que os nenos, xa dende as primeiras idades, vaian adquirindo unha progresiva sensibilización cara a outras linguas distintas ás da súa comunidade e cara ás outras culturas. Por certo, tamén é o momento máis axeitado para que o oído dos rapaces se preste a unha boa aprendizaxe das linguas. Por esa razón estanse a realizar este ano, e con carácter experimental, proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira para os alumnos do segundo ciclo de educación infantil e do primeiro ciclo de educación primaria. Isto significa que a aprendizaxe da lingua estranxeira na nosa comunidade se adianta con carácter voluntario ós catro anos de idade. Máis de 380 centros de educación infantil e primaria foron autorizados para anticipa-la aprendizaxe na lingua estranxeira no pasado curso 1999-2000, o que plasmado en cifras concretas significa que 28.941 novos alumnos accederon antes dos 8 anos á aprendizaxe da lingua estranxeira.

Por outra parte, mediante a creación de seccións europeas nos institutos de educación secundaria, estableceuse con carácter experimental o ensino de determinadas áreas ou materias do currículo nalgunha das linguas do noso contorno europeo.

A estas iniciativas temos que engadi-la participación en programas europeos tanto por parte do profesorado como dos alumnos, así como nos intercambios e nas ensinanzas, en particular do idioma inglés, a distancia que estiveron a cursar máis de 1.000 alumnos. Todo isto —repito— dentro destes programas experimentais.

Continuaremos potenciando, pois, o estudio das linguas estranxeiras, sabedores de que é preciso contar cun certo nivel de competencia comunicativa en varias linguas para lograr unha perfecta integración nunha Europa cada vez máis interactiva.

Finalmente, en relación coa orientación educativa e profesional, só lles quero indicar ás súas señorías que tódolos centros de educación infantil e primaria con máis de 12 unidades, e tódolos institutos de educación secundaria, así como os centros públicos inte-

grados, contarán con Departamento de Orientación a partir do presente curso académico, sendo Galicia a única Comunidade Autónoma que implanta de xeito permanente os citados departamentos de orientación nos centros de educación infantil e primaria.

Ensino universitario.

As universidades galegas contan nestes momentos cun programa de financiamento (2000-2003) racional e progresivo que se irá axustando anualmente. Este programa de financiamento está baseado no custo por crédito impartido segundo cada titulación, no que cada alumno é financiado de acordo cos créditos nos que estea matriculado. Este programa permítelles ás nosas universidades planificar, de acordo coas súas obrigas, para catro anos, percibindo máis de 141.000 millóns de pesetas.

A posta en marcha da Axencia Galega para a Avaliación da Calidade, constituída por consorcio coas universidades, contribuirá á consolidación e á mellora da calidade do ensino, da investigación, da xestión e dos servizos, estando inmersa no Plan nacional de avaliación da calidade das universidades e coa vista posta na Unión Europea.

Aínda que hoxe as nosas tres universidades están nunha boa situación e cheas de dinamismo, recordo que deberán camiñar cara á universidade do século XXI coa ollada posta na mellora da calidade e respondendo ás necesidades do seu contorno socioeconómico, empresarial e cultural.

A xuventude: o mellor futuro.

Ninguén dubida de que a autonomía da xuventude actual pasa pola súa independencia económica. Esta é e será a idea motriz que dinamice e inspire a nosa política a prol da mocidade. Proporcionarlles ás novas xeracións un traballo que lles permita emanciparse e facilitarlle-las recursos necesarios para vivir dignamente é un acto de xustiza, ademais dun investimento social de futuro, xa que significa investir nunha demografía equilibrada que asegure o cambio xeracional.

Ata hai pouco estaba mal visto falar dende a política —recordo algunha risada tamén nesta Cámara— da busca de solucións ó descenso da natalidade, e os

poucos que o faciamos eramos alcumados de “natalistas” e outros epítetos polo estilo. A situación só se rexistraba nas estatísticas oficiais, pero non se abordaba directamente, e nas axendas dalgúns nin sequera tiña carácter prioritario. Hoxe parece que houbo cambios —e hai que celebralo— nas posicións, todos aprendemos, polo menos algúns grupos políticos así o manifestan, recoñecendo unha preocupación que eu trasladé a esta Cámara dende o meu primeiro mandato á fronte da Xunta.

A aprobación por unanimidade —e así o recoñecemos— dunha iniciativa parlamentaria —proposición non de lei— sobre a revitalización da demografía galega é o fiel reflexo das inquedanzas que hoxe ten o conxunto da sociedade galega, preocupacións que nos esixen aplicar con urxencia as medidas necesarias para darlle volta á tendencia actual e reconducirla situación.

As tendencias demográficas, como todos vostedes saben, non son fáciles de corrixir, xa que requiren cambios estruturais e mesmo culturais profundos, que se traducen con lentitude nas variacións do crecemento vexetativo. Iso levaríanos a un tema que hoxe xa sería demasiado longo tratar, o das inmigracións necesarias. Sen embargo, dende o Goberno que me honro presidir, encarámo-lo problema co convencemento de que cabe aplicar políticas correctoras que, respectando a liberdade de decisión das persoas, permitan acadar un futuro con saldos demográficos positivos.

Para afrontar esta situación estamos a elaborar dende a Xunta unha estratexia global de actuación, o Programa de revitalización demográfica de Galicia, baseada nun enfoque integrado que trata de organizar as múltiples dimensións asociadas ó problema do cambio demográfico.

No marco deste Plan de revitalización demográfica adoptaremos, no transcurso do 2001, un conxunto de mecanismos de ordenación e impulso das políticas estratéxicas e decisivas para abordar con seriedade o descenso da natalidade da nosa terra.

Con frecuencia no deseño das grandes liñas da política económica esquécese a familia como un axente económico de primeira magnitude. ¿Quen é o gran determinante do consumo, onde se forman as voca-

cións e os exemplos de traballo? Conscientes da súa importancia no desenvolvemento económico de Galicia, nós vimos prestando un apoio integral ás familias; lembren os nosos dous plans integrais de apoio ás familias.

Neste contexto, as nosas accións pretenden ofrecerlles ás galegas e ós galegos un marco de convivencia axeitado que lles permita desenvolver a súa intelixencia e aptitudes ó servizo dunha profesión ou posto de traballo sen que isto impida ou dificulte a realización plena da súa vida familiar.

Xuventude e sociedade da información.

Información e comunicación constitúen hoxe un feito cotián no que se educan as nosas xeracións, dando como resultado uns rapaces afeitos ó uso das novas tecnoloxías e familiarizados coa linguaxe específica da informática e das telecomunicacións. No contexto da nosa política de formación xuvenil, a Xunta de Galicia organizou o encontro informático “Xuventude Galicia Net” para poder intercambiar e compartir experiencias. A alta participación e a calidade dos proxectos presentados fixeron que dende a Administración autónoma se establecese un compromiso de ampliación destes encontros.

Coa creación dun servidor de contidos en Internet á disposición da nosa xuventude preténdese reunir nun único portal toda a información relacionada cos diversos programas, concursos e actividades que se levan a cabo en Galicia destinados á mocidade, facendo deste servidor un sitio de referencia, consulta e comunicación con mozos e mozas do mundo enteiro.

Mocidade e medio ambiente.

Dende o ano 1998 a Xunta vén promovendo un programa titulado “Os espazos naturais, un mundo aberto”. Trátase de achegar-nos nosos xoves ó coñecemento do medio rural galego por medio de actividades de educación ambiental e de convivencia, onde os mozos descubran por si mesmos os principais aspectos do patrimonio natural, etnográfico e histórico-artístico de Galicia.

Está previsto un novo programa, chamado “Atlántida”, que contará con dúas embarcacións, unha de pesca, adaptada á formación, e unha goleta ou bu-

que escola. Será o mellor xeito de achega-la nosa xuventude á realidade —por certo, ás veces ben dramática, como estes días— da Galicia do mar.

A Europa dos xoves.

A Xunta ten previsto reforza-la súa política de información e formación xuvenil con respecto ás oportunidades existentes na Europa unida, contribuíndo así á preparación dos futuros cidadáns comunitarios. Na perspectiva dunha Europa dos pobos e as nacionalidades, cómpre que a xuventude galega participe en pé de igualdade con outros mozos e mozas de culturas e linguas diferenciadas.

Igualdade de oportunidades para a muller.

Estamos traballando seriamente para favorecer-la inserción e permanencia da muller no mercado de traballo, para aliviar-las cargas das familias xa constituídas e facilita-la decisión de crear novos proxectos familiares.

Permítanme lembra-lo feito de que a nosa foi a primeira Comunidade Autónoma que puxo en marcha a medida “custo cero” para evitar que a maternidade constituía un obstáculo na carreira profesional das mulleres. Na actualidade, o Goberno central, que reforzou esta medida coa bonificación das cotas empresariais da Seguridade Social para os contratos de substitución, está a estudar-la implantación de medidas innovadoras coa bonificación durante dous anos das cotizacións á Seguridade Social por maternidade.

A necesidade de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral preséntase, pois, como unha condición necesaria e indispensable para garanti-lo principio de igualdade de oportunidades que debe rexe-la convivencia en toda sociedade democrática. Igualdade que nos obriga a seguir loitando incansablemente contra as actitudes e os comportamentos vexatorios, inxustificables en tódolos casos, como son os malos tratos.

A violencia de xénero é unha violación dos dereitos humanos e un atentado á dignidade da muller inaceptable nunha sociedade libre e democrática. Dende o Goberno galego seguiremos adoptando medidas e instrumentos que lle permitan á muller poñer fin á situación de resignación e silencio que por diversos

condicionantes se ve obrigada a soportar, arroupándoa e protexéndoa en todo momento nas súas decisións. Serviremos de axuda e rehabilitación que seguiremos potenciando e axeitando ás necesidades reais de información, formación e asesoramento.

Neste contexto promoveremos unha maior implicación da sociedade civil na loita contra a violencia, e seguiremos propiciando a creación de vías alternativas de participación cidadá, como a Rede Galega de Mediadoras Sociais coa que a Xunta de Galicia pretende suma-los esforzos públicos á inestimable axuda civil.

Adecuada definición e protección da saúde.

A efectividade das medidas de protección da saúde da poboación galega baséase nas actuacións de saúde pública, na información achegada polo sistema de vixilancia e no óptimo funcionamento dos sistemas de alerta epidemiolóxica e alimentaria.

O tradicional sistema de vixilancia das enfermidades de declaración obrigatoria complementouse co sistema de vixilancia específica para enfermidades como a sida, a tuberculose, a meninxite, a parálise flácida e o sarampelo. Durante 1999 e o que vai de 2000 estableceuse o sistema de información microbiolóxica de Galicia e da infección polo VIH, e iniciouse a definición do sistema de información da infección nosocomial. Todos eles, xunto coa información sobre a mortalidade, son o punto de partida necesario e imprescindible para unha adecuada definición e protección da saúde.

Do conxunto de programas de prevención, o Programa galego de vacinación —e recórdese que en certos aspectos mesmo fomos criticados ó principio por certas iniciativas deste eido que todos seguiron despois— é unha clara demostración da aposta do Goberno galego pola mellora da saúde da poboación, en especial dos nenos e dos nosos benqueridos maiores.

Neste senso, e como exemplo, cómpre salienta-la campaña anual de vacinación antigripal para tódalas persoas da terceira idade residentes en institucións, residencias ou hospitais, ampliándose no bienio 2000-2001 a tódolos maiores de 65 anos e persoas de grupos de risco.

Durante o ano 2000 puxéronse en marcha as actuacións de deseño, protocolización e adquisición dos equipos para as unidades piloto do Programa de detección da hipoacusia neonatal.

A constatación da existencia de diferencias de xénero na incidencia de determinados problemas de saúde nas mulleres, xunto coa transcendencia social da feminización da pobreza e do envellecemento levou a deseña-lo Plan integral de atención sanitaria e social á muller. Tamén no 2000 se realizou a enquisa de saúde ás mulleres maiores de 15 anos, punto de partida para coñece-la situación e os indicadores que servirán para o seguimento do plan. O esforzo na prevención do tabaquismo, do cancro de mama, da sida, e na formación e sexualidade dos xoves, son algúns exemplos das primeiras actuacións levadas a cabo.

As auditorías europeas e os resultados dos programas de inspección hixiénico-sanitaria poñen de relevo as nosas liñas estratéxicas en materia de saúde pública, cunha implicación directa no sector productivo agroalimentario galego, como é o Programa de control alimentario. As actuacións de inspección —máis de 80.000 no pasado ano 1999— de industrias e establecementos da alimentación, así como a realización das análises —máis de 90.000 determinacións—, permítenos ofrecer garantías de salubridade e control sobre os alimentos que consomen os galegos.

Servicio Galego de Saúde.

O marco guía esbozado no Plan de saúde de Galicia, baseado en catro principios básicos: mellora da equidade, incentivación da calidade, promoción da eficiencia e desenvolvemento da formación e investigación, é o que se segue nas actuacións de atención primaria e especializada no Servicio Galego de Saúde.

Novo modelo de atención primaria.

Sabido é que a atención primaria foi unha resposta á demanda dos cidadáns para resolver unicamente a enfermidade dos usuarios cando esta se presenta. Pero a mellora do estado de saúde da poboación pasa por realizar actividades de prevención da enfermidade, promoción da saúde e educación sanitaria. Isto fixo necesario reformula-la atención primaria en tódolos países desenvolvidos e implantar sistemas organizati-

vos que permitan alcanza-los mencionados obxectivos.

O maior desenvolvemento da atención primaria é a base do novo modelo asistencial recollido no Decreto 200/1993. A posta en funcionamento das novas unidades permite transforma-lo modelo tradicional dotando os centros de mellores infraestructuras e incrementando o persoal médico e de enfermería tanto en número como en tempo de dedicación. Para isto inclúfese máis persoal de apoio ó usuario e incorporáronse servicios de farmacia, odontoloxía, saúde bucodental, fisioterapia, pediatría, traballo social e outros, poñéndose en funcionamento 18 novas unidades de atención primaria.

A implantación dos PAC, de puntos de atención continuada, permite garanti-la atención de urxencia extrahospitalaria cun nivel óptimo de recursos materiais e humanos, e contando sempre coa presenza dos profesionais sanitarios. Sempre, repito, as vinte e catro horas. Neste sentido, e no que vai de ano, incorporáronse 18 concellos ó sistema de gardas nos puntos de atención continuada, chegándose na actualidade a 250, cifra que cumpre sobradamente as previsións deste ano.

Así mesmo, e sen saír do ámbito da atención primaria, o Servicio Galego de Saúde está a impulsar dende o ano 1997 un proxecto que o coloca na vangarda dos sistemas de xestión. Consiste este, basicamente, en trasladarlle ós profesionais, ademais das decisións clínicas, as responsabilidades de xestión das súas unidades.

Outro programa que se está a desenvolver no ámbito da atención primaria é o de posta en marcha de unidades con horario de tarde en núcleos de máis de 20.000 habitantes. Isto facilita moito a accesibilidade do usuario ó centro de saúde, ampliando a oferta horaria do seu funcionamento.

A incorporación da cirurxía menor á carteira de servicios de atención primaria experimentou un crecemento constante na nosa comunidade. Para impulsa-la correcta aplicación deste servicio elaboráronse unhas recomendacións que guiarán a aplicación da cirurxía menor e que teñen como obxectivo primordial servir de guía a profesionais e responsables na xestión e no avance desta práctica.

O total desenvolvemento deste programa redundará, loxicamente, nun maior beneficio para o paciente, que será perfectamente atendido nun primeiro nivel asistencial, coa conseguinte diminución das listas de espera para cirurxía menor.

Unha atención máis especializada.

Seguen a desenvolverse, por parte do Sergas, os plans funcionais e directores dos centros hospitalarios, que posibilitarán unha mellora das distintas áreas e que repercutirán nun incremento de camas e quirófanos. Estas remodelacións seguen unha política de calidade e humanización da asistencia sanitaria co conseguinte incremento das camas e a mellora dos espazos.

Este reforzo de infraestruturas complementábase inmediatamente coa próxima apertura do novo hospital do Salnés, que contará cunha dotación de 80 camas, así como coa aprobación do Plan funcional para o novo Hospital Xeral de Lugo, dotado de 744 camas, 18 quirófanos e 129 locais para consultas. Respecto das listas de espera, a demora media para ser intervido nos hospitais do Sergas oscila en torno ós 60 días, cifra dificilmente superable. (*A señora Salazar Bello: ¡Que barbaridade!*)

Tamén durante este ano está tendo lugar o novo programa de organización de consultas externas, que conta cunha metodoloxía novidosa, tanto a través de medidas de control sobre as listas de espera como de medidas para a coordinación entre atención primaria e atención especializada. Xa comezou, así mesmo, o Plan de renovacións en alta tecnoloxía. Este plan abarca os anos 2000-2003, cun investimento de 3.000 millóns de pesetas. Debemos destacar, así mesmo, o enorme esforzo realizado por parte dos equipos directivos dos centros así como do persoal destes, que permite realizar importantes melloras nos quirófanos dos hospitais sen que isto repercuta no normal funcionamento das áreas cirúrxicas.

Xa no ámbito asistencial, estanse a ampliar as unidades de hospitalización a domicilio, coa creación de dúas novas emprazadas nos hospitais do Meixoeiro e no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide. A partir deste ano, tódolos complexos hospitalarios contarán cunha unidade destas características.

Polo que respecta a novas técnicas introducidas nos hospitais do Sergas, destaca a autorización realizada no primeiro semestre do ano para a realización de transplante intestinal no Complexo Hospitalario Juan Canalejo e a autorización para transplante de condrocitos no Complexo Hospitalario Juan Canalejo e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Continúase, tamén, coa elaboración de plans de emerxencias externas nas áreas sanitarias. Con este programa preténdese levar a cabo a elaboración, revisión e normalización das actuacións en caso de catástrofe. Para isto é preciso optimizar os recursos sanitarios, dando a mellor resposta posible en caso de emerxencia externa. Neste ano elaborouse e publicouse o Plan de emerxencias externas da área metropolitana da Coruña e está previsto na de Vigo.

Xa está publicado no DOG o decreto que regula a creación e autorización dos comités de ética asistencial. Estes comités nacen coa finalidade de analizar e facilita-lo proceso de decisión clínica nas situacións de conflitos éticos entre persoal sanitario, pacientes e institucións. Estes comités actuarán de órganos consultivos e de asesoramento en materia de ética asistencial. Todo isto redundará nunha maior protección dos dereitos e da liberdade dos pacientes, pero co debido asesoramento.

Maior calidade de vida para o sector agrario.

A mellora das estruturas agrarias é un dos obxectivos principais da política da Xunta de Galicia. Trátase de obter explotacións cunhas dimensións suficientes para que sexan rendibles, mellorando á súa vez as comunicacións e a calidade de vida no sector agrario.

Emprendemos agora novas actuacións que, contempladas á luz da situación actual, nos permitirán seguir avanzando tanto na competitividade das explotacións agrícolas como na súa relevancia social. Con tal fin, e durante a actual lexislatura, será presentada, se Deus quere, neste Parlamento, unha nova Lei de concentración parcelaria, que contén as seguintes novidades:

O ámbito da lei será “a ordenación de fincas rústicas, mellorando a súa estrutura productiva”, co que a

concentración xa non poderá ser contemplada como un fin en si mesma, senón como un medio.

Axilización dos procedementos, reducíndoos a dúas fases —bases e acordo—, e regulamento con precisión dos subperímetros cultivados, cultivables e forestais.

Creación dun Fondo de terras e establecemento de liñas de axuda para a adquisición de terras agrícolas.

Instrumentación dos procedementos de valoración sobre o cumprimento dos fins pretendidos, á vez que se establecerá un réxime sancionador no caso de incumprimento.

Existen tamén outras novidades que teremos ocasión de discutir no seu momento. Polo momento sinalarei que pretendemos establecer de forma complementaria actuacións tendentes á mobilización de terras agrarias ociosas —xa teño un estudio así de alto no meu despacho—, cos obxectivos de racionalizalo uso da terra, reordena-los cultivos, corrixi-los desequilibrios productivos entre comarcas, moderniza-las estruturas productivas e mellora-la calidade de vida no sector agrario.

Trátase, como as súas señorías poden comprobar, dun plan novidoso, ambicioso e de longo alcance, que, unido ó Plan xeral relacionado co medio rural, do que antes falabamos, ofrece resposta ás necesidades de modernización e de maior rendibilidade do noso agro e que contará cunha importante dotación económica para a súa posta en práctica.

Sanidade gandeira.

O recente Libro branco sobre seguridade alimentaria, elaborado e publicado pola Comisión Europea, afirma con claridade que “a saúde e o benestar dos animais produtores de alimentos é esencial para a saúde pública e a protección dos consumidores”.

En Galicia puxéronse en marcha os primeiros programas universais de vacinación e sacrificio indemnizado. Incluso en ocasións se nos acusou de “celo excesivo” e de dificultar-la competencia co gando doutras zonas. O tempo, coma sempre, ou case sempre, déuno-la razón, e a nosa cabana é hoxe a máis saneada de todo o Estado.

Afortunadamente, vímonos libres dos escándalos alimentarios —eu sempre digo que as nosas vacas son demasiado listas para tolear—, que sacudiron a Europa durante os últimos anos. Pero todo isto non nos autoriza a baixa-la garda senón que imos continuar con maior empeño, se cabe, o labor emprendido.

O novo Programa sanitario 2000-2006, en marcha este mesmo ano, contempla novas medidas de protección ós consumidores. Nesta liña pretendemos estendelo ós programas de saneamento do ovino e do cabrún, establecendo un programa de prevención e control da alimentación animal e impulsando un programa de prevención e control de leucose e perineumonía bovinas. A salubridade das nosas producións gandeiras é unha obriga inescusable, e manteremos unha vixilancia permanente.

Novas medidas agroambientais.

A política agraria común, dentro das directrices contidas na Axenda 2000, propugna unha agricultura multifuncional que, entre outros obxectivos, contemple medidas que contribúan ó sostemento do medio ambiente natural. Con independencia das posibles discrepancias que poidan xurdir ó redor da distribución dos fondos comunitarios, a Xunta de Galicia comparte plenamente este obxectivo.

Nesta liña, temos preparado para a próxima lexislatura un ambicioso paquete de medidas, que comprende:

A expansión das razas de gando autóctonas en perigo de extinción, o que contribuirá ó mantemento da diversidade xenética, á fixación da poboación ó medio rural e á preservación medioambiental.

O fomento de técnicas agroambientais de xestión das explotacións gandeiras, en particular a gandería integrada e a gandería ecolóxica.

A xestión integrada das explotacións, favorecendo aquelas que se baseen no aproveitamento dos recursos naturais, limitando a degradación paisaxística e recuperando os sistemas de pastoreo.

O Programa de xestión de residuos gandeiros —este é un tema capital—, coa finalidade de evita-la contaminación e aproveita-los residuos agrogandeiros

—eu sempre digo que esta é a materia pendente—; fomentando o investimento en sistemas de almacenamento e transformación de subproductos de explotacións; apoiando a adquisición de medios de transporte e de distribución dos produtos orgánicos elaborados, tanto a nivel individual como colectivo, e impulsando a xestión dos efluentes e a redistribución de cargas.

Mellora da competitividade do sector lácteo.

Xa tiven ocasión de expor nesta Cámara as directrices básicas do Plan lácteo galego, actualmente en pleno desenvolvemento. Sinalarei agora que, pese ós tópicos ó uso, o noso sector lácteo está experimentando unha forte e positiva reestructuración, á vez que un importante rexuvenecemento. Así, o 60% da produción láctea galega está xa en mans de gandeiros menores de 50 anos, e son precisamente os menores de 40 anos, cunha porcentaxe de produción do 30%, os que rexentan as explotacións por riba dos 70.000 litros. Galicia segue mantendo, pois, o seu nivel productivo e a súa situación de cabeza, sen competencia, a nivel de España.

A mellora continuada na competitividade das nosas explotacións resulta imprescindible para poder abordar con éxito un futuro que vai vir condicionado tanto pola integración dos novos países da U.E., que é unha necesidade, como polas esixencias duns mercados cada vez máis abertos e globalizados. Parece mentira que aínda se esforcen algúns en non admitir esta realidade.

Polo tanto, a Xunta vai seguir traballando seriamente para mellora-la competitividade do noso sector lácteo. O camiño marcado para a consecución deste obxectivo pasa por: incrementa-la dimensión productiva das explotacións viables; fomenta-lo abandono das explotacións menos competitivas; mellora-lo nivel tecnolóxico das explotacións; mellora-la calidade do leite, especialmente na súa composición graxa; apoia-la consolidación de industrias viables; diversificar en áreas de negocio de alto valor engadido; apoia-la imaxe, prestixio, perfección e aceptación dos produtos lácteos galegos.

Modernización do sector pesqueiro.

O sector pesqueiro galego está sumido nun pro-

fundo proceso de modernización que agardamos que se complete a finais do actual período operativo dos fondos IFOP, é dicir, no ano 2006. Dende agora ata entón, calculamos que os empresarios investirán máis de 215.000 millóns de pesetas. Nese desafío, o sector contará co firme apoio das administracións comunitarias, central e autonómica, un apoio que se traducirá en subvencións superiores a máis do 50%; quere dicir, 112.000 millóns.

A maior porcentaxe de investimento estará dedicada á renovación e á modernización da flota. Para este exercicio acometeuse a construción de 90 barcos novos e a modernización de 110, cunhas axudas de 3.576 millóns de pesetas.

En canto ás empresas de transformación e procesamento dos produtos da pesca, o obxectivo ata o ano 2006 é crear novas instalacións, modernizar 900 establecementos e incrementa-la produción en 15.700 toneladas/ano.

O obxectivo no ámbito das empresas de comercialización, e co horizonte do ano 2006, é modernizar 600 establecementos e dispor de máis de 122.000 metros cadrados de superficie para a comercialización dos produtos da pesca en primeira venda e en destino. Para poñer un exemplo, están as novas lonxas de Vigo, de Celeiro...

Tamén resulta significativo o investimento nas instalacións de acuicultura. Está previsto actuar na modernización de 1.800 establecementos, co obxectivo de acadar unha produción anual de 340.600 toneladas de especies principais e 1.500 de novas especies. Así, cabe reitera-lo desenvolvemento do cultivo de novas especies, algunhas tan propias de Galicia e de tan alta demanda como o ollomol e o polbo. Este pulo da actividade acuícola galega está estreitamente vencellado ó proceso de incorporación de novas tecnoloxías, do que é unha mostra significativa o novidoso sistema de cultivos mariños fabricado en polietileno, non contaminante e de máxima resistencia, flexibilidade e adaptabilidade ó medio. Estas novas bateas funcionan xa con carácter experimental no Grove, dedicadas ó cultivo de moluscos bivalvos e engorde de polbo; son só o comezo doutras reformas importantes.

Optimización dos recursos de investigación mariña: creación dun Centro Tecnolóxico do Mar.

A nosa Comunidade Autónoma conta cunha infraestrutura de investigación mariña de primeira orde, tanto polo número de centros como pola cualificación dos seus científicos. Co propósito de integrar nun centro tódolos recursos dispoñibles en formación, investigación e tecnoloxía, o Goberno central e a Xunta de Galicia están a última-la posta en marcha do Centro Tecnolóxico do Mar, que agardamos que entre en funcionamento a finais deste ano en Vigo.

O seu obxectivo é optimiza-los medios dispoñibles neste ámbito e lidera-lo desenvolvemento tecnolóxico, proporcionándolle ó sector os soportes científicos necesarios e as recomendacións máis precisas sobre tecnoloxías emerxentes, para unha actividade máis competitiva en tódalas ordes.

Este complexo tecnolóxico estará estruturado en sete grandes áreas: control e xestión do medio e dos recursos; tecnoloxía da pesca; tecnoloxía dos produtos pesqueiros; socioeconomía da pesca; promoción e transferencia de tecnoloxía; formación; cooperación internacional.

A pesca de baixura: un esforzo pola racionalización.

O Plan de ordenación da pesca de baixura, posto en marcha este ano, e que se estenderá ata o 2011, vai representar un auténtico punto de inflexión sobre as formas de exercer esta pesqueira artesanal, con criterios de xestión cada vez máis racionais, e que permitirán compatiliza-la rendibilidade da flota coa sostibilidade dos recursos pesqueiros na nosa estreita plataforma.

Está prevista a creación dunha Axencia de Desenvolvemento do Litoral, operativa a comezos do 2001 e que contará cun equipo de trinta profesionais distribuídos en cinco unidades. A unidade central disporá de especialistas en deseño, asesoramento e avaliación de plans e proxectos, á medida de cada subsector e de cada zona. Pola súa banda, os axentes locais destinados nas catro unidades de zona estarán encargados de fomentar e coordina-la formación do colectivo, promove-lo crecemento dos recursos de cada porto, incentiva-lo colectivo de pescadores para traballar cooperativamente e, en xeral, impulsar iniciativas que contribúan a favorece-lo desenvolvemento económico e social das comunidades de pescadores.

Evolución do marisqueo a pé.

O subsector do marisqueo a pé está experimentando nos últimos anos un profundo proceso de transformación, protagonizado polas agrupacións de mariscadoras participantes no Plan Galicia para a profesionalización desta actividade.

Foi nos primeiros anos da década dos noventa cando de forma eficaz se puxo en marcha este proceso, baseado fundamentalmente na aplicación de técnicas de semicultivo, polo que as mariscadoras deixaron de ser simples recolledoras e convertéronse en profesionais cultivadoras.

Estas iniciativas, xunto con outras actuacións promovidas dende a Administración galega, materializáronse no denominado Plan Galicia e constituíron as bases da ordenación e profesionalización do marisqueo a pé.

Este cambio de actitude e de mentalidade do colectivo pode cuantificarse, xa que nos últimos dez anos se triplicou a produción marisqueira de Galicia, que pasou de 3.466 toneladas en 1990 a 9.214 toneladas en 1999. Falo sempre do marisqueo a pé.

Dez anos salvando vidas.

O Servicio de Busca e Salvamento Marítimo celebra este ano o seu décimo aniversario. No momento da súa creación, en 1990, o Goberno de Galicia fixo unha aposta extraordinariamente valente, posto que se trataba, daquela, do primeiro servizo destas características en toda España, sendo pioneiro na utilización de helicópteros e tripulacións civís para misións de salvamento. O carácter polivalente do servizo, e a súa actitude proactiva pola cultura da seguridade dos pescadores, fan del —creo eu— o máis operativo da costa europea.

Témo-la satisfacción de poder falar del como un servizo plenamente consolidado, ó que lle mando tódolos meus parabéns, recoñecido internacionalmente pola súa máxima eficacia e operatividade; estes mesmos días tivemos varias probas disto. Pero o máis satisfactorio de todo é informar de que este servizo leva axudado a máis de 3.200 persoas, moitas delas en situacións de perigo grave e inminente. Como é natural, neste labor, que ten tanto de técnico como de hu-

manitario, debemos salienta-la entrega e a valía das tripulacións, así como a permanente renovación e mellora dos medios técnicos cos que conta o servizo. Os seus helicópteros incorporan hoxe a tecnoloxía máis moderna e eficaz para o salvamento marítimo.

Nese camiño de permanente renovación imos continuar, co propósito de ofrecer sempre as mellores solucións para que os mariñeiros desenvolvan a súa actividade cos maiores niveis de seguridade.

Infraestructuras xudiciais.

No ano 2001 rematará a primeira fase do Plan de ampliación de infraestructuras xudiciais de Galicia, a través do que se está levando a cabo a construción de máis de vinte edificios xudiciais, xunto coa recente rehabilitación da magnífica sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Xa está prevista unha segunda fase, que permitirá a remodelación dos Pazos de Xustiza de Ourense, Lugo e Pontevedra, de xeito que nos próximos anos quedarán rehabilitados, en perfecto estado, os edificios máis emblemáticos da Administración de Xustiza nesta Comunidade Autónoma.

Agora considérase necesario que, xunto coa segunda fase do Plan de infraestructuras, se acometa o equipamento das oficinas xudiciais para adecualas ás esixencias de hoxe.

Finalmente, e co ánimo de mellora-lo control e posteriormente a xestión dos medios materiais ó servizo da Administración de Xustiza, está previsto levar a cabo un inventario destes que requirirá a colaboración de tódalas partes implicadas.

Relacións laborais.

Convencidos de que o investimento en seguridade e saúde laboral é unha obriga ineludible e especialmente necesaria e oportuna hoxe para protexer-las traballadores, e co obxecto de lograr unha diminución substancial das taxas de sinistralidade laboral, estanse a executar un conxunto de programas entre os que merece destacarse o Plan de acción sobre sinistralidade laboral. Bo exemplo, sen dúbida, do resultado da cooperación entre os responsables da prevención.

Con carácter xenérico, a través do devandito plan, preténdese o desenvolvemento dun conxunto de actividades consideradas prioritarias, encamiñadas a sensibiliza-la sociedade e a introducir nela unha verdadeira cultura da prevención. Para tal fin, dende a nosa Administración deséñanse actuacións de apoio, asesoramento técnico, formación e información, así como de vixilancia e control, debendo destacarse pola súa importancia no obxectivo de da-la volta á tendencia alcista dos accidentes de traballo —gracias a Deus non os máis graves, que están retrocedendo— o plan de choque denominado Proxecto 1100, dirixido ó control do cumprimento da normativa naquelas empresas que concentran os maiores índices de sinistralidade.

Pero calquera acción legalmente establecida como instrumento de loita contra a sinistralidade non terá a eficacia desexada se non se acompaña dun compromiso conxunto entre tódalas partes implicadas, ata lograr que a cultura da prevención sexa unha realidade social.

Administración local.

Case materializados os trasposos de competencias que a Constitución prevía respecto do chamado Estado autonómico, cómpre agora, no marco do mesmo programa e en relación coa proposta galega de Administración única, acomete-la tarefa de negociarmos un pacto local que faga realidade a premisa de que cada competencia administrativa achegue maior eficacia na prestación do servizo ó cidadán.

Este proceso de transferencias competenciais permitirá conseguí-los seguintes obxectivos:

Evitar duplicidades en todos e cada un dos niveis administrativos, reducíndose, en consecuencia, o gasto público que puidera derivarse da existencia de burocracias paralelas con idénticas funcións.

Garanti-lo cumprimento dos principios constitucionais de descentralización, coordinación e eficacia administrativa.

Incrementa-lo nivel de coñecemento e participación do cidadán nos asuntos públicos.

Quero anunciar tamén que xa se encontran en

avanzado estado as negociacións para o traspaso ós concellos dunha serie de competencias en materia de servizos sociais que agora mesmo ten atribuídas a Xunta de Galicia.

Deporte ó alcance de todos.

É incuestionable que hoxe en día o deporte está ó alcance da case totalidade da poboación galega. O esforzo realizado nos últimos anos, e teño que dicir que cun excelente exemplo de cooperación entre diversos niveis da Administración, autonómica, provincial e local, para dota-los concellos de instalacións deportivas, así como o apoio decidido ós clubs e entidades, sitúa a Galicia como unha das comunidades autónomas máis sensibilizadas no feito deportivo, pensando na súa importancia para a saúde física e mesmo mental, gracias a unha política de promoción e extensión.

A Xunta leva máis de dez anos facendo do deporte unha das constantes que miden o progreso da nosa comunidade. En Galicia pasamos dunha sociedade de simples espectadores a unha comunidade na que a práctica das diversas actividades deportivas se incrementou notablemente.

No eido das instalacións, e ó longo do presente ano, estanse a levar a cabo nos concellos, repito que en colaboración eficaz coas administracións provinciais e locais, obras de infraestrutura por importe de máis de 5.000 millóns de pesetas, destinadas a completa-lo parque de espazos deportivos. Cómpre engadir a esta cifra preto de 600 millóns máis investidos na construción de pavillóns polideportivos e postos á disposición de colexios e institutos.

No capítulo da actividade deportiva cabe salientalo Plan de axudas ás entidades federadas, das que se beneficiou fundamentalmente o deporte de base, así como o Programa de tecnificación, que tan bos resultados está proporcionando ó deporte galego. Non hai que esquecer tampouco o gran labor de promoción deportiva que supón a Campaña de actividade física en idade escolar, organizada no curso 1999/2000 e na que participaron 147.000 rapazas e rapaces galegos.

I+D+I: investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

No actual proceso de cambios tecnolóxicos acele-

rados a Xunta de Galicia asume plenamente a importancia da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación como o mellor viero para contribuír á construción dun país máis competitivo e moderno. O mellor xeito de responder a esta responsabilidade é a execución rigorosa, día a día e minuto a minuto, do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico para a innovación, como foi a creación nesta lexislatura da secretaría xeral correspondente.

A Xunta está a elaborar, anticipadamente, un novo plan para o período 2002-2005, integrado nos obxectivos do Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006 (Pedega). Este proxecto pretende afondar nos procesos de integración e coordinación de tódolos axentes e accións, e representará un firme e decisivo impulso para a mellora do sistema productivo.

Relacións cos medios de comunicación.

Nesta época, fortemente marcada pola globalización, non queda máis remedio que darnos a coñecer para facernos valer, para difundir-los nosos obxectivos e para defende-los nosos programas.

Todo iso pódese facer realidade a través dunha axeitada política de comunicación, que deberá xirar arredor de dúas premisas básicas: darnos a coñecer e proxectar Galicia máis alá das nosas fronteiras, tanto no ámbito nacional como no internacional; e, por outra banda, explicar obxectivamente as accións da Administración. Só así a nosa sociedade disporá de suficientes elementos de xuízo para analiza-la realidade multifactorial na que nos movemos.

En efecto, señor presidente, señoras e señores deputados, a tantas veces —coma sempre— criticada política de comunicación da Xunta aséntase sobre os mesmos elementos do xornalismo de hoxe e de sempre: rigor e obxectividade, cuestións ás que ningún profesional debe nin pode renunciar xamais. Isto cómpre dicilo en honor á verdade e en defensa duns xornalistas, moitas veces cuestionados nesta Cámara por realiza-lo seu traballo con dedicación e dignidade.

Á Xunta non lle fai falla mentir nin enganar nin esaxerar. O Executivo galego, á altura da institución que representa e centrado na defensa dos intereses de

Galicia, cumpre coa súa obriga de informar á cidadanía. Ademais, señorías, o departamento informativo da Xunta vén favorecendo, con medidas concretas, a promoción e o uso do galego nos medios de comunicación social. Entendemos que así se contribúe a normalizar, nun campo tan esencial, o idioma propio deste país.

Nese senso é preciso recoñece-lo labor que veñen desenvolvendo a Radio e a Televisión de Galicia, pero tamén é xusto subliñar-lo esforzo que outros medios están a facer cada día para incrementa-lo uso e a presenza do galego, para o cal teñen as axudas da Xunta.

A Galicia do alén: a imparable forza da galeguidade.

No que se refire á nosa decidida acción de apoio ás comunidades de emigrantes galegos no resto de España, en América, en Europa e —repito— ata en Australia, onde fixo a súa acción inmortal Frei Rosendo Salvado, continuaremos alentando e promovendo cantas actividades sexan necesarias. Como fillo, que se honra de ser, de emigrantes, considero que a miña obriga é atender, dentro das posibilidades, a tódolos que representan honrosamente a Galicia estando lonxe dela, e que hoxe pasan polas indubidables problemáticas do envellecemento e da non-renovación.

Neste senso atendémo-los ós máis mozos, nunha clara política de integración, e os maiores, cun senso social solidario; coa mesma entrega que demostraron as nosas colectividades da diáspora ó longo dun século de dura emigración, con máis espiñas que rosas.

Máis de 1.800 cursos impartidos no exterior, entre outras actividades, destinados ás nosas institucións emigradas, demostran entrega e sensibilidade para achegarnos ós problemas e preocupacións duns irmáns que traballan e viven lonxe da terra.

Estamos convencidos de que nesta década os galegos do exterior tamén gañaron autoestima e orgullo, recuperando unha galeguidade ás veces adormecida. E tamén estou certo de que seguiremos acrecentando a unidade dos galegos de fóra, por riba de distancias xeográficas e xeracionais, porque son os mellores fillos de Galicia e porque representan unha verdadeira

universalidade.

Acción exterior e Unión Europea.

Polo que atinxe á acción exterior da Xunta, cómpre colocar en primeiro plano, e dun xeito moi especial, as nosas relacións especialísimas coa rexión norte de Portugal, obxectivo no que puxen un empeño persoal e no que se están superando tódalas expectativas. Ó acceder recentemente de novo á Presidencia da comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal, ti ven a grata oportunidade de facer balance das múltiples iniciativas conxuntas no terreo dos servizos públicos.

Tamén merece unha particular mención o esforzo coordinador entre as administracións públicas de tódolos niveis das dúas ribeiras do Miño, que son a proba irrefutable dun labor serio e responsable no seo da comunidade de traballo luso-galaica e das comunidades territoriais de cooperación dos vales do Limia, do Támega e do Miño, integradas por 69 concellos galegos e por 16 cámaras municipais portuguesas.

En canto á adhesión ó Eixe Atlántico, que agrupa as 18 cidades máis populosas da nosa eurrrexión, temos reclamado, en franco consenso institucional, a atención da Unión Europea. Gracias a esta sintonía de traballo e proxectos comúns, hoxe podemos dispor do financiamento comunitario imprescindible a través da iniciativa Interreg III-A, que materializará o Programa de acción conxunta Galicia-Norte de Portugal para o período 2000/2006.

Para que Galicia poida seguir contando coas axudas europeas trala proxectada ampliación da UE ós países do Leste, presenteille recentemente un informe ó comisario de Política Rexional Europea, o señor Michel Barnier, quen, por certo, acolleu moi favorablemente a nosa proposta de continuación do Plan formativo e outros proxectos relacionados coa cooperación e coa estruturación das rexións europeas.

Galicia coopera coa Comisión Europea no marco da elaboración do próximo Libro branco sobre novas formas de Goberno en Europa, co que se desexa brindar un maior protagonismo ás entidades políticas territoriais no tecido institucional e integrador comunitario, efectuando alí as nosas achegas para conseguir unha Europa máis próxima ós cidadáns, onde imperen

os principios de subsidiariedade e solidariedade e onde se repeten os dereitos dos pobos e das culturas.

A Presidencia que me honro en ostentar e a Vicepresidencia do Comité das Rexións da Unión Europea colócanos nunha posición privilexiada para o deseño de propostas estratéxicas que se presentan á Comisión e ó Consello de Ministros comunitarios.

A nosa posición consolida, así mesmo, a percepción que de nós se ten en case toda Latinoamérica, como socio institucional privilexiado para a cooperación entre entidades políticas de ámbolos dous continentes, tanto pola interesante rede coordinadora na que somos protagonistas, como por formarmos parte integrante da primeira nación investidora naqueles países entre tódolos integrantes da Unión Europea.

Só así se pode explicar que Galicia acollese, por ver primeira fóra do continente americano, a celebración de encontros económicos e empresariais ó máis alto nivel e coa participación de representantes políticos e sociais eurolatinoamericanos. Tamén cómpre destacar que Galicia é convidada a cotío a participar nas estruturas rexionais de integración que se están asentando na área do Mercosur, introducindo xa que logo e de maneira privilexiada as nosas empresas nese prometedor mercado, ampliable ós asociados Chile e Bolivia.

Velaí como durante o pasado ano e o que vai deste Galicia gañou en protagonismo exterior, actuando dentro das súas competencias constitucionais e estatutarias. Este Parlamento ten participado, así mesmo, nesa intensa actividade exterior liderando —e ben pronto haberá testemuño disto, polo que felicito o noso presidente— a rede das asembleas lexislativas europeas e noutros importantes eventos relacionados con Europa e con América.

Debemos aproveitar axeitadamente os ventos dunha ineludible internacionalización, non só no crematístico ou financeiro, senón tamén no cultural, social e no inmediato. Rachar definitivamente coas posicións illacionistas é algo primordial, xa que a introspección nos condenaría á inactividade e a perde-las interesantes oportunidades conseguidas coa nosa decidida acción exterior.

Reflexión final.

Señor presidente, señorías, permítanme unha reflexión final.

Fixen ata aquí unha pomenorizada exposición do labor do Goberno galego no último ano, en relación con accións do último decenio e dos proxectos que reclamarán a nosa atención nos próximos meses.

Galicia foi ata o de agora, para moitos, unha fermosa descoñecida. Fermosa, pero tinguida dun fatalismo e dun victimismo históricos. Asegúrolles que a miña primeira preocupación, o norte principal das accións do noso Goberno, foi a loita contra esa corrente de fondo.

Queremos, en primeiro lugar, asenta-la nosa terra sobre bases firmes, unha defensa *a ultranza* de Galicia, coidando das nosas raíces para que dean froitos novos; revitalizando a nosa cultura para proxectar cara adiante o labor dos nosos devanceiros, dignificando e potenciando o noso idioma, principal signo da identidade. Estas foron as guías da nosa acción de goberno durante a década que remata: o orgullo de sermos galegos. Galicia é unha comunidade vella e nova ó mesmo tempo, ollando con confianza cara ó futuro, pero é unha Galicia que, estando orgullosa de si mesma, se sente a un tempo integrada en España, esa grande realidade histórica, integrada por historia e por convicción, sabendo que no actual Estado das autonomías Galicia ten reservado un papel importante.

Sentímonos a gusto dentro de España, porque nos interesa, porque necesítamo-la solidariedade, porque podemos achegarlles moito a outros. Nós sabemos que este proxecto só é realizable dentro de España, co apoio decidido do Goberno nacional e co apoio de Europa. Temos recibido moito durante os últimos dez anos, pero tamén temos dado moito.

Contribuímos modestamente á prosperidade de home e temos colaborado leal e firmemente co Goberno da nación na tarefa común de levar a España e a Galicia ó lugar que lles corresponde, sen concesións, antepoñendo, por suposto, por riba de todo, os intereses da nosa terra.

Sempre en Galicia, pero sabendo que este obxectivo só é posible dentro da Europa das autonomías, dentro da Europa que estamos a construír unida entre todos.

Completámo-la estrutura institucional: Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo. Tamén logramos que Galicia sexa hoxe a Comunidade Autónoma con maior nivel de competencias e a nosa Administración pública a máis avanzada tecnoloxicamente.

Non só se trataba de infraestruturas, tratábase de educación, de cultura, de tecnoloxía, de formación, de incentivos empresariais, de todo aquilo que axudara ó noso desenvolvemento económico.

Solidariedade, unha verba fermosa, non sempre aplicada a fondo, con seriedade. No noso caso tradúcese en atención á xuventude, á terceira idade, á sanidade pública, ós nosos emigrantes, en todo o que sirva para este país. Aí están os novos centros socioculturais, xardíns de infancia, hospitais, centros de saúde, institutos, bibliotecas, polideportivos; basta con percorre-lo territorio galego para atoparse con algunha destas mostras. Estas son realidades e feitos.

Restauración das nosas igrexas, catedrais, núcleos históricos, castros, arquitectura popular; só son algúns exemplos dunha constante preocupación por transmitirles ás xeracións futuras o legado histórico que recibimos en herdo.

A verdadeira loita por unha ecoloxía racional: tratamento dos residuos, política hidráulica, depuradoras, estacións de tratamentos residuais, maior calidade da auga e defensa da paisaxe e dos ríos son realidades e logros que son consecuencia dunha política firme, dun goberno estable, dun proxecto claro.

Claro que non todo está feito, ¡nin moito menos! ¡Falta moito! Porque o reloxo na carreira da historia non para nunca. Cómpre ter moi presente cada día que veña, cada minuto que chegue, a pregunta inicial: ¿Cal é a Galicia que queremos? Unha Galicia disposta a competir por un lugar de vangarda en España, en Europa e no mundo.

Hoxe somos líderes en áreas tecnolóxicas consideradas como estratéxicas. As telecomunicacións e a sociedade da información e do coñecemento foron a nosa preocupación na súa hora, e gracias ó esforzo realizado considerámonos preparados, pero cómpre seguir adiante.

Roto o illamento, somos un país idóneo para o investimento. Hai quen que criticaba o exceso de solo industrial, agora falta por todas partes, ¡Haberao!, pero fai falla atraer máis capitais, multiplica-la economía, culmina-lo actual despegue turístico.

Tamén necesitabamos, como dicíamos, completalas infraestruturas, como a reforma a fondo do ferrocarril e da transcantábrica. E nisto, a pesar dalgúns escépticos e descrídos, tamén os tivemos na fase anterior, a inmensa maioría deste pobo, que é vello e sabio, saberá confiar na palabra, no que considero un compromiso coa nosa terra. Polo tanto, ninguén de nós pensa en descansar, nin para coller alento, ata ver rematado o proxecto de Galicia, e dentro del quero especificar de modo claro, fronte a algunhas calumnias e malas interpretacións, agora mesmo o proxecto ferroviario.

Os populares galegos temos en Madrid un goberno popular que comparte os nosos obxectivos e que colaborará decididamente na consecución das nosas metas. Demostramos con exemplos abondos que cando Galicia fala, con voz firme e serena, facendo peticións sensatas e posibles, sempre é oída e atendida.

Cómpre seguir avanzando, sobre todo nun capítulo tan decisivo como é a formación dos máis novos. A xuventude é o futuro, eles merecen maior desenvolvemento técnico, maior calidade no ensino, e, ó remataren os seus estudos, un posto de traballo digno, unha vivenda, un futuro...

Pero ¿quen ía soñar hai só dúas décadas cunha Galicia con tres universidades, non no papel, senón na realidade, cun sistema dos máis completos de España no ensino, con milleiros de posgraduados en tódalas carreiras? Reitero, unha vez máis, que Galicia defenderá, con unllas e dentes, a súa tradición e vocación pesqueira, o que significa apoiar decididamente os homes de mar, a nosa flota.

E o mesmo digo, e falei disto de modo especial, e con datos concretos, da recuperación do mundo rural. Estamos nas mellores condicións para crear un sistema integrado, promovendo actividades que acheguen calidade de vida ós homes e mulleres do rural, para conquistar de aquí ó 2006 un sector gandeiro capaz de competir nun mercado aberto. Sei que non é tarefa fácil, pero témo-la obriga de poñer-los medios neces-

rios.

É indispensable un plan coordinado co Goberno nacional e coa Comunidade Europea, combinando medidas sociais e fiscais, como as reducións do IRPF, garderías económicas, réxime especial para a muller embarazada, permisos posparto, facilidades para o acceso e a mellora das vivendas e moitas outras accións que leven a un aumento das taxas de natalidade e a un equilibrio da poboación.

E remato, señor presidente, señorías.

Todos somos conscientes de que este debate sobre o estado da nosa Autonomía ten lugar nun momento importante. Máis alá dos tópicos sobre a fin de século e o comezo do milenio ninguén pode dubidar da transcendencia do final desta lexislatura, a terceira, a que, con gran responsabilidade para todos, pero especialmente para o Grupo Popular, foi apoiada para un proxecto pola confianza maioritaria dos galegos.

Este é, en todas partes e tamén para nós, un tempo de cambios na realidade que nos rodea, e, polo tanto, de reformas necesarias. Por algo é que as forzas políticas se replantexan os liderados, cambian os sistemas de organización, mudan os programas e estilos, e, en non poucos casos, mesmo varían os seus principios.

Pois ben, de canto teño dito dedúcese que o Partido Popular de Galicia, unha vez máis, aposta pola reforma como vía media entre o inmovilismo nostálgico e a utopía revolucionaria. Así o estamos facendo a nivel mundial, europeo, español, e farémolo, por suposto, en Galicia.

Facémolo así porque tomamos en serio a realidade humana e social, porque non queremos outra cousa que non sexa o ben e o progreso de Galicia e de España, realidades culturais e históricas que merecen o noso respecto. Realidades que, por ser humanas e sociais, son vivas e están en constante transformación, e así, mentres sexan corpos da historia da humanidade, na que, por certo, nos corresponde unha parte de bo tamaño e de alta calidade.

Non se trata de improvisar, de inventar Galicia nin España, pasou o tempo das ideoloxías globalizadoras e salvadoras. Trátase de reformalas á altura dos tempos e das necesidades; de melloralas en todo o posi-

ble, para facelas máis eficientes e competitivas, nun mundo globalizado e interdependente; trátase, señor presidente, señoras e señores deputados, de que os galegos e tódolos outros españois dispoñan cada vez máis de mellores comunicacións e servizos, de máis oportunidades para unha vida digna nunha sociedade aberta, mellores leis e defensas contra a inxustiza, maior confianza nos seus compatriotas e mellores vías para solucionar os conflitos que se vaian producindo.

De ningún xeito se trata de volver inventalo que xa somos nin de racha-lo que a realidade xeográfica e histórica ten unido nin de buscar na confrontación de clases, de territorios, de linguas ou de culturas o que só pode obter pola mutua comprensión, pola tolerancia na diversidade, pola creatividade na competencia lexítima, non pola violencia ou pola hipocrisía.

Estamos entrando na nova era coa esperanza nunha educación ó alcance de todos; nuns recursos de capital e de confianza que permitan a obra creadora dos que sexan capaces de emprender e de innovar; da superación da marxinalidade e da miseria, do odio e da envexa, propoñéndonos, porque somos capaces, a continuación renovada do que fixeron os nosos maiores, contando para iso con máis medios e ilusións fortalecidas.

Nese espírito, esperamos renova-la confianza do noso gran pobo, para seguir adiante, contando coa axuda de Deus e do noso patrón Santiago, respondendo hoxe á interrogación dun grande poeta da terra, Ramón Cabanillas —a quen, por certo, tiven a sorte de coñecer e de tratar—, cando en versos emocionados se preguntaba: “Á voz da nosa terra, máis forte, e á oración, que a lei, que o ferro..., decídelle ó voso sangue, ¿son chegados os tempos?”. Eu estou plenamente convencido de que si. Non entramos pesimistas, como no ano 1000, entramos con oportunidades no 2000.

Señoras e señores representantes do pobo galego, estou persuadido de que os tempos son chegados.

Dixen. *(Grandes e prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente da Xunta de Galicia.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O señor PRESIDENTE: Antes de proceder á suspensión desta sesión e seguindo o desexo de tódolos grupos parlamentarios —por desgracia, hai que dicilo—, temos que repeti-la condena idéntica —pero con distinto nome de vítima— á que xa aprobamos na sesión celebrada o día 26 de setembro último. Por iso, e co desexo de que esta sexa a derradeira, declaramos que:

O Parlamento de Galicia, desde a representación do pobo galego que encarna e ante o asasinato do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza da Audiencia de Andalucía, don Luis Portero, perpetrado en atentado terrorista, desexa en primeiro lugar facer chegar á familia da vítima a súa expresión de condolencia e de solidariedade, e manifesta a súa máis firme repulsa por este crime tan inícuo, como tódalas accións que supoñen o desprezo do máis fundamental e primario dereito á vida e de tódolos valores que sustentan a convivencia nun Estado democrático de dereito como o que a nosa Constitución consagra.

O Parlamento de Galicia expresa a súa convicción de que tales valores deben fundamenta-la unidade de todos fronte ós que pretenden impo-la súa vontade totalitaria por medio da violencia e do terror, e alenta a toda a sociedade galega e ás súas institucións a seguiren traballando na defensa daqueles valores.

Eu, despois disto, pregaríalles a todos que acudiran á porta principal desta institución para facer unha manifestación pública de sentimento.

Dito isto, suspendémo-la sesión ata as cinco da tarde.

Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás doce e cincuenta minutos da tarde e reiníciase ás cinco da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro, do secretario e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo letrado señor Sarmiento Méndez.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado dos conselleiros de Sanidade e

Servicios Sociais, de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, e de Xusticia, Interior e Relacións Laborais.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde, reiniciámola sesión.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente, señorías.

Señor presidente do Goberno, antes de entrar na miña intervención propiamente dita, como resposta á intervención do señor Fraga —que me permitirá amigablemente dicirlle que foi algo plúmbea, creo que bastante burocrática e carente de alma, como produto de que non hai novos obxectivos, como produto de que non sexa capaz de formular novos retos e novas fronteiras—, quixéralle formular unha reflexión e unha petición directa, señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor Fraga veu aquí esta mañá e fixo unha auténtica proclama galeguista; afirmou ademais —non sei a quen se refería subliminalmente— que isto non era propiedade de ninguén. E eu digo: Señor Fraga, de acordo, e de vostede menos que de ninguén. Pero a continuación vostede apropiouse aquí de todo o mundo dunha forma *altanera*, e non como cabería esperar, tendo en conta a súa historia, dunha forma tranquila ou dunha maneira humilde. Non, vostede veu dar leccións de galeguismo histórico, apropiarse da historia do galeguismo e facer unha proclama deste tipo, o que non ten ningún dereito, e acusando os demais de sa intención.

Eu celebro que vostede asuma o galeguismo, porque iso, a pesar da súa historia, reflicte o avance das nosas ideas e a normalización política do país. Nós, os destes bancos, que defendemos sempre que o galeguismo como compromiso co noso país era unha liña fundamental, forza de modernización de Galicia, deberamos de ter hoxe unhas palabras de recoñecemento. E debería dicir: Señores da oposición, tiñan vostedes razón histórica. Eu estaba trabucado, caín hoxe, camiño de Damasco, do cabalo e pido desculpas —porque perdón só o pide ante Deus e o ante seu confesor, parece ser— porque os combatín e os perseguín

por defender estas ideas nesta tribuna.

Isto tería crédito, pero vostede non asume iso, vostede é capaz de asumir calquera cousa, calquera travestismo político, con tal de seguir no poder. Polo tanto, eu pídolle formalmente que recoñeza humildemente que vostede nunca foi, ou non foi sempre, galeguista, que se trabucou no pasado, e que nos dea, polo menos, unha satisfacción ós que si sempre fomos galeguistas e fomos precisamente perseguidos e combatidos por vostede por dicir esas cousas que vostede dixó nesta tribuna, ou algunhas desas cousas. Iso sería tamén avanzar na normalización política do país. O demais é unha apropiación indebida que non lle corresponde a vostede; a ninguén, pero a vostede menos que a ninguén.

Dito isto, parece clara a importancia deste debate. Tamén é certo que eu recoñezo que normalmente os que subimos a esta tribuna tendemos a magnificalos debates deste tipo, pero creo que nesta ocasión non é esaxerado dicir que ten a súa importancia, ou unha relativa importancia, primeiro, porque é o último debate desta lexislatura, e, segundo, porque é a última ocasión —estou seguro— na que terémola oportunidade de debater co señor Fraga neste Parlamento. Porque estou absolutamente convencido —e tódalas previsións apuntan a iso— de que o seguinte debate será xa directamente na campaña electoral, porque o señor Fraga, unha vez cumprido este trámite por imperativo legal, non lle volveremos ve-lo pelo neste Parlamento ata a disolución, e logo xa non teremos ocasións de debater, porque o que non se fai nunha campaña electoral, e menos co señor Fraga, é debater; é outra cousa. Polo tanto, é o último debate da lexislatura (*Un señor deputado do Bloque Nacionalista Galego*: Para algúns, si.) e é a última ocasión de debater en profundidade co señor presidente da Xunta na sede parlamentaria, como debería de ser normal nunha democracia normalizada.

A miña intervención, polo tanto, tendo en conta estas características e este contexto do debate, terá como referencia tres eixos fundamentais:

Primeiro, os resultados que deparan para Galicia dez anos de Goberno presidido por Fraga Iribarne. Este foi o espazo temporal escollido non por min senón polo propio señor presidente da Xunta de Galicia.

Fixo un breve resumo da súa década prodixiosa para proxectar unha campaña electoral *ad futurum*, demostrando que este debate, escollido polo señor Fraga, é un debate, en opinión do señor Fraga, electoral e non de balance serio dos nosos dez anos de goberno neste país.

Ó tempo, creo eu que convén establecer, e permitíraseme que estableza, entre as miñas conclusións unha relación causa-efecto entre a acción do Goberno e os resultados en política económica, social ou cultural; entre os resultados socioeconómicos e culturais do país. Isto parece claro, primeiro porque o señor Fraga así o fixo, é lóxico. El establece unha relación causa-efecto entre a súa acción de goberno e o que el considera positivo para o país. Polo tanto, eu teño o mesmo dereito a establecer esa relación causa-efecto entre a acción do Goberno e o que eu considero que é moi negativo como resultado desa acción de goberno presidida polo señor Fraga.

Por outra banda, non podería ser doutra maneira, porque, aínda tendo en conta os condicionamentos externos a toda acción política, é evidente que algún espazo político para diferentes alternativas hai, porque, se non as houbese, este mesmo acto sería un acto grotesco, non tería sentido democrático, porque só podería haber unha política determinada, e estaríamos delimitando ou debatendo quen podería xestionar mellor unha política inmutable. Para iso non fan falla nin eleccións nin parlamentos, farían falla, como teño dito noutras ocasións, unhas oposicións para que estivesen os mellores técnicos, capaces de xestionar a única política posible. Como iso non é así e o señor Fraga non pensa iso tampouco, pois entenderase que establezamos unha relación causa-efecto entre a acción do Goberno e os resultados.

O segundo eixo ó que me referirei é o papel do señor presidente da Xunta na política galega como dirixente político e como presidente do Goberno, cousa que eu creo unha posición na política galega moi negativa para o país, e a partir de agora non só sería moi negativa a súa continuidade política, como intentarei demostrar con datos, senón que desde o meu modesto punto de vista a continuidade da personalidade do señor Fraga na política galega, polo menos en postos de responsabilidade, como sustenta, é incompatible co futuro do noso país.

E terceiro, a formulación dunha alternativa política ó actual Goberno. É verdade que eu desde o primeiro debate de investidura desta lexislatura falei sempre da necesidade de ir artellando unha alternativa política, pero iso era, naturalmente, un desexo político, era un desexo que eu formulaba ante a Cámara e ante os cidadáns. Hoxe intentarei, no último punto da miña intervención, dar un paso máis e explicar cáles deben se-los contidos e a composición desa alternativa ó Goberno que vostede preside. Imos ver, pois, os tres elementos, estes tres elementos da vida política galega.

Escoitando a súa intervención hoxe, esta mañá, na que non en poucas ocasións parecía que erámo-los pioneiros de todo —practicamente se situou vostede como faro de occidente—, cheguei á conclusión elemental de que vostede segue tendo a mesma mentalidade de cando era ministro de Información, e unha divisa moi clara: vale máis aparentar que facer. E iso foi o que me situou esta mañá aquí: aparencias e non feitos. Pero os eufemismos, señor Fraga, non crean a realidade, en todo caso demostran a capacidade da linguaxe para ocultala momentaneamente. Nós temos unha opinión radicalmente diferente da situación e da súa acción de goberno. Permítame dicirle que creo que a nosa é máis realista que a súa, e está apoiada en datos certos, non maquillados ou parciais, como os que vostede deu esta mañá, e son incontrovertibles. Partirei, pois, dunha afirmación que pretendo demostrar.

Despois de dez anos de Goberno Fraga temos menos progreso relativo en Galicia, menos peso económico, practicamente nulo peso político e menos democracia. Repito: menos progreso relativo, menos peso económico, practicamente nulo peso político e menos democracia. Eu creo que durante estes dez anos a Xunta de Galicia careceu dun proxecto político e económico, careceu dunha política económica e orzamentaria que mereza tal nome e que teña como obxectivo os únicos obxectivos que unha política económica ten que ter, pode ter, que é logra-la converxencia real en termos de renda e de emprego con España e con Europa.

¿Vostede cre, sinceramente, señor Fraga, que avanzamos na converxencia real, en termos de renda e de emprego, con España e con Europa nestes dez

anos? Vostede referiuse ás cifras. No ano 1991, que vostede citou, nós tiñamos en Galicia 1.013.000 empregados. No ano 1999, que é o único completo, temos 941.000; é dicir, 75.000 menos que cando vostede chegou á Xunta de Galicia. Pero, ¿que pasou nese mesmo período en España, señor Fraga? Con crecements do PIB similares —depende das fontes, como vostede sabe—, vostede dixo que medrara algo máis Galicia, pero éme igual, aínda máis ó meu favor. Se medramos máis, que medramos aproximadamente o mesmo en termos de PIB que en España, ¿por que en España se crearon nese período un millón de postos de traballo e nós perdemos 75.000? Algunha explicación terá que dar vostede a iso. ¿Que relación causa-efecto ten a súa política con ese demoledor resultado? Algunha terá que haber. Os máis defensores da Xunta de Galicia, señora conselleira, —que está aquí— dinos sempre que témo-lo problema agrario. Claro que témo-lo problema agrario, eu non o negarei, pero vostede comprenderá que un país é un todo, non pode vostede marxinar medio millón de persoas sen darlles perspectiva, esperanza ou integración social. Pero ademais iso non o explica todo, señora conselleira e señor Fraga, porque comunidades autónomas de España que teñen un peso agrario decisivo na súa economía medraron en emprego o dobre que a nosa, como Castela-A Mancha ou Extremadura, e son comunidades plenamente agrarias. Polo tanto, o problema do peso agrario, que é un problema importante, non o explica todo.

É evidente que, en termos de creación de emprego, o crecemento espectacular que a economía española e a economía galega produciron ou experimentaron nestes anos non se traduciu na creación de emprego suficientemente.

É verdade que no ano 1998-1999 eu recoñezo que se creou emprego neto en Galicia —eu non oculto as cifras, como fan outros, nin as maquillo—. Creouse emprego neto, por primeira vez na década, no ano 1998 e no ano 1999. Pero, claro, no ano 1999 nós medrámo-lo 3,8% ou o 3,9% —non sei moi ben— do PIB, señor Orza, o 4%, e creámo-lo 1,5% de emprego. En España medraron exactamente igual, (*O señor Pérez Varela*: 4,8.)o 3,8%, o 4%, e crearon o 3,4%. Pero no ano 1999, con crecements similares en torno ó 4% ou ó 4,2%, Galicia creou emprego neto, o 2,6%, e España o 4,7%. É dicir, non só durante a década se-

nón nos mellores anos de creación de emprego neto en Galicia seguimos sen ter converxencia, cada vez separámonos máis na creación de emprego do Estado español, da media española.

¿Parécelle, polo tanto, sinceramente que iso pode ser un dato positivo? ¿Son reais ou non son reais as cifras que aquí se manexan? ¿Son reais ou non son reais os procesos que aquí acabo de describir? Pero o máis grave non é o dito, é que isto se produce no ciclo alcista da economía española e galega máis importante dos últimos anos. Levamos varios anos medrando dunha forma extraordinaria; a nosa economía, a economía galega, española e europea, está nun ciclo alcista, polo tanto, de longa duración e de tremenda intensidade, que dificilmente se poderá repetir.

Con estes datos, señor Fraga, porque hai que darlle unha esperanza e un futuro ó país, ¿que ocorrerá se non damos feito a converxencia en termos de emprego, e moi ó contrario, nos afastamos da media española? ¿Que ocorrerá cando cambie o ciclo económico ou cando nos retiren as axudas comunitarias? ¿Cal é o futuro deste país, da súa estrutura económica e da súa estrutura laboral? ¿Cal é o futuro? Vostede non falou desas posibilidades, nin das previsións económicas nin orzamentarias para evitar ou diminuí-lo posible cambio de ciclo económico ou a retirada dos fondos da Unión Europea do ano 2006, cousa que de-sexo que non ocorra.

Pero, ademais diso, sobre o emprego, habería que dar polo menos dous datos máis, que vostede calou, primeiro, sobre a precariedade do noso emprego. ¿Por que cala vostede eses datos como presidente dun goberno, cando lle dedica tanto tempo ó emprego? ¿Por que non di que seguimos estancados no 34% do emprego precario en Galicia? E aínda lle vou dar un dato máis que debería de avergonzar a calquera gobernante democrático, e é que a precariedade baixou tres puntos na empresa privada, pero aumentou catro na Administración pública.

Señor Fraga, señora conselleira, ¿con que cara dura se poden dirixir vostedes ós empresarios privados para que se transforme o emprego precario en fixo cando a Administración pública, en vez de dar exemplo, aumenta a precariedade no emprego entre as dependencias que dependen dela, na Administración pú-

blica, no sector público da economía? Vostedes non teñen credibilidade, porque incluso había que presionar máis os empresarios, pero, desde logo, o primeiro exemplo tiña que da-la Administración pública. ¿Como van vostedes a presionar os empresarios se vostedes son os primeiros que incumpren, naturalmente, a loita contra a precariedade laboral? ¿E o paro feminino, señor Fraga, que lle esqueceu, non sei por qué? Segue sendo o dobre, non hai maneira de rebaixar-la porcentaxe de paro feminino na economía galega.

Esos datos son parte da realidade, señor Fraga, son parte da acción do Goberno. Haberá que dicir que nestas cuestións tan importantes, como son a falta de transformación do crecemento en emprego, a precariedade laboral e o paro feminino non avanzamos. Non avanzamos, señora conselleira. Non ría, que é unha desgracia, non debe rirse diso. (*A señora conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude*: non me estou rindo.) ¿Como se vai rir de que as mulleres paradas sigan sendo o dobre que os homes? Esas cousas hai que dicir por qué fracasaron ou, polo menos, dar unha explicación, señor Fraga. E vostede non pode vir aquí facer un informe triunfalista, autocompracente, esquecendo datos decisivos da estrutura e da vida das persoas deste país.

E sobre a sinistralidade laboral, non entendín moi ben o que dixo esta mañá, pero vostede sabe que aumenta constantemente desde 1995, a pesar de que maquillan as cifras, señor Fraga. Por exemplo, os mariñeiros que acaban de morrer en Irlanda non contan porque están baixo outra bandeira; non contan na sinistralidade laboral, pero é sinistralidade laboral dos nosos traballadores, que, particularmente, no mar e na construción, seguen en condicións inadmisibles nun país que se chame moderno, señor Fraga.

Creo eu que isto describe mellor a realidade que o seu discurso autocompracente e triunfalista desta mañá. Pero voulle dar algún dato máis que vostede tamén coñece e calou, e calar estes datos é mentirlle ó país, porque, se dixeramos, non os coñece... ¿Como pode vostede explicar que o investimento estranxeiro en Galicia caera o ano pasado o 80%? Si, señorías, escoitan ben, non se reduciu o 80%, caeu o 80% o ano pasado. E este ano, en 1999, o investimento estranxeiro en Galicia é o 0,40% do investimento en España.

Explíquenos aquí, señor Fraga, o resultado das súas viaxes polo mundo nas que promociona a economía galega e os empresarios invisten no país, porque caeu o 80% o investimento estranxeiro nun ano en Galicia. E o que é seguro é que as súas viaxes non valerían para nada, iso é seguro, pero, sobre todo, o que máis preocupa é o fracaso das políticas e os instrumentos de promoción económica.

Por outra banda, a converxencia, en termos de renda, a penas se aproximou entre o ano 1995 e 1999 á media española. Tódolos estudos da propia banca privada, señor Fraga —non deste partido—, e tódalas posicións que esas fundacións da banca privada fan, din que dentro de quince anos, a este ritmo, poderemos converxer en termos estacionarios entre o 83% e o 85% coa economía española; é dicir, a este ritmo tardaríamos sesenta ou setenta anos na converxencia española. Se lle parece que esa é unha esperanza de converxencia, de avance e de progreso relativo razoable e moito menos triunfalista, que veña Deus e o vexa.

Vostede sabe perfectamente —mellor ca min, ou, polo menos, tan ben coma min— que o progreso dun país se mide en relación co contorno no que está; é dicir, cos seus competidores, señor Fraga. Para seguir estando nun mundo que se move tan rapidamente, para seguir estando onde estamos, hai que andar moi de présa, e para progresar hai que voar, cousa que non é a aspiración nin o obxectivo deste Goberno que vostede preside. Polo tanto, reconecerá comigo, señor Fraga, que esas cousas son así.

Pero imos referir outros datos que vostede tamén calou. Mire, o PIB, o peso de Galicia no PIB español, vén descendendo constantemente: no ano 1995 eramos o 5,8% do PIB español; en 1997, o 5,69% do PIB; e en 1999, o 5,67%. Hai, polo tanto, unha perda de peso relativo na economía española, ¿ou non é claro? Se antes representábamo-lo 5,80% e agora representámolo 5,67% é evidente que perdemos peso relativo na economía española, ¿ou non, señor Fraga?

E respecto do peso do emprego, nese ano tiñámolo 8,46% do emprego español e agora o 6,9%. Máis claro, auga. ¿Por que non deu vostede todos eses datos? Porque vostede sabe que con todos eses datos é como se mide o avance e o progreso relativo, o au-

mento ou a diminución do peso económico no contexto do noso contorno español e europeo, é dicir, con quen temos que competir, non con outros.

Moi ben, quero dicirlle, señor Fraga, que unha das cousas que máis me sorprendeu da súa intervención esta mañá foi un silencio clamoroso. Eu sei por qué e explicareillo máis adiante. Aquí quero simplemente formulalo e plantexalo con claridade. ¿Como é posible que despois de dez anos de goberno ó final dunha lexislatura vostede non dixerá aquí nin unha soa palabra do autogoberno do país, da saúde do noso autogoberno? E isto contrasta, porque eu teño aquí a súa intervención do ano 1994, e nela dedicoulle ó autogoberno case unha hora de intervención. Eu non comparto o que dixo, pero recoñezo que era unha proposta sobre o noso autogoberno, de desenvolve-lo autogoberno. Falaba da reforma do Senado, non a enunciaba, desenvolvíaa en dúas follas do *Diario de Sesións*, que son bastantes minutos da súa intervención, despois falaba sobre o Consello Económico e Social, sobre a Conferencia de Presidentes e sobre a nosa participación diversa na Unión Europea. Case unha hora de intervención sobre o autogoberno, e, dez anos despois e ó final dunha lexislatura, silencio administrativo e clamoroso. ¿Por que, señor Fraga? ¿Onde quedaron estas propostas? ¿Están realizadas? ¿Non me diga que intelectualmente as segue mantendo? Iso está ben para unha conferencia na universidade, pero aquí, na Cámara política, ten que dicir qué negociacións fixo, qué iniciativas tomou para realizar isto, que posición política e qué peso político puxo na balanza para avanzar na súa proposta de autogoberno, que non é a nosa pero recoñezo que é unha proposta sobre o autogoberno. ¿Por que se abandonou iso? Porque desde 1994 ata aquí non se realizou, porque, se estivese medinamente realizado, aínda poderíamos admitilo, pero non se realizou, e ademais agora abandónase a súa formulación ante esta Cámara. ¿Por que? ¿Vostede cre que iso é aceptable? Eu explicareille logo por qué.

Finalmente, creo que hai hoxe, como lle dicía antes, menos democracia que hai dez anos. Se quere, formulámolo doutra maneira: hai menos calidade na nosa democracia. Unha democracia, como vostede debера de saber —aquí dubido se o sabe—, baséase en tres piares básicos, non únicos: primeiro, o funcionamento do Parlamento como institución central de representación popular e como órgano de control do

Executivo e de proxección das alternativas lexítimas de goberno; segundo, unha prensa libre; e terceiro, transparencia na Administración. Esas son as tres bases —non únicas— imprescindibles dunha democracia moderna. Así pois, dígame vostede, ¿vostede cre que, no que de vostedes depende, funciona este Parlamento? Di o señor Pita frecuentemente que é un dos que máis funciona, que ten unha grande actividade, pero non será gracias a vostede. Aquí xa lle ten dito non recordo agora qué deputado da oposición —non fun eu, polo tanto aprópiome diso— que gracias á oposición funciona. Porque no que de vostedes depende, respecto das comparecencias do señor presidente, respecto das comparecencias do Goberno, etc., son absolutamente dogmáticos, intransixentes e sectarios. Non habería parlamento. Claro, hai unha democracia no país, non poden facelo, teñen unhas obrigas legais. Pero dígame vostede —se o hai— un presidente que nesta lexislatura comparecese con esta cinco veces ante esta Cámara —catro por imperativo legal e unha por solicitude do noso grupo e do Grupo Parlamentario Socialista sobre o modelo de Estado—. ¿Vostede cre que é normal? ¿Pódese esgrimir moito traballo para só vir catro veces por imperativo legal e unha *motu proprio*, por solicitude da oposición? Non é posible argumentar iso, é un desprezo do Parlamento, un intento de reduci-lo, non só para evitalo control e a proxección pública desta Cámara e do pluralismo político que representa, senón para que se identifique a Galicia co Goberno e coa figura do señor presidente da Xunta de Galicia, causando un enorme dano ó futuro do país, á configuración, ó seu pluralismo e á súa modernidade.

A segunda é unha prensa libre, señor Fraga. Vostede empezou esta lexislatura cun soado escándalo, con papeis e papeis e censurando periodistas. Así empezou vostede o seu mandato hai dez anos, poñendo nos papeis qué periodistas non podían estar nos medios públicos. E seguiu coa súa mentalidade e co seu proxecto de prensa ou de liberdade de prensa, aquela que nos recorda ó de liberdade ou lei de censura.

Primeiro, os instrumentos públicos, que pagamos todos e que están ó servizo do pluralismo real do país. Dígame vostede un só caso no Estado español no que o Valedor do Pobo, ou Defensor del Pueblo, se é o caso, teña dito que os medios que vostede dirixe,

que o seu Goberno dirixe, non respectan o pluralismo político e, algo peor, non respectan a veracidade informativa. ¿Como pode dicir que ten calidade esa democracia? Iso é inadmisíble, señor Fraga, vostede non pode manterse no poder, custe o que custe, a forza a costa de levar por diante a todo un país e a toda unha democracia; non ten vostede dereito moral a facer iso. Sométase ás regras de xogo democrático; se gaña, respectarémola súa lexitimidade e, se perde, hai unha rolda de goberno e aquí non pasa nada... Ben, pasará para os intereses persoais dalgúns, pero, para o país, nada. Polo tanto, respecte as normas democráticas, non leve por diante todo na súa obsesión por mante-lo poder e restableza a calidade da nosa democracia e a prensa libre no noso país.

E a transparencia da Administración. Vostedes non só non queren a transparencia da Administración pública senón que crean, como temos dito moitas veces, un conxunto de fundacións, —xa veremos en qué acababan—, SPI, etc., toda unha estrutura paralela, que estea fóra do control, para facer unha política clientelar, opaca, fóra das luces da opinión pública, da prensa e do Parlamento. E iso, señor Fraga, en termos doutrinarios, en termos teóricos, en termos políticos e en termos prácticos, é unha diminución da calidade da nosa democracia baixo o mandato de dez anos como presidente do Goberno.

Así, polo tanto, a nosa primeira conclusión é clara. E remato esta parte co que dicía ó principio, co diagnóstico que dicía, creo que demostrado cos datos e cos argumentos. Despois de dez anos temos menos progreso relativo, menos peso económico, practicamente nulo peso político, como veremos a continuación, e menos calidade, ou menos democracia.

Respecto do estado social, que é outro dos grandes logros históricos do noso país, ¿será esaxerado dicir, señor Fraga, que están vostedes impulsando un proceso lento pero inequívoco a través do cal queren converter en mercadorías dereitos inalienables dos galegos e das galegas, conqueridos ó longo dun amplo proceso histórico civilizador, que hoxe forma parte da nosa cultura máis profunda e configura mesmamente o noso estilo de vida? ¿Que está pasando coa sanidade? O Goberno traballa —mellor dito, conspira— contra a nosa sanidade pública. Estamos asistindo a un proceso crecente de externalización e privatización

dos recursos sanitarios e da provisión de servicios sanitarios. Dise que herdamos, que temos —di o señor conselleiro— un excelente sistema sanitario público, Permítame un matiz. Herdaron vostedes un excelente sistema sanitario público, que configurou a Lei xeral de sanidade, que configurou o Sistema Nacional de Saúde e que vostedes se viron forzados a aplicar aquí. Pero o que poña a orela e escoite o Partido Popular e os dirixentes sanitarios do Partido Popular en Galicia e fóra de Galicia oírán que din que isto é burocrático e que hai que cambialo. Polo tanto, vostedes herdaron un excelente sistema sanitario que fixeron e deseñaron outros, afortunadamente. Vostedes non o farían nunca, por iso queren cambialo, pero, como iso non é tan fácil, porque está arraigado na cultura máis profunda e é un elemento decisivo da cohesión social do noso país, pois vostedes están no caos, a Consellería de Sanidade é un caos. Fale cos xerentes dos seus hospitais, dos que non son do pesebre, que son profesionais como *a copa dun pino*.

Son vostedes un caos. Mire, poucos sistemas sanitarios afrontan nun mes o seguinte. Primeiro, resulta que as modernas técnicas de xestión hospitalaria, coas que durante moitos anos nos deu na cabeza o señor conselleiro, descualificándoas mesmo cando as criticábamos, vén o señor Fraga e di que hai que cambialas. Ese non é un cambio só de titularidade —xa falaremos diso no seu día—, é unha desautorización en toda regra do modelo, que non funciona. A alternativa que nos propoña o señor Fraga xa a veremos, pero, desde logo, é un recoñecemento e unha desautorización do señor Cochón e do señor Romy, que impuxeron este modelo contra o que herdaron en Galicia e que queren exportalo ou querían exportalo ó conxunto do Estado. Poucas veces pasa iso; agora, tamén é verdade que poucas veces pasa iso e segue o conselleiro sentado aí. Ese tamén é o estilo de goberno do noso presidente, señor Fraga, e do Partido Popular.

Pero non pasou só iso, é que é unha consellería —debe se-la única— na que a política sanitaria a marcan os tribunais, as sentencias dos tribunais. Adxudícanse as farmacias, vén o tribunal correspondente e di que non; nos decretos sobre saúde mental, as sentencias dos tribunais din que non nas horas de traballo das urxencias extrahospitalarias, vén o tribunal de Estrasburgo e di non; é dicir, desautorízano a vostede o presidente e os tribunais nacionais e euro-

peos. Iso non ocorre facilmente.

E, por fin, señor Fraga, ten vostede unha consellería na ilegalidade, está vostede consentindo ilegalidades masivas e incumprimentos das leis no Servicio Galego de Saúde. Ilegalidades estruturais —que vostedes saben que é así— nas que, se é o caso, sacarémo-la documentación e ademais algunhas das propias confesións de parte da propia administración sanitaria. É dicir, desautorízano a vostede, cambia o modelo e aquí non pasa nada, desautorízano os tribunais e consenten unha ilegalidade estrutural, que, en termos políticos, se chama corrupción, señor Cochón. E vostede segue sentado e, ademais, ri. ¡Estupendo!, ¡correcto!, que diría o outro.

Sobre a educación, aquí os datos son concluentes. A a posta decidida do Partido Popular polo ensino privado é evidente. Vostedes negan o evidente, señor Casares. Eu creo que non debe ser iso. Aquí estamos nun debate racional, de cifras, de datos e de conclusións políticas. Vostedes, nas axudas ó ensino privado, mesmo nos tramos non obrigatorios, aumentan anualmente en progresión xeométrica, chegando nos últimos orzamentos a triplicar practicamente a suba porcentual dos fondos dedicados á pública ¿Que é iso? Unha aposta polo ensino privado. Non se aproveita o descenso do alumnado, da cantidade de alumnos, no ensino non universitario para facer unha aposta pola calidade e pola extensión de servicios e actividades complementarias para mellora-las infraestructuras ou para a dotación dos centros. O resultado neste curso 2000-2001 é que o alumnado na rede pública diminuíu. O señor Currás diranos que por mor da demografía, pero aumentou na privada. A demografía é igual para todos. ¿Por que diminúe na pública e por que aumenta na privada? ¿Aquí hai ou non hai relación causa-efecto entre o resultado e a acción do Goberno, señor Currás? Claro que a hai, isto é obvio.

E no tocante ó ensino universitario, entre outras carencias o programa de financiamento 2000-2003 é insuficiente nas achegas de fondos e, como sabe vostede, queda moi afastado do 1,5% do PIB que debe telo noso ensino universitario para garanti-lo futuro e a súa calidade dun instrumento decisivo no desenvolvemento económico e cultural do país.

Este é o resultado da xestión do seu Goberno, se-

gundo o noso entender, segundo as cifras que nós manexamos, que son as oficiais, e sacando as conclusións que, dos datos producidos pola súa acción de goberno, convén sacar, e que non hai outra forma de sacar.

O segundo eixo ó que me refería ó principio da miña intervención é o papel presente e futuro do señor Fraga na política galega, as consecuencias para Galicia da súa continuidade. Xa adianto que eu creo que serían gravísimas. Fraga foi presentado polo Partido Popular durante moitos anos como unha figura providencial. —Era Galicia. Este Parlamento, e mesmo o Goberno, non existen. Isto non pode chamarse exactamente un goberno, é Fraga e algúns auxiliares. (*Risos.*) Si, si, isto é evidente, está claro.— Pero, en fin, un home providencial, capaz de dirixir, que pesa, negocia e consegue, é case un mito. É verdade que o mito existe, porque o mito ás veces ten realidade e ás veces segue, dunha forma mecánica, máis alá da realidade que o sustiña; iso tamén o sabemos polo devir histórico.

Pero Fraga ten dúas etapas nestes dez anos: a primeira, antes de que gaña Aznar as eleccións xerais —non estas, as anteriores—. Nesa etapa o señor Fraga formula isto que acabo de lerlles do ano 1994: constitución de presidentes, autonomía, senado... Formulaba, non cumpría, porque no fondo el nunca creu na autonomía. Aí non é que o presionara ninguén, é que non cría, non daba o paso, pero despois de 1996 a situación é radicalmente distinta. A súa permanencia hoxe nese cargo, señor Fraga, é produto dun pacto mediante o cal vostede salva a súa cabeza a cambio dunha total submisión ó señor Aznar. Ese é o pacto político que o mantén a vostede na presidencia do Partido Popular.

Xa explicará vostede a través dos seus medios de comunicación outra cousa, señor Hasse. Non se preocupe, tranquilo. Eu xa sei que isto non sairá, sairá outra cousa, o que lle manden, como auxiliar de propaganda do señor... (*Risos.*)

¿Que ocorre, señor Fraga? Vostede chegou aquí pretendendo ser o señor Strauss e moito temo que quede no doutor Balaguer. (*Risos.*) E iso ten gravísimas consecuencias para o país, que, baixo o Goberno Fraga, mostrou a súa incapacidade crónica para de-

fender en foros extragalegos os intereses vitais do noso país. E esa debilidade, convertendo a Galicia, como lle dixen unha vez, no Manchukuo do señor Aznar, prodúcese en temas como o seguinte (*Risos.*) —logo explícollo—. O señor Fraga sabe o que é o Manchukuo do señor Aznar.

Presupostos do Estado. ¿Cal foi a súa capacidade negociadora sobre os diferentes presupostos do Estado? Ano 1998, España medra o investimento público un 11%, e en Galicia un 0,40%: gran xestión, gran peso político, gran negociador, gran representante dos nosos intereses ante o Goberno central. Segundo. Ano 2000, diminúe o investimento en Galicia nun 29%: gran conquista, gran negociación, gran iniciativa política. Ano 2001, estes que van entrar en vigor: antepenúltima comunidade en investimento de fomento de tódalas comunidades autónomas, e iso que somos dos que máis dificultades estruturais temos; antepenúltima en incremento presupostario e temos dez ou once por diante no investimento por habitante: gran conquista para recuperalo atraso histórico que este país ten respecto da media, grande achega do señor presidente á converxencia real en estruturas físicas e productivas do noso país, grande achega.

Financiamento sanitario, outro dos grandes temas. Galicia ten un gasto sanitario que, retirado o gasto farmacéutico, é o 4,7% do PIB; é dicir, a cola de Europa en gasto sanitario, excluído o gasto farmacéutico, ¿ou non? Vale, pero, ¿que pasa? (*O señor conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais:* Os gastos sanitarios tamén.) Estamos nun contexto dun forte e sosti-do crecemento económico, estamos nun aumento da presión fiscal no noso país e estamos á cola do gasto sanitario, ¿non tería que producir isto unha redistribución de recursos a favor da nosa sanidade pública? Insisto: cola de Europa, forte crecemento económico e aumento da presión fiscal, pero a sanidade non progresa. Así non se tapan as goteiras que empezan a inunda-las casas que dirixe aínda o señor conselleiro, e ademais non se recibe nese financiamento sanitario, como dixo o señor Orza, nin o avellentamento da poboación nin a súa dispersión. Velaí outro exemplo extraordinariamente elocuente da súa eficacia, da súa iniciativa, do seu peso e da súa capacidade negociadora.

Financiamento autonómico, outro dos grandes temas estrela vendido polo señor Fraga hoxe e polo señor Orza. Por certo, señor Fraga, quería facerlle unha pregunta, que ó mellor foi un despiste. Nas liñas básicas do novo modelo que vostede parece que vai defender, ¿por que se lle esqueceu aquilo que dixo o señor Orza aquí hai uns meses respecto do traspaso dos impostos especiais? ¿Despois do da gasolina xa non hai impostos especiais?, ¿só o IVE na fase minorista? Porque iso defendeuno o señor Orza aquí, o IVE en fase minorista e os impostos especiais. ¿Por que? ¿Xa lle chamaron por teléfono e lle dixerón...? ¡Ah!, ¿non? Entón, ¿por que lle esqueceu ó señor Fraga? Se foi un esquecemento, rectifíqueo, non hai problema.

Pero eu quérolle dicir algo ó señor Fraga, ou ó señor Orza —é igual, que tamén llo digo ó señor Orza—. Eu digo que o financiamento autonómico foi un fiasco para Galicia. O señor Orza sabe perfectamente que despois da diminución do IRPF, da reforma do IRPF, houbo que facer chapuzas para solventalo descenso de ingresos por IRPF. Pero ¿cal é a porcentaxe sobre o total do presuposto procedente dos ingresos propios de Galicia? ¿Cal é, señor Orza? ¿E cal era antes deste modelo autonómico, deste modelo de financiamento autonómico? ¿Cal é a porcentaxe dos nosos ingresos propios de Galicia con este modelo e co anterior, respecto do presuposto? ¡Ah!, a non o sabe, ¿estupendo!

Sobre o PDR, señor Fraga —outra das súas xestións brillantes—, en vez de ampliarlos criterios recoñecidos e aceptados por todo o mundo —os do FCI, que son aceptados por todo o mundo, político e profesional—, vostedes admitiron unha rebaixa. Con iso corresponderíanos aproximadamente un 17% deses fondos, e estamos no 13%. É dicir, señor Orza e señor Fraga, a súa brillante iniciativa fainos perder anualmente 100.000 millóns de pesetas nese sexenio. Pero non é para rir, señor Orza. Iso é o que di o CES, o Consello Económico e Social. Claro que vostede é máis listo que todo o mundo. Pero iso é o que lle di o Consello Económico e Social, que os criterios tiñan que se-los do FCI, que son os que comunmente son aceptados por todo o mundo. ¿Por que aceptan vostedes esa rebaixa?

Logo vén a súa actitude sobre os decretos liberalizadores do Goberno. E, no caso dos horarios comer-

ciais, vostede anunciou un plan extraordinario que parecía unha broma, cando están hoxe en folga tódolos pequenos comerciantes contra a súa política. Si, ¡hóme!, si, empresarios e traballadores. Gracias a vostedes volvéronse unir no sindicato vertical. Todos contra vostedes. Pero ese día anuncia un plan extraordinario para o comercio do país.

Pero o máis grave, xa en termos económicos, e dígollo como presidente do Goberno galego, é que vostede renunciou a defender-lo Estatuto de autonomía, invadidas as súas competencias por ese decreto, mentres que cando tomou posesión neste Parlamento xurou ou prometeu defender-lo Estatuto de autonomía de Galicia. Vostede falta á súa palabra ante esta Cámara e ante o país e renuncia e abdica a defender-lo Estatuto de autonomía en virtude e no contexto do cal vostede foi elixido presidente, para facerlle un favor a quen manda de verdade neste Goberno e na súa persoa. Ou, nos temas de pesca, ¿que pintan vostedes no que está pasando na pesca? É patético, non a figura, senón o papel que está xogando o señor conselleiro. É patético.

Polo tanto, eses son os resultados de ter unha figura débil que ademais se presenta como proverbial, providencial, como gran líder, pero que está nesta situación de declive no seu partido e na política do noso país. A cambio diso, ¿que lle dá o señor Aznar e o Goberno ó señor Fraga? Fraga dá todo isto, entrega os intereses do país ou os intereses políticos do presidente do Goberno español. A cambio déixaselle saír nalgunhas fotos, recíbeselle para algunhas sesións fotográficas, e dise que está negociando, que se reúne con dez ministros. Nós, ó día seguinte, preguntámoslles a un por un dos que o recibiron, no Congreso dos Deputados, que nos dixesen qué compromisos adquiriron co señor Fraga, e todos contestan que ningún, que tiveron unha conversa amable —non sei cómo se di diplomáticamente isto, ¡faltaría máis que lle pegaran!— (*Risos*) pero compromisos, ningún, nin políticos nin presupostarios. Iso dino os dez ministros/as do Goberno. E isto é o que lle dan a cambio: propaganda, figuración. E vostedes entregan os intereses do noso país. Por iso a continuidade do señor Fraga na política galega sería un desastre; é incompatible co interese xeral e nacional do noso país.

E remato, se me permite tres minutos, señor presi-

dente, coa súa benevolencia, tendo en conta que é o último debate da lexislatura. O departamento de propaganda deixa, ¿non? (*Risos.*) ¡Correcto!

Eu creo que, polo tanto, é necesaria unha alternativa; non só é necesaria, senón que é posible. Eu xa dixen noutra ocasión que, malia tódolos inconvenientes, que os hai, as eleccións municipais eran un certo cambio de tendencia. “Certo” —diciña o señor Fraga—, “pero as eleccións municipais non son as autonómicas”. Esa é unha verdade de Perogrullo. Pero antes tampouco, e gañaban; agora perderon. E despois dicía: “O señor Pujol gaña as autonómicas, pero perde as municipais”. Pero é que o señor Pujol nunca gañaba as municipais, e o señor Fraga si. E o máis importante é que se crearon gobernos alternativos. É verdade que todos teñen os seus problemas, ¡faltaría máis!, pero eu afirmo que, pese a quen quere esaxerar eses problemas, que os hai, como non podería ser doutra maneira, son bastante máis estables que gobernos nessas cidades do Partido Popular no pasado. En Vigo hai problemas, sen dúbida, que están resolvéndose, creo eu que se deben de resolver, creo eu que se resolverán, pero non é nada parecido á insurrección de conselleiros do Partido Popular contra o señor Pérez, alcalde de Vigo (*Risos do señor Pérez Varela*); nada parecido. Problemas hai, pero noutras cidades funciona iso perfectamente.

Polo tanto, eu creo que é necesario unha conxunción de forzas da oposición capaz de ser alternativa ó Goberno do Partido Popular; agora ben, eu tamén quero ser claro. A min poderáselle negar... (*O señor Gago Álvarez*: Representatividade.) ¿Pódese seguir falando?

O señor PRESIDENTE: Prosiga.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Eu quero dicir que, chegado este momento —que estamos ó final dunha lexislatura—, eu traballarei —desde aquí ou fóra de aquí, é igual— por que esa alternativa de conxunción da oposición necesariamente estea encabezada pola esquerda histórica do país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ...porque este país necesita un proxecto —teño que rematar forzosamente— que deixe claro, polo menos, catro ele-

mentos básicos dos cales se deriva todo un programa de goberno. É dicir: un proxecto económico e social coherente, non un conxunto de reivindicacións dispersas, económicas, que permita recupera-lo atraso ó que nos levou este presidente e este Goberno; un proxecto de autogoberno, que, como vemos, xa non está nin a súa formulación restrinxida ou xibarizada na proposta do señor Fraga; un modelo de Estado que sexa capaz de recoñece-los plenos dereitos e o exercicio dos plenos dereitos nacionais do país e ó mesmo tempo teña capacidade e forza redistributiva social e territorialmente; e un modelo europeo que avance na unión política e na capacidade política na Unión Europea e que a converta nun suxeito da política global, para non deixarlle só ós Estados Unidos ese papel, do cal depende o futuro de Galicia e de tódolos pobos europeos.

E eu, sinceramente, desde o meu modesto punto de vista, eses proxectos, que son indispensables para o futuro de Galicia, só os vexo con claridade na esquerda histórica deste país.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías, o señor Fraga, no seu discurso de hoxe pola mañá, fixo unha reivindicación que lle agradezo e que creo que todos temos que compartir: a reivindicación do galeguismo, a reivindicación do galeguismo histórico, a reivindicación do sentimento do compromiso coa terra. Pero o que non podo compartir, señor Fraga, é que cando vostede fala de Galicia en todo o discurso non fale dos galegos. O galeguismo popular non sei cál é, posiblemente o que vostede tratou de enunciar no seu discurso. Nós, eu, no nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, no PSdeG, cremos nun galeguismo das persoas, nun galeguismo no que os galegos sexan o primeiro, e no seu discurso, señor Fraga, non escoitamos falar dos 110.000 emigrados que durante a década do seu Goberno tiveron que emigrar de Galicia para atopar traballo fóra deste país, non escoitamos falar do comercio, que hoxe está pechado, da flota galega, que está amarrada, dos agri-

cultores, que teñen a cota recortada e non poden producir, das tres de cada catro mulleres que non se poden incorporar ó mundo do traballo, do traballo precario neste país; en definitiva, de todo o que compón as inqueданzas, as necesidades e esperanzas, daquelas que si son a cerna e o corazón do galeguismo, as persoas que constitúen este país, que é Galicia.

E, por outra parte, falou vostede e fixo unha reivindicación histórica —que creo que era tremendamente merecida, era hora de que se fixera— dunha figura egrexia do galeguismo, de don Ramón Piñeiro; unha figura egrexia da que vostede, nese percorrido rápido, probablemente nun momento pareceu que quixera quizais apropiarse. Non vou entrar nese terreo, pero si quero dicir que se esqueceu de dicir algunha cousa: que esa figura egrexia foi un parlamentario desta Cámara, un parlamentario que se sentaba nos escanos do Grupo Parlamentario Socialista, naquel lado da Cámara (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas.*) Por certo, señor Fraga, tivo vostede anos abondo, dez anos de goberno, para dedicarlle ó señor Piñeiro, a don Ramón Piñeiro, a homenaxe que se merecía, a medalla de Galicia, a medalla Castelao. É hora de que vostede realmente faga o que tiña que facer e non que faga á hora da verdade, neste debate, un plantexamento, que é de agradecer, pero que en ocasións pode soar —e sería triste que así fose— a relativamente aproveitado.

Mire, imos ver, señor Fraga, se se pode conquistar que este debate vaia polo camiño, en definitiva, de facer un debate, unha discusión, que nos achegue ós problemas reais dos cidadáns, da Galicia real, de plantexar, a ser posible, un diagnóstico auténtico dos problemas reais deste país e das propostas do seu futuro, para en definitiva, contrasta-las propostas que vostede fai cos nosas propostas. Leva vostede dez anos de goberno, unha década, tempo dabondo. Nesa época Galicia, España e Europa coñeceron o proceso de crecemento económico máis intenso, máis profundo dende a Segunda Guerra Mundial; España, Galicia e Europa, as súas nacionalidades e rexións, tódalas comunidades europeas. Vostede manexou máis de 8 billóns de recursos públicos, dez anos de Goberno, maioría absoluta, e, en definitiva, tivo tempo, recursos e confianza dabondo para transformar en progreso este país.

A miña tese, a tese do meu grupo, é que as inqueданzas que nos preocupan veñen derivadas de tres temas fundamentais. A primeira pregunta que quero formular e que formulo neste debate, a primeira reflexión, é se neste terreo da cohesión social, da preocupación por conseguir que os galegos sexamos máis iguais, este país, señor Fraga, ten avanzado suficientemente nos dez anos do seu Goberno; se hoxe temos de verdade superado os desequilibrios territoriais que agochan diferencias de renda, de niveis de vida; se de verdade temos superado a desertización e o desequilibrio profundo que sofre este país; se de verdade o envellecemento e a despoboación están camiño de superarse porque tódalas proxeccións nos din que na próxima década teremos 160.000 galegos menos en Galicia. En definitiva, hai intensas migracións cara a fóra de Galicia, cun saldo migratorio neto negativo, que quere dicir algo que non podo crer que vostede plantexara con rigor e seriedade, supoño que é unha confusión derivada dos problemas que lle pasaron. Cando en Galicia, no último ano, aínda marcharon fóra máis de 14.000 galegos mozos para buscar traballo, que, en definitiva, están colgados dos andamos da construción alá por Canarias ou por outras zonas desenvolvidas ou en crecemento de España, ¿como é posible que vostede diga que o problema do paro é un problema de desaxuste estrutural, que é un problema de disfuncionalidade, coma se aquí houberse traballo suficiente e os nosos mozos tomaran o camiño da emigración porque non son capaces de darse conta de que o teñen cerca do seu país, cerca da súa terra e cerca das súas casas?

En definitiva, creo que temos que facer un debate, señor Fraga. A min o que me preocupa é que fale de verdade, porque está a flota galega en situación de amarre e o acordo de Marrocos ten moitas dificultades para ser renovado (*O señor Gago Álvarez: ¡Demagogo!*), que falemos realmente de por qué a agricultura non ten perspectiva ou esperanza no noso país, con dez anos do seu Goberno, ou de por qué, en definitiva, se plantexan estes problemas de desigualdade entre os homes e as mulleres que forman iso que é Galicia.

En segundo lugar, creo —e temos que debater— que neste tempo non aproveitamos para marchar na dirección correcta. ¿Para que? Para poñer os motores da economía do noso país dentro deste país, os alicer-

ces do seu crecemento, as bases do seu crecemento nas súas propias potencialidades, señor Fraga. Vivimos enganchados de modelos e de recursos externos, reproducindo cada vez máis, un ano sobre outro, unha economía cada vez máis subsidiada, cada vez máis dependente. Carecemos de proxecto, de estratexia propia. Se queremos achegarnos a Europa —e ese ten que ser un obxectivo, e vostede proclamábase—, se seguimos co ritmo de crecemento económico e coas políticas que vostedes deseñan, non lle cabe dúbida a ningún tipo de analista —aínda o outro día o recordaba o señor Fuentes Quintana nunha conferencia que pronunciaba en Galicia— de que pasarán máis de cincuenta e seis anos, décadas, xeracións enteiras para que Galicia sexa un país plenamente europeo nos niveis de renda e de benestar. Necesitamos —afirmoo con rotundidade, señorías— unha nova estratexia económica para Galicia, é fundamental se de verdade queremos convertelo nese país moderno e desenvolto.

Dez anos despois do ciclo político que agora remata, do final do seu ciclo político, o Parlamento esmorece, señor Fraga, vostede non comparece e, como dicía o señor Guerreiro, tardaremos un ano en volvelo ver, se antes non dissolve esta Cámara, para ir ás eleccións. Os concellos de Galicia ven recortada a súa autonomía; os concellos, en definitiva, a administración máis antiga, máis próxima ós cidadáns, en dez anos do seu Goberno nin tiveron unhas transferencias necesarias nin uns recursos económicos necesarios para dar servicios ós cidadáns. Son tratados ¿como que?, como unha administración tutelada e subordinada. Vostede instaurou un auténtico centralismo dentro da Autonomía.

En definitiva, son dez anos nos que a Administración autonómica se volveu cada vez máis unha administración menos transparente, menos eficiente, menos capaz, e por iso é necesario dar un cambio de orientación en tódolos planos fundamentais que acabo de repasar.

Os problemas —e esa é a cuestión fundamental— ó meu modo de ver non derivan nin proceden da ausencia de recursos, que os hai, e vostede dispuxo de máis de oito billóns de pesetas. Os problemas non proceden da falta de competencias. Esta comunidade autónoma, Galicia, ten máis competencias e recursos probablemente —competencias, en todo caso— que a

maior parte das comunidades e rexións de calquera país federal europeo. Os problemas non proceden da incapacidade da sociedade civil galega, que temos unha sociedade civil, empresarios capaces, con capacidade de innovación e de creación. Non busquemos, señor Fraga, as culpas fóra, nin antes nin agora.

Eu creo que estamos no debate dunha tese que é central. Eu creo que o país necesita doutros impulsos, doutras políticas, doutro goberno. Galicia necesita un cambio; un cambio solvente, un cambio viable, un cambio tranquilo, un cambio seguro, pero un cambio, pensado en galego e feito polos galegos e para os galegos, dende as propostas, os valores e os principios da socialdemocracia moderna, e impulsado, señor Fraga, por unha xeración nova con vocación e con capacidade de anticipación e de lidera-lo futuro deste país no século XXI.

Señorías, propoño unha estratexia económica para a Galicia nova, que nos permita supera-lo carácter subsidiario e dependente da nosa economía, situa-los motores, os alicerces do noso crecemento, dentro do país, para converxer de verdade cos países máis desenvolto de Europa, realizando un esforzo continuado de atracción de investimentos, de competitividade e de innovación. Esas son as claves hoxe dun país que quere gaña-lo seu futuro: competitividade, atracción de investimentos, capacidade de seducir, e realmente capacidade de innovar e de competir. Todo iso enmarcado necesariamente nun contorno de investimento público que ten que ser potente, que ten que ser inteligente, con prioridades, desenvolvendo políticas de Goberno que favorezan as actividades emprendedoras e fortalecendo e comprometendo o sector financeiro de Galicia. ¿Con que? Coa exportación, coa dinámica exportadora das nosas empresas. En definitiva, o sector financeiro ten que converterse nun sector clave do desenvolvemento deste país.

Señor Fraga, Galicia necesita, ademais, un cambio nas prioridades para que os galegos sexan o primeiro. Os galegos e as galegas teñen que se-lo primeiro das nosas prioridades. Hai que impulsa-la igualdade de oportunidades, creando unha rede de servicios sociais que impulse a incorporación da muller ó mundo laboral e que contribúa de verdade á frea-lo declive demográfico, esa ameaza do noso crecemento e do noso benestar. Hai que facer unha nova política de familia,

pero unha nova política de familia que de verdade atenda o desgaste que supón o atraso dos xoves na idade de poder emanciparse, a diminución do número de fillos, o avellentamento poboacional e o incremento das familias monoparentais. Temos que afrontar os novos retos cun proxecto de cambio que impulse o protagonismo da sociedade civil, que lles devolva o protagonismo á sociedade civil, que lle devolva a confianza e a ilusión no futuro ás galegas e ós galegos, o protagonismo perdido tras dez anos de goberno, de década do seu goberno; que lles devolva o protagonismo e a ilusión ás galegas e ós galegos, ós emprendedores, ós traballadores deste país, ós innovadores, ós creadores culturais, que priorice, en definitiva, a aposta pola educación, polo emprego e pola cultura.

Eu propoño, señorías, convencido de que é absolutamente necesario, prioritario e urxente, reforza-la democracia e achega-la Administración ós administrados, ós cidadáns, abrindo as fiestras da Xunta —é necesario despois de dez anos— de Galicia co compromiso de incrementa-la transparencia e a eficiencia na prestación dos servizos, impulsando en Galicia o papel dos concellos e das cidades. Galicia non será, señor Fraga, se non se converte nunha rede integrada nun sistema de cidades, nunha rede integrada de cidades; Galicia será o que sexan capaces de face-las cidades galegas, alí onde está o mellor das nosas capacidades, o mellor da nosa intelixencia. Temos que artellar mellor as relacións entre o poder local, o poder autonómico, España e o poder do Estado europeo dende o principio de proximidade, dende o principio de devolución do poder político ós cidadáns.

Galicia, finalmente, necesita dun impulso de auto-goberno. Rexeitamos, señor Fraga —e terá que explicalo nesta tribuna, terá ocasión e espero que o faga—, o seu entreguismo, cando realmente entrega as competencias exclusivas da Xunta en materia de comercio, ou cando o conselleiro de Ordenación do Territorio, que unha vez e outra aparece como o seu delfín no horizonte, é capaz de ir a Madrid e entrega-las competencias exclusivas da Xunta de Galicia en materia de ordenación do territorio, de solo e de urbanismo, aceptando un decreto de liberalización —chamada liberalización— do solo, que non soamente agrede as competencias exclusivas, sagradas, dende o Estatuto que temos nesta materia, senón que entrega as competencias dos concellos de Galicia nesta mate-

ria.

Queremos desenvolve-las competencias e as capacidades que temos no Estatuto de Autonomía, reclamando, entre outras, a xestión dos aeroportos de Galicia, non a súa privatización, señor Fraga, a competencia da xestión aeroportuaria, mantendo os aeroportos e a navegación aérea dentro dun esquema dunha rede pública necesariamente. Hai que desenvolve-lo Estado das autonomías, non podemos permanecer no inmovilismo no que vostede e o seu partido, aquí e en Madrid, se instaloron. Galicia debe estar coas demais comunidades, nas delegacións de España na Unión Europea, defendendo dentro da delegación os intereses das galegas e dos galegos, os intereses de Galicia.

Debemos contribuír a impulsar e a reforzar todo o que son os mecanismos de cooperación e de lealdade dentro do Estado entre as administracións e a converte-lo Senado dunha vez nunha cámara de auténtica representación dos territorios, nunha cámara que realmente potencie e lle dea o sentido federal que está na Constitución, que está realmente xa no desenvolvemento estatutario e constitucional que temos, porque é necesario. Plantéxome qué é necesario realmente. Supera-los mecanismos de relación bilateral, tan queridos polos nacionalismos, impulsados polo nacionalismo catalán fundamentalmente, que son tan negativos para nacionalidades como Galicia e, en definitiva, para o desenvolvemento de toda España, do proxecto de España no que queremos estar.

Necesitamos un sistema estable e solvente de financiamento autonómico, un sistema xeral, non un sistema particular, de relación entre unha comunidade e o Estado, e que non teña capacidade de ser xeneralizable. Necesitamos un sistema estable, solvente, baseado no principio de equidade, no principio que garanta os mesmos servizos públicos a tódolos cidadáns de España, independentemente de onde vivan; se non, non haberá proxecto de país e de futuro. Temos que garantir máis autonomía financeira, máis responsabilidade fiscal, pero sempre dende a perspectiva, señor Fraga, de que se garanta a equidade de tódolos cidadáns españois, galegos, estremeños, cataláns e vascos, nazan onde nazan, vivan onde vivan, traballen onde traballen. Temos que garanti-lo principio de equidade e de igualdade e o principio de responsabilidade fis-

cal. Temos que ser capaces, como pasa nos estados propiamente federais, de que os tributos propios, os tributos propios de Galicia, das comunidades, cheguen a representar entre o 70% e o 75% dos ingresos, da capacidade fiscal dunha comunidade sobre a base do IRPF, sobre a base do IVE e sobre a base da cesión dos impostos especiais; en definitiva, sobre a base dos impostos básicos da columna vertebral impositiva do país.

Dito isto, creo que corresponde pasar a falar do exame do que son, en definitiva, as súas decisións, as súas prioridades, nestes dez anos de Goberno, neste exercicio de autogoberno. Empezarei en primeiro lugar por onde dixeran que quería empezar, por onde me gusta empezar, por onde ós socialistas nos gusta empezar: por onde a min en particular me gusta empezar, polos cidadáns, señor Fraga. Hai que falar daquilo do que vostede falaba cando estaba na oposición e que lle esqueceu despois de dez anos de Goberno: polo quilo de garavanzos. ¿Como vai aquilo do quilo de garavanzos?, ¿como vai a vida dos cidadáns deste país? Pódese dicir que Galicia crece ó 3,8% do PIB. Iso, en termos macroeconómicos, quere dicir que este ano hai 200.000 millóns de pesetas máis para distribuír entre a cidadanía, para reparti-lo crecemento.

A pregunta é: cando o país está crecendo, cando España está crecendo, cando Europa e América crecen, ¿que ocorre co crecemento económico?, ¿en que dirección se redistribúe? ¿Que posición ten cada persoa, cada cidadán, cada sector social nesa distribución? ¿Temos máis ou menos igualdade hoxe que antes? Hai que dicirlle, señor Fraga, que, nos datos oficiais das enquisas oficiais que vostedes formulan, o 60% dos fogares galegos, polo tanto a maioría dos fogares galegos deste país, declaran ter moita dificultade ou dificultade elevada para chegar a final de mes. ¿Pode ser unha posición subxectiva? Non, correspóndese exactamente, estatisticamente, co número de fogares —o 60% dos fogares de Galicia— que non superan as 140.000 pesetas de ingresos mensuais. Diso quero que fale aquí nesta tribuna o señor Fraga e que explique qué esperanza lle dá para cambiar esa situación. En Galicia temos 40.000 familias en condicións de pobreza severa, cun nivel de vida que non chega tan sequera ó salario mínimo de subsistencia. Hai que darlles unha resposta, hai que comprometerse con esas familias.

¿Cales son os beneficios do crecemento económico para os 450.000 asalariados deste país, que estes días viña como resultado das estatísticas oficiais que tiñan un salario no ano 2000 equivalente ó que tiñan no ano 1997? É dicir, que o seu salario, en plena expansión e crecemento económico, retrocedeu en tres anos, perdeu poder adquisitivo no equivalente a tres anos de evolución. En Galicia hai que falar dos 125.000 funcionarios que levan anos, cinco anos, perdendo poder adquisitivo, cando a economía crece e crece sen parar neste inmenso e fermoso proceso de crecemento económico. ¿Onde está o nivel de vida dos funcionarios, dos asalariados?, ¿onde está a súa participación na distribución de renda? Tería que falar tamén, señor Fraga, dos 650.000 pensionistas que a penas ven mantido o seu poder adquisitivo e que non se están beneficiando tampouco do crecemento económico.

Teríamos que falar dos 180.000 parados, ós que hai que sumarlles 226.000 galegos —co cal temos máis de 400.000 galegos— que ou ben están parados ou teñen un contrato en precario, que non teñen seguridade mínima nin a máis mínima expectativa nin perspectiva para ter esperanza de melloría da súa capacidade de vida despois de sete anos de crecemento económico, o maior dende a Segunda Guerra Mundial.

¿Que pasa cos 110.000 emigrantes que marcharon a outras comunidades? Señor Fraga, vén sendo o 7% nunha década de poboación activa que tivo que marchar a buscar traballo noutras comunidades autónomas do Estado.

Señor fraga, en Galicia temos —e vostede tampouco fala desas cousas, que me parecen fundamentais— case medio millón de galegos maiores de 65 anos. Somos, probablemente, a comunidade autónoma máis envellecida de toda España. Pois mire, Galicia é o país, é a comunidade española que ten menos prazas de residencias da terceira idade —3.145, cinco veces menos que na Unión Europea— por cada 100 habitantes maiores de 65 anos.

Señor Fraga, tampouco fala vostede dos 80.000 nenos galegos que teñen menos de 3 anos e que teñen que ser atendidos polas mulleres, igual que os anciáns, nin de que por iso as mulleres, tres de cada ca-

tro, non se poden incorporar ó traballo. Os cánticos pronatalistas, as chamadas moralistas ó declive demográfico son propias do plantexamento que vostede fai, pero se de verdade queremos supera-lo declive demográfico, se de verdade queremos incorpora-la muller ó mundo do traballo, se de verdade queremos xerar igualdade, hai que poñer en marcha un auténtico plan de rede de servizos sociais, un plan que, en definitiva, lle dea cobertura en catro anos á axuda a domicilio, á teleasistencia, á rede de asistencias asistidas e centros de día e a estende-las escolas infantís deses 80.000 nenos, sobre os cales —esquecía dicirlllo, señor Fraga, pero vostede debe sabelo, aínda que non o quere dicir na tribuna— tan só ofrecemos 1.100 prazas para 80.000 nenos galegos entre 3 e 0 anos; 1.100 prazas, 22 centros públicos en toda Galicia. Nesas condicións, ¿como é posible pensar de verdade nunha batalla pola igualdade e polo futuro da muller e dos máis novos?

Mire, é necesario crear un salario social ou unha renda básica que lles garanta a tódolos galegos os niveis básicos de subsistencia, os niveis dignos nun país que entra no século XXI, nun país que ten suficientes recursos económicos. Porque ese plan, esa rede de servizos sociais, señor Fraga, creará emprego, mellorará a calidade de vida, incorporará a muller ó traballo e freará o declive demográfico. Ou facemos isto ou non haberá forma, se continuamos co seu modelo.

Mire, van alá dez anos do seu Goberno, unha década, que é moito tempo, na que houbo moitos recursos, moita confianza, moitas posibilidades. Manexou vostede máis de oito billóns de pesetas do presuposto público da Comunidade Autónoma. Dez anos despois, os motores de impulso da nosa economía, do noso país, están fóra da comunidade. Seguimos enganchados dos recursos externos, vivimos nun país que auténticamente é un país de subsidio e de dependencia. Mire, temos unha balanza fiscal. En definitiva, a diferenza entre o que recadamos cos impostos en Galicia e o que recada o Estado e os servizos que o Estado presta, o gasto que o Estado fai en Galicia, cada ano mostra para Galicia un nivel favorable, un saldo favorable, entre o 7% e o 13% do PIB galego, que son 4 billóns de pesetas de saldo favorable que recibimos do exterior.

O financiamento autonómico é o paradigma

maior, o exemplo maior, do grao de subvención e dependencia da nosa economía. O señor Orza sábeo mellor ca min, ou igual polo menos. No tempo entre 1990 e o ano 2000, dos 8,4 billóns de pesetas que manexou o señor Fraga en nome de tódolos galegos, o 82% do total foron subvencións, foron recursos allos. O financiamento das deputacións provinciais, nun 83%, tamén son subvencións, e nos concellos galegos menores de 50.000 habitantes a maior parte dos ingresos tamén son só subvencións. Estamos realmente instalados nun modelo dun país totalmente subsidiado, dun país totalmente dependente.

Realmente, nos grandes déficits endémicos, nos grandes déficits de fondo que poderían ter cambiado a dinámica do país ¿que ocorreu no noso país? ¿E de que falo? Falo da investigación e do desenvolvemento; unha situación na que panorama é deprimente, na que o panorama é francamente paupérrimo. En Galicia, en investigación, o esforzo galego xerado en investigación, a penas chega á cuarta parte do esforzo feito na media da Unión Europea. O stock de capital tecnolóxico, en relación co noso PIB, é a penas do 35% respecto da media europea, e en Galicia a penas chega á metade do de España. O esforzo é cativo e, por riba, concretado, nucleado, en torno a catro sectores. ¿Onde está o esforzo de verdade nos recursos humanos, na incorporación á economía do coñecemento?

Soamente lle vou dicir dúas cousas, señor Fraga, e gustaríame que as puidese desmentir: seguimos no último lugar entre as comunidades autónomas de España no tocante ós niveis de estudo e de cualificación profesional da man de obra ocupada, no último nivel; na man de obra ocupada en canto a estudos e nivel de formación profesional. Se mirámo-lo stock de capital humano dende o punto de vista dos estudos universitarios, en relación coa poboación activa, ou potencialmente activa, téñolle que dicir, señor Fraga, que Galicia ten a metade dos doutores, o 57% dos licenciados e o 88% dos diplomados que hai de media no país en que vivimos e ó que pertencemos, que é España. As universidades o outro día eran noticia, porque temos unha posición deficiente, extremadamente deficiente na oferta de titulacións técnicas. Velaí onde nos estamos equivocando, onde vostede está cometendo —eu creo— graves erros.

Mais tampouco converxemos en I+D nin en capital humano nin en gasto social. O presuposto dos anos 1998, 1999 e 2000 da Comunidade Autónoma, o gasto social, decreceu, reduciuse en máis dun punto e medio. En gasto social por habitante, en relación co PIB, Galicia está á cola, á cola da media española, está por debaixo da media española. Podíamos seguir dando indicadores, e chegaríame con dicir que en realidade é certo, que melloramos levemente en renda per cápita. Os indicadores de converxencia real, todos eles marchan mal, e en déficits endémicos, en termos relativos, resulta que corren máis os outros países, as outras comunidades. En renda per cápita achegámonos, señor Fraga, pero basicamente, non tanto porque esteamos crecendo de verdade moito máis, que non é certo —aínda que crezamos levemente máis algúns anos—, senón porque estamos perdendo poboación, porque diminúe o divisor, porque somos menos galegos e a renda per cápita necesariamente sobe, aínda que sexa levemente. Pero o certo é que de 195 rexións europeas, Galicia ocupa o lugar 179; estamos entre as 20 rexións europeas peores no nivel de renda per cápita.

Non lle quero falar —xa se falou aquí suficientemente— dun tema crucial, do último indicador de converxencia, repasados os anteriores, que é a taxa de paro, a marcha do mercado laboral. O certo é que cando empezou vostede a gobernar Galicia tiña menos paro que a media española, e hoxe estamos por encima, señor Fraga. A taxa de paro feminina é criticada pola Unión Europea. Temos unha taxa de paro feminino disparada, que duplica o paro masculino. Un de cada tres mozos está parado, temos un grao altísimo de precariedade laboral e un grado moi importante de accidentalidade. En definitiva, o mercado de traballo en Galicia non é precisamente dos máis brillantes e dos que mellor marcha en España. Temos que dicir que en dez anos de goberno, a pesar de sete anos de crecemento económico, a pesar de que coa expansión económica, se empeza a crear emprego neto, que é o que vostede di aquí, cando se fai o balance de dez anos, señor Fraga, vemos que hoxe en Galicia temos, entre 1990 e 1999, a 31 de decembro, 47.000 parados máis, 58.000 ocupados menos e 11.000 activos menos. Tampouco están as cousas marchando demasiado ben.

Pero quixera falar, xunto con isto, de algo máis, da

falta de orientación, do desarme, da perda de perspectiva en sectores básicos do noso tecido productivo. ¿Que está pasando, señor Fraga? Deteñámonos por un momento a facer unha reflexión do que está pasando coa agricultura, coa pesca ou co comercio, onde se xeran necesariamente, terían que xerarse, postos de traballo e emprego no noso país.

Galicia coñeceu un proceso de desagrarización, Galicia coñeceu un proceso, en definitiva, durante este tempo —e iso pode ser positivo— de modernidade, de cambio estrutural, vostede xa falou diso. ¿Que quere dicir iso? Que en Galicia, en dez anos máis ou menos, perdemos, abandonou a agricultura, cara á xubilación e outras actividades —sobre todo cara á xubilación—, o 56% da nosa poboación; 220.000 galegos abandonaron o traballo no medio rural. Abandonáronse máis de 6.000 hectáreas de terreo, esa é a desagrarización: 6.000 hectáreas abandonadas, 220.000 galegos que abandonan a actividade agraria; é dicir, proceso de cambio intenso e acelerado.

Responda vostede, señor Fraga, interróguese sobre o seguinte: ¿por que a pesar diso non se produciu unha mellora importante da produtividade agraria? Se agora hai menos terras e as explotan menos galegos, ¿non tería que estar ocorrendo que co 20% de ocupación —cando antes era o 40%— a produtividade na agricultura subise? Pois mire, non é certo, realmente, que houbese ese incremento importante. Estamos, en niveis de produtividade, en torno á cuarta parte da produtividade da agricultura da Unión Europea. As rendas agrarias levan anos caendo vertixinosamente, no campo —están aí os datos, son obvios, son constatables— estase perdendo renda, nivel de vida, ingresos, de forma potente e importante, a pesar dese cambio. Pero atrévome a dicir que é máis importante aínda que todo iso.

¿Como é posible que, abandonado o campo, desaparecendo da explotación máis de 100.000 hectáreas, non se incrementase de forma importante a base territorial das nosas explotacións, que é a garantía de poder ter unha agricultura competitiva e de futuro? ¿Que é o que ocorreu? ¿Que deixou vostede de facer para non lograr aproveitar este cambio no sentido de incrementa-la explotación da terra, da capacidade de agricultura de Galicia?

Mire, nese terreo, quérolle dicir que o noso obxectivo —creo que é posible— é que en catro anos existan en Galicia de verdade 100.000 explotacións agrarias profesionalizadas, que vivan en torno a un complexo agroalimentario, en torno ó complexo forestal-ambiental, diversificando a produción, a calidade alimentaria, e protexendo de paso a paisaxe rural. Ese obxectivo, ¿como se pode conseguir? Se de verdade duplicámo-lo tamaño medio das explotacións galegas. É fundamental duplicar ese tamaño medio das explotacións. Para iso hai que actuar sobre o marco institucional que impide a mobilidade da terra, o traspaso da terra de quen abandona a quen queda ou pode quedar na agricultura. Hai que mobiliza-la terra e, en segundo lugar, concentra-los esforzos da política agrícola comunitaria, dos fondos estruturais, cara a ese obxectivo.

¿Cales son os instrumentos que propoñemos? Facer, sacar adiante, realmente, unha lei de ordenación do rural e de mobilidade da terra que permita a creación dun fondo de terras, a creación dun banco de terras, recargos por abandono da terra na rústica, cesión desas terras a un fondo; en definitiva, poñer todo o esforzo e a capacidade na mobilización necesaria, que é a única que lle pode dar futuro para conseguir ese obxectivo de ter unha agricultura de futuro. Por certo, señor Fraga, o que non é aceptable, porque non é convincente, porque non ten a credibilidade necesaria, é que tras dez anos de goberno, de desaproveitar todo isto, veña vostede anunciar un paquete de medidas lexislativas coma se realmente xa fose posible que o fose desenvolver, cando tiña que estar desenvolvido, e perdemos oportunidades durante estes dez anos. Por non falar dos tres grandes fracasos claves na historia do seu Goberno en materia de medio rural e de agricultura. Pero hai que dicilos, aínda que sexa brevemente.

Un é o fracaso dos incendios, señor Fraga. Vostede veu aquí facendo partidismo. Eu críticollo honestamente, porque creo que se equivocou profundamente. É necesario un gran acordo de toda a sociedade, sempre lle tendémo-la man. Este verán fun o primeiro en tenderlla, dende os incendios que devastaban a comarca de Valdeorras. Díxenlle publicamente que é necesario un gran acordo en materia de loita contra o fogo. Non imos facer nós o que vostedes fixeron cando vostede chegou ó Goberno, é dicir, unha

utilización partidaria e escandalosa de algo que sucedía en Galicia no ano 1989, pero sucedía nos mesmos termos en toda a cornixa cantábrica. Teño os datos enriba da miña mesa, e son o mesmo número de hectáreas, o mesmo número de incendios, en Galicia que en toda a cornixa cantábrica, que en cada comunidade da cornixa cantábrica. Era a consecuencia dunha situación existente no ano 1989.

Pero dende entón aquí hai que dicirlle que no ano 1990, no ano 1995, no ano 1998, no ano 2000, señor Fraga, en Galicia arderon sempre por encima de 45.000 hectáreas, de 40.000 hectáreas de terreo. Iso non é ningún triunfo, e eu non me alegro do fracaso. ¿Como me vou alegrar dese fracaso que destrúe cantidades importantes de recursos do meu país? O que me preocupa é que vostede siga ancorado nese sentido no triunfalismo e que non esteamos de verdade buscando ese acordo, buscando a sinerxía da Cámara, da sociedade civil, para facerlle fronte a un tema que son vostedes incapaces por si sós, como é razoable, de controlalo e de paralo.

Fracasou vostede estrepitosamente na constitución dun grupo lácteo galego; era un obxectivo básico deste país. Hoxe, tres das grandes empresas galegas perderon a dirección, o control e a posibilidade de, en definitiva, crear un gran grupo lácteo galego. Era o seu obxectivo, señor Fraga, compartíao toda a Cámara, como non podía ser menos, pero hoxe non é unha realidade, e é difícil endereitar ese camiño, é moi difícil endereita-lo seu fracaso. En definitiva, é difícil a posibilidade de transformar e de crear valor engadido e riqueza en Galicia do leite que producimos, sendo a principal potencia productora de leite en España. Pero non o transformamos de forma suficiente. Ese foi o seu fracaso.

Ou o fracaso na xestión da cota. Galicia, dez anos despois, resulta que estamos af... Si, señor Gago, non se poña nervioso. Comprendo que ten motivos para poñerse nervioso, pero garde a calma e a tranquilidade. Hoxe temos multa, hoxe os gandeiros teñen que pagar multas, e hoxe temos sobreproducción por máis de 290.000 millóns de toneladas. Galicia, dez anos despois, atópase en todo o complexo agroindustrial en peor situación, con peor horizonte, do que tiñamos hai dez anos.

Señor Fraga, a situación deste sector está a agra-varse, por certo, e a vostede non o escoito falar de algo que me gustaría, que non comprendo. A verdade é que me despista o seu inmovilismo, a súa actitude contemplativa. A realidade do sector agrario galego está sufrindo moito, como o sector pesqueiro. ¿Por que está sufrindo Galicia máis que o resto de España? Pola suba dos carburantes, polo problema grave da perda de capacidade, e non como os demais cidadáns, senón que é un sector que, ademais de consumidor, como todos, como somos todos cando acendémo-lo coche, é un sector que produce, que vive, que traballa, en función de gran parte dese custo.

De verdade que en todo o verán, en todo este tempo de crise enerxética, a voz do presidente de Galicia, do país posiblemente máis afectado, non se escoitou nesa materia. Pregúntome cómo é posible. Estamos ante un problema realmente importante de distribución de cargas sociais. Cando hai unha crise enerxética é evidente que perdemos, que empobrecemos, que empobrece toda España, pero máis uns sectores que outros. E concretamente o que hai que preguntarse é quén se beneficia se empobrece o sector agrario, se empobrece o sector pesqueiro, se empobrecen os transportistas, e en xeral se perdemos renda e capacidade adquisitiva os cidadáns. Parece incontestable, ¿verdade, señor Fraga? ¿Quen se beneficia? Os beneficios das compañías petrolíferas multiplicáronse por moito, e beneficiase o Estado, o sector público, que recada máis impositivamente.

Non me conteste a algo que non estou plantexando. Ninguén se plantexa —eu non me plantexo— subvencionar prezos antes de impostos. Aprendemos todos da crise enerxética dos anos setenta, non aprendeu suficientemente o Goberno do partido que vostede comparte, porque houbo que aproveitar todos estes anos para aforro enerxético, para diversificación de enerxía, para liberalizar de verdade o sector. Non os aproveitamos, e agora estamos pagando as consecuencias. Pero, en todo caso, neste momento, parece razoable que dende Galicia —que estamos moi afectados e que están sufrindo as nosas xentes— non se poida admiti-la resposta do Goberno do Partido Popular. ¿Cal é? ¿Cal é a resposta do Partido Popular, do señor Rato? Vostede cala. A resposta é: consuman vostedes menos, reduzan o consumo de carburantes. Pero ¿pódeselles dicir iso ós agricultores, que paren

os tractores?, ¿pódeselles dicir ós pescadores que viven diso que non saian pescar —se lles parte xa están amarrados—? Realmente, ¿pódeselle dicir a quen depende a súa actividade productiva de vida diso que consuma menos? É, cando menos, unha resposta falta de sensibilidade e carente de sentido.

Por iso nós estamos plantexando a necesidade de que de forma selectiva, de forma transitoria ou temporal o Estado, que é un dos grandes beneficiarios, neste período reduza temporalmente o nivel impositivo a favor de absorbe-lo impacto sobre eses sectores. É unha política que é mala, e, se é mala, ¿por que finalmente se plantexa que para o ano que vén —anuncia o ministro de Facenda, o señor Montoro— se van conxela-los impostos sobre os carburantes? Se é malo toca-los impostos sobre os carburantes, será malo conxelalos para o ano que vén, e se tan só é un pouco malo, ¿por que non se fai un pouco mellor?

O que me preocupa, señor Fraga, é que en temas básicos, transcendentales, deste país, vostede cada vez está instalado nunha situación máis contemplativa, máis pasiva e con incapacidade de reacción.

O sector pesqueiro. Temos flota espallada por todos os mares do mundo. ¿Onde está, señor Fraga, a súa belixerancia co Goberno de hai cinco anos? Galicia está muda, non ten opinión nos grandes temas pesqueiros. ¿Que foi da presenza da Administración autonómica que se reivindicaba nos consellos de pesca en Bruxelas? ¿Que pasou cos acordos de Namibia, de Mozambique, que vostedes ían negociar, que daquela anunciaban? A realidade é que non hai novos caladoiros nin novos acordos, a realidade é que quedamos sen Marrocos —imos quedar, verémolo— e quedamos, dende logo, seguro, sen Arxentina.

¿Que está facendo a Xunta de Galicia ante a próxima reunión do ICCAT, onde se van reparti-las cotas de peixe espada? Mire, imos te-las peores cotas da nosa historia, e o Goberno que vostede preside está mudo.

Acaba de producirse un decreto de liberalización, chamado de liberalización, do comercio, que afecta a outro sector básico da nosa economía. Hoxe están parados, están en folga, están sufrindo, hai que sabe-lo que pasa. Porque ninguén se pon en folga —e menos o pequeno comercio, que fai a folga sobre as súas

costas, sobre o seu propio lombo— se realmente non houbese unha fonda preocupación, señor Fraga, nesta materia e unha gran inquedanza; en definitiva, un rexeitamento da súa política, señor Fraga.

Mire, o decreto de liberalización non terá influencia para reduci-los prezos, porque o sector do comercio é un dos sectores máis competitivos da nosa economía, onde hai máis competencia. Hai competencia dabondo no sector do comercio, non pode haber máis competencia, razoablemente. Non se van incrementar as vendas porque haxa máis horarios, porque os cidadáns comproun en función do seu nivel de renda, do seu nivel de prezos, da súa capacidade de compra, e, se hai máis horario, haberá maiores facilidades, pero non maiores vendas.

A consecuencia disto todo é que vai haber un incremento de custo para o pequeno e mediano comercio, e riscos importantes para un sector que dá emprego a moitas familias de Galicia. Diminuirá o emprego pola relación que hai entre emprego e vendas; é moitísimo maior o emprego que xera un pequeno comercio que as grandes superficies, seis veces a relación emprego-vendas.

Pero, xunto con todo isto, señor Fraga, do que vostede ten que falar —e é curioso que non responda, que non dixera nada en 180 páxinas de discurso; a verdade é que tampouco dixo nada disto do que estou falando, e 180 páxinas dan para falar, señor Fraga— é de que isto é claramente inconstitucional. Este decreto atenta contra a garantía establecida no Estatuto de Autonomía e na Lei de comercio, segundo a cal, temos competencia exclusiva nesta materia.

A lei do ano 1996 recoñecía claramente, explicitamente, a capacidade dos gobernos autonómicos nesa materia. Por iso a lei do ano 1996 dicía que calquera cuestión tiña que facerse de acordo cos gobernos autonómicos, e nunca antes do ano 2001.

Eu reclámolle, señor Fraga —e eu fareino así se teño a oportunidade e os cidadáns ma dan—, realmente, establecer un recurso de inconstitucionalidade nesta materia, negocia-las condicións de aplicación de todo este tipo de medidas co pequeno e co mediano comercio, e, en definitiva, de verdade comprometerse nun plan de mellora do comercio do noso país.

Dicíalle hai un anaco, señor Fraga, que é imprescindible unha nova estratexia económica para Galicia que priorice a innovación, que duplique o actual esforzo en I+D, que focalice nun número concreto de programas estratéxicos —alimentos, enerxía, minería— a actuación en I+D e que realmente estableza unha clara estratexia de transferencia de tecnoloxía.

É necesaria unha nova estratexia económica que priorice os recursos humanos; un plan galego de formación ocupacional e profesional; a incorporación á economía do coñecemento; máis educación e de máis calidade; en definitiva, ligar —da forma que non foi capaz de ligarse en dez anos de autonomía— a xeración de educación e a xeración de emprego; logra-la conexión entre a formación e a ocupación no noso país.

É fundamental un cambio económico que potencie de verdade a nosa capacidade de competir, a nosa capacidade de exportar. Creceron as exportacións, vaimos dicir, seino; pero seguen concentradas basicamente en tres sectores productivos, e dentro diso grandemente no sector do automóbil. E aínda así son cativas, moito máis cativas que nos países desenvolvidos de España. Pola contra, as importacións son cada vez maiores porque estamos perdendo competitividade nos mercados exteriores.

O resultado, señor Fraga, é que entre o ano 1990 e o momento actual o déficit comercial se incrementou practicamente en tres puntos. O noso déficit comercial do ano 1990 era do 5% do PIB, o déficit comercial á altura de finais da década dos noventa é do 8% do PIB.

Non hai futuro sen capacidade de atracción, de seducción, de capitais e de investimentos. Irlanda fíxoo, Portugal fíxoo, Bretaña fíxoo, e hoxe achegáronse a Europa nos niveis medios, se as comparamos con Galicia, é dicir, moito máis rápido ca nós, e están por riba de nós. ¿Por que? Porque foron capaces de facer esa política de atracción e de seducción de capitais e de investimentos.

E mire, entre o ano 1990 e o 1999 Galicia foi unha comunidade que a penas foi capaz de recibir, de atraer, unha peseta de investimento. O 0,4% do total de investimentos estranxeiros en España viñeron para Galicia, entre o 1990 e o 1999. É necesaria, de verda-

de, unha política de investimento público potente, prioritaria.

Está ben, señor Cuíña, que poñamos parques industriais e solo onde non hai industria, que fagamos estradas onde non hai tráfico, entre Monforte e Lalín, pero mentres tanto Vilagarcía e o seu porto non teñen acceso á autopista, Santiago e Bertamiráns teñen unha media de máis de 20.000 vehículos/día e estamos atascados aí; en definitiva, o sistema integrado de cidades de Galicia aínda non ten a capacidade de comunicación por vías de alta capacidade.

E o señor Fraga vén aquí e cóntanos unha historia: a autovía do Cantábrico. Hai anos que nos fala da autovía do Cantábrico e que a promete. Cincuenta millóns de pesetas nos presupostos do Estado deste ano van para face-la autovía do Cantábrico en Galicia, para estudos. Esa é a realidade...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO: E entre Lugo e Santiago... —remato, señor presidente— máis do mesmo.

En definitiva, ¿onde está a política de portos, o gran aeroporto central, esa base para conectar co resto do mundo? ¿Onde está realmente o porto exterior de Galicia? ¿Onde está de verdade a política ferroviaria e o tren bala do que vostede fala, máis alá do caletre, da súa imaxinación?

Señor Fraga, a modo de conclusión —e remato, señor presidente— quero dicirlle que eu creo que a súa década rematou. Ós socialistas non nos doen prendas —quéroo dicir con claridade neste debate— para recoñecerlle os servizos que lle prestou a este país, señor Fraga. Pero tamén lle reprochamos que vostede e o seu partido só ofrecen hoxe unha alternativa de resignación. Este debate, que ten como propósito a análise do estado da situación e do futuro, creo que remata cunha diagnose que é tan evidente como preocupante: un goberno cansado, desorientado, carente de forza e das ideas necesarias para incorporar a Galicia ó século XXI. Favorece-la alternancia, o relevo normal en democracia, será un colofón necesario para os dez últimos anos de xestión do Partido Popular na Xunta.

Galicia precisa de novas persoas, de novas ideas e dun proxecto de construción do país dende o galeguismo e dende a socialdemocracia, liderado dende o cambio tranquilo que garante o Partido Socialista.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pérez Touriño.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, antes de entrar no que é propiamente a miña exposición neste debate, permítanme que, por cortesía, agradeza ao señor Fraga que hoxe me teña ilustrado, informado e explicado sobre quén era don Ramón Piñeiro, porque, como eu só o coñecía a partir de cando tiña 11 anos e a penas o tratei despois, pois, resultoume moi útil que don Manuel Fraga Iribarne mo explicase hoxe nesta Cámara.

Señor presidente, señoras e señores deputados, celébrase este debate de política xeral no Parlamento dun país, Galiza, inserido, sen estado propio, en dous ámbitos institucionais externos concéntricos que condicionan decisivamente a acción política autónoma sobre os seus problemas peculiares, económicos, sociais e culturais: o Estado español e a Unión Europea. Neses dous potentes aparellos de Estado superpostos están integradas, sen soberanía de decisión política, as institucións do poder autonómico galego: este Parlamento e mais a Xunta de Galiza.

E celébrase aquí este debate nunha conxuntura na que o proceso de mundialización actualmente en curso xera un panorama avesío tanto no contexto estatal como no da Unión Europea; panorama sombrizo e alarmante tanto no comportamento das institucións políticas canto na evolución da estrutura social, nos obxectivos e na dirección dos procesos económicos ou na deterioración do benestar cidadán. Temos unha cidadanía que reiteradamente se sente defraudada polas opcións e os dirixentes políticos aos que sucesivamente vén conferindo o poder para a solución das súas necesidades e a defensa dos seus dereitos e intereses.

Dous analistas franceses instalados en atalaias pri-

vilexiadas e situados no espazo ideolóxico socialdemócrata, e non nunha esquerda radical, escribían hai poucos meses aínda estas palabras: “Está a instalarse un modelo de sociedade que varre ao seu paso aquilo que constituía o fundamento democrático dos nosos vellos países, o control cidadán das decisións políticas; control que se esvae ao paso que se esluen as diferencias entre conservadores e progresistas. Esbarrúllase un mundo sen que as xentes o decidan e emerxe outro mundo sen que as xentes o discutan. Non é o final da historia pero semellaría ser o final da política”.

O mundo que se esbarrulla en Europa é o que se baseaba no denominado “modelo renano” de capitalismo; un modelo xenuinamente europeo, construído a raíz da Segunda Guerra Mundial mediante a aplicación combinada do modelo teórico keynesiano e o fordismo, co centro de gravidade na esfera de produción e a cabeza nas políticas de redistribución da renda e da riqueza; un modelo que tivo vixencia universal ata os anos setenta, e na Europa continental ata hai un decenio. Ese modelo socioeconómico baseábase politicamente en dous piares:

O primeiro, un acordo polo que o poder económico lle reservaba ao poder político un ámbito de actuación propia como sector público e confiáballes unha función compensadora e redistributiva como Estado de benestar, *welfare state*.

E o segundo, un acordo entre o capital e o traballo, entre o empresariado e os sindicatos, no que ámbolos dous apostaban pola concertación social.

O mundo que emerxe, esborrallando o anterior, é o do denominado “modelo neoamericano”, impulsado politicamente pola Administración Reagan en USA e pola Thatcher en Gran Bretaña. Este modelo supón un retorno ao capitalismo salvaxe. Ten o seu centro de gravidade na circulación do capital e nos mercados do diñeiro, e a súa cabeza nos grandes fondos de pensións e corporacións de seguros xigantes, e substitúe o criterio de eficiencia na produción, a produtividade, polo da rendibilidade para o accionista; enténdase, para os grandes propietarios de grandes paquetes de accións dos conglomerados transnacionais.

Os cerebros deste modelo impoñen a desregulación total da economía mundial, a privatización do

sector público, a destrución do Estado de benestar, a precarización do emprego, a mercantilización dos servizos sociais, da sanidade, do ensino, dos bens da ciencia, da cultura e da información, a pauperización que se estende, como as metástases dun cancro, nas sociedades opulentas do centro do sistema.

Os poderes dese modelo neoamericano lideran a globalización, controlan o Fondo Monetario Internacional, a Organización Mundial de Comercio, a OCDE e o Banco Mundial. Eses poderes lanzáronse ao asalto de Europa dende o portavións do thatcherismo británico nos anos oitenta e están a destruír dende os noventa o modelo renano da Unión Europea. Eses poderes están a poñer de xeonllos ao empresariado europeo, mesmo ao máis grande e ao transnacional e a chantaxear os gobernos, mesmo que sexan socialdemócratas, en Alemaña, Francia ou Escandinavia. E mais, en fin, e sobre todo, están a torpedear o flamante e acabado de estrear euro.

Á vista deste contexto, a política exercida e a propaganda utilizada polos gobernos Fraga, no seu decenio de “césar imperator” dos galegos, só ten dúas posíbeis explicacións:

A primeira, que o señor Fraga Iribarne se fixo coa presidencia da Xunta para actuar como cabalo de Troia do modelo neoamericano na conquista deste *far west* europeo. E, daquela, os seus alardes doutroira de amizade e sintonía coa Thatcher cobrarían precisamente un significado revelador.

Ou ben a segunda, que a Xunta, presidida polo señor Fraga Iribarne durante o seu decenio, non tiña a menor idea do que estou a explicar, e, por iso, no canto de organizaren a defensa da economía da cidadanía deste país fronte ao que se lle viña enriba, abriron as portas de Troia-Galiza para que as forzas desa mundialización entrasen a saco no tecido empresarial galego, expropiasen ou bloqueasen os grupos autóctonos agroindustriais, marindustriais ou industriais a secas, desmantelasen ou esgasasen os sectores e ramos de produción máis cruciais para o desenvolvemento da nosa economía e o progreso do noso benestar; exterminasen o campesiñado, mallasen os comerciantes arreo e recolonizasen incluso a nosa cultura, empezando polas editoriais e polo mercado do libro galego.

Con todo, eu coido que a resposta correcta estriba

nunha combinación desas dúas explicacións; podería ser con proporcións de dúas libras da primeira por media libra da segunda, conforme as ensinanzas de don Xosé María Puga e Parga, máis coñecido como Picadillo.

Porque, señor Fraga, hai xa dez anos que don Carlos Mella publicara aquelas fermosas confesións rousseauianas que tanto o honran, por certo, tituladas *Non somos inocentes*. Ese plural incluía xa a vostede. En troques, coido que non deberían incluír o propio autor, que foi inocente, ou, cando menos, a súa traxectoria ata hoxe, se non foi inocente, redimiuno de sobra. A vostede non, todo o contrario. E por riba non o confesa. Pola contra, vostede afirma que só responde perante Deus e o seu confesor. Franco, polo menos, disque respondía perante Deus e a historia, claro que a morte non lle deu tempo a Franco para ouvir falar da tese da fin da historia. A vostede si, e, rematada a historia, substituíuna polo seu confesor, ou sexa, o cronista de cámara.

O BNG si que sabía o que nos viña enriba a todos nós como europeos e a nós en particular como galegos. E avisou, advertíulles a todos os cidadáns que quixeron ou puideron escoitarnos, primeiro, cando en Maastricht Europa optou por ser unha unión monetaria antes que unha integración económica. E por dicir estas cousas chamáronnos de todo, que eramos antieuropeos, cando simplemente queríamos avisar. Nós viamos as cousas dunha maneira, vostedes mentían, dicían que o vían todo moi ben, e hoxe están laiándose. Despois, cando a Europa oficial celebrou con euforia a entrada en vigor do euro. Vaían vostedes ás hermerotecas. Eu fixen un prognóstico rotundo e arriscado que os feitos levan vinte meses a corroborar día a día sobre a evolución do euro fronte ao dólar.

Europa, na que estamos, sacrificouno case todo a unha estratexia concentrada en botarlle o pulso ao poder neoamericano no seu propio terreo de xogo, o da globalización financeira, en crear o euro para botarlle o pulso ao dólar, naturalmente, dentro dun sistema monetario internacional no que a divisa patrón se concentrara en botarlle o pulso ao poder neoamericano no seu propio terreo de xogo, o da globalización financeira, en crear o euro para botarlle un pulso ao dólar, naturalmente, dentro dun sistema monetario internacional no que a divisa patrón é o propio dólar, non

atado por ningunha convertibilidade en ouro, como antano, e que vale o que decidan pola súa conta os Estados Unidos de Norteamérica.

A esta estratexia temeraria a Unión Europea sacrificou a utilización dos presupostos públicos para xerar emprego e demanda global —a social tamén—; sacrificou a política de desenvolvemento equilibrado; sacrificou sectores socialmente cruciais da base productiva europea, ao campesiñado enteiro, o tecido comercial e o pequeno empresariado case enteiros, a política social, a redistribución da renda, a fiscalidade xusta e progresiva, o control dos prezos da enerxía e dos carburantes, e a revolta social e popular e cidadá cando falla a instancia política —por algo está a darse en Europa— e, en fin, os resortes todos do benestar social.

E sacrificou Europa con especial crueldade os países que somos periferia, como Galiza; que pagamos en perda de produción, de ingresos, de riqueza, por estarmos tratados deste xeito en Europa; non por estarmos en Europa, pero si por estarmos tratados e involucrados deste xeito, pagamos moito máis do que recibimos dela nas subvencións que vostede e Aznar agora reparten, ademais, como lles convén.

E todos eses sacrificios que soportan os cidadáns de abaixo, ou sexa, a maioría, ¿para que? Para que o euro ingrese ultimamente nas ordes mendicantes e vaia pedirlle esmola ao dólar. O aforismo popular diría que iso só se lle ocorre a quen asou a manteiga. Mais os artífices da unión monetaria europea tiñan que saber o que facían, por iso sospeito que viñeron facer na Unión Europea o mesmo para o que o mandaron a vostede aquí en misión “*regional*”: destruír a fracción galega do sistema económico europeo con diversificación productiva, Estado do benestar e concertación social.

Hai poucos días, na mesma data e en dous xornais españois de grande difusión, tres personalidades ben diferentes, pero igual de solventes, coincidían medularmente nun mesmo diagnóstico. don José Vidal-Beneyto —Pepín Vidal, ¿verdade?, para os amigos do tempo da clandestinidade—, director do Colexio de Altos Estudos Europeos de París; don James Petras, profesor universitario de ética política; e don Raúl Alfonsín, ex presidente de Arxentina polo Partido

Radical. Se eu lese aquí unha escolma de parágrafos deses tres autores mesturados, resultaríalles difícil, se non leron as fontes, adiviñar a cá do tres correspondía cada un. Só lles vou ler esta precisamente de don Raúl Alfonsín, que di así: “Dirixímonos cara a un mundo gobernado por unha mafia globalizada, onde o oficial e o clandestino se entremesturan. A lóxica do poder nese mundo será implacábel contra aqueles que renuncian á súa vontade de autodeterminación”. Raúl Alfonsín, non o Beiras.

Mais esa demolición, nun espacio coa cultura cívica e política de Europa, só se pode acometer e consumir trucando a democracia para operar unha metamorfose do Estado. Por unha banda, subvertendo as xerarquías das institucións políticas, desvitalizando as cámaras de representantes, os parlamentos, ou poñéndos baixo o control de gobernos con maiorías absolutas para que o poder executivo poida actuar impunemente á marxe do control cotián dos cidadáns. Por outra banda, aplicando a consigna ultraliberal de “menos Estado cada vez” nas súas funcións de política económica e social, mentres se opera “máis Estado cada vez” nas funcións de control e castigo dos cidadáns que non sexan dóciles. Exactamente o que levan vostedes dez anos a facer en Galiza e catro anos no Estado español, señores do PP. Sabe moito o señor Diz Guedes, sabe moito o señor Pérez Varela, na experiencia galega en concreto.

Un analista europeo actual define recentemente, e moi expresivamente, este proceso como desprazamento do “Estado providencia” cara ao “Estado penitencia”; substitución do Estado asistencial por un Estado penal. Canto máis abandona o Estado a regulación da economía e a cobertura do benestar, máis medran a desigualdade, a pobreza, a fractura social e o malestar cidadán. Daquela, máis duro se fai o poder, recórtanse as liberdades, castígase a discrepancia, *demonízase* a disidencia, penalízase o paro e a pobreza, criminalízase a marxinação. ¿Sóalle algo todo isto, señor Fraga?

Ao cabo do camiño atópase o Estado penal, o Estado carcerario, como xa acontece en Norteamérica, con privatización dos cárceres, incluída como gran negocio. En Europa o dilema está hoxe entre a penalización da pobreza e a reconstrución dun Estado social merecente dese nome. E non son

palabras da miña colleita.

No Estado e en Galiza, co poder de Aznar alí e de vostede aquí, cortados polo mesmo patrón —impío— e amarrados a unha mesma correa de transmisión, ese proceso está en curso, e acadará o seu punto de destino se non o impiden os cidadáns exercendo como tales, poñendo a coraxe que nestes tempos duros cómpre, para sermos, efectivamente, cidadáns libres e non súbditos aferrollados.

En opinión do BNG e en opinión dos cidadáns que nos votan —por certo, en magnitude crecente dende que vostede chegou a Galiza—, o presidente Fraga Iribarne é responsábel dun decenio de constante e progresiva involución política, económica, social e cultural deste país. Demorémonos algo no balance deste decenio e fagámolo incardinando a análise en contraste cos tres eixos de coordenadas nos que o Bloque orienta a súa alternativa de acción política dirixida á cidadanía: o progreso con benestar, o exercicio da dignidade deste pobo e a rexeneración democrática das institucións.

En política económica tiveron vostedes dez anos para deseñar e pór en práctica unha estratexia de desenvolvemento que mudase a pernicioso dinámica que ten confinada a Galiza nos últimos postos das rexións económicas menos desenvolvidas da Unión Europea, ou máis subdesenvolvidas.

Non o fixeron, nin sequera tracexaron un modelo de formación capital, tanto productivo como social, básico, que suscitase un crecemento autocentrado da nosa base productiva capaz de mudar o sino de constante diverxencia entre a economía galega e a europea, e especialmente en termos reais, que son os que importan, porque a xente non vive nin come de imaxes virtuais, de xerar un aumento de ingresos públicos a prol da autonomía financeira e de permitir un aceptábel equilibrio sectorial e territorial interno da nosa economía. Pola contra, incluso desmantelaron un instrumento preciosísimo, como era Sodiga, para incidir na potenciación do tecido interindustrial, e licenciaron o seu excelente equipo de especialistas en desenvolvemento industrial. Botan pola borda o capital humano do que tanto falan.

¿Para que ían querer Sodiga se vostedes seguen paifocamente a consigna practicada polo tránsito

Piqué: a mellor política industrial é aquela que non existe? Xa a fan as transnacionais, á marxe do poder político e fóra do control democrático dos cidadáns. O empresariado autóctono de Galiza pode estarlles agradecido, e falo do empresariado galego, non do funcionario señor Ramilo.

Como consecuencia, segue a ter Galiza unha estrutura industrial anómala e desvertebrada en comparación coa modélica da Unión Europea, e tanto no abano productivo como no empresarial, e tanto en valor engadido como en emprego, unha estrutura eivada que a incapacita para aproveitarmos acadamente as nosas vantaxes comparativas no contexto internacional, base, precisamente, da teoría económica internacional do liberalismo do que vostedes falan, e que o negan sistematicamente.

Aínda hoxe catro de cada cinco empresas industriais galegas teñen menos de dez traballadores, e unha de cada tres non ten ningún asalariado, ou sexa, son empresas de autónomos, pero chámanas industrias.

Se retirásemos a enerxía e a fabricación de vehículos, iríase a metade da produción industrial en valor engadido. Se ademais computásemos as industrias da alimentación, da metalurxia e metálicas, o resto representa menos dun tercio do valor engadido industrial galego. Polo tanto, son as industrias xa tradicionais aquelas que din que non valen e que hai que renovar; aquilo que hai que inventar; vale un tercio.

Por riba, neses sectores a maioría das empresas importantes tributan fóra de Galiza e os impostos que pagan non llos computan a vostedes como ingresos que lles corresponderían aos seus orzamentos autonómicos. Iso si, para compensar, agora métenlles o imposto de sociedades ás comunidades de montes veciñais, que seica en Madrid pensan que son sociedades mercantís en vez de montes en man común. Mentres nin Repsol nin Endesa nin Ence nin Alúmina, etc., tributan en Galiza.

Industrias emblemáticas como a Fábrica de Tabacos, a de Armas, Imenosa ou Astano e Bazán seguen coa navalla no pescozo. E vostede prometera, e comprometérase por escrito con esas empresas, hai case dez anos, a determinadas cousas que non cumpríu. Mentres tanto, o seu Goberno amigo acaba de

achegar máis de 50.000 millóns de pesetas aos estaleiros andaluces de Puerto Real e Sevilla e ao biscaíño de Sestao. Seica a Arzallus vostedes póñeno a fender na prensa, mais danlle cartos do Estado, aínda que Euskadi ten autonomía fiscal. E, para Astano, “cero patatero”, diríamos no pintoresco léxico de Aznar. Mais non temamos, estamos en Europa, que todo o resolve, e velaí veñen os fondos estruturais para o período 2000-2006.

En febreiro deste ano, o seu conselleiro de Economía anunciounos as marabillas do marco de apoio comunitario para eses sete anos, que ademais, segundo el, estaría aprobado en maio. Ao día de hoxe aínda non están aprobados oficialmente os fondos para o Estado español, mais xa se sabe que Galiza recibirá nese período uns 200.000 millóns menos que no período anterior. Ou sexa, uns 30.000 millóns menos cada ano, gracias a vostede e mais a Aznar; seica dese xeito rematará de vez a diverxencia e comezará a converxencia de Galiza con Europa, ¿non si, señor Fraga?

Pero non sexamos desconfiados, aínda que Europa sexa cutre e nos maltrate, tampouco nos preocupemos; estamos no Reino de España, que predica e seica practica a solidariedade, esa que os nacionalistas disque vulneramos. E ademais temos en Madrid un goberno amigo encabezado por un fillo político de don Manuel, que nos dará trato de favor e compensará con fartura a cutrería europea.

Pois ben, nos orzamentos do Estado para o ano que vén, o Goberno amigo destinará a investimentos en Galiza 90.000 millóns por xunto. É dicir, 100.000 millóns menos dos que nos correspondería para estarmos ao nivel medio do que se inviste por habitante no resto do Estado. O Goberno amigo vai investir por cada cidadán galego menos da metade do que vai investir por cada cidadán español; velaí a igualdade dos galegos e os españois e a solidariedade dos españois cos galegos e de Aznar con Fraga.

De cada catro portos de interese xeral do Estado, un está nas rías galegas, mais o Estado vai investir nos seus portos galegos unha peseta por cada doce pesetas que investirá no conxunto. Somos a cuarta parte dos portos de interese xeral do Estado, pero recibimos a doceava parte dos investimentos, ¡milagres da arit-

mética!

A Autoridade Portuaria de Vigo —que non é do Bloque precisamente— leva denunciado reiteradamente que nos grandes portos galegos o Estado inviste moito menos do que suman os ingresos que eses portos lle proporcionan. Mais mentres os cataláns montaron un *front portuari* para presionaren a Madrid, aquí Fraga non o quere, pois iso soaría a separatismo, e, así as cousas, os portos cataláns “chuchan” cartos de Madrid e os portos galegos páganllo. E téñase en conta que agora Aznar xa non depende de Jordi Pujol para ter maioría nas Cortes e gobernar favorecendo ao seu pai político, don Manuel Fraga Iribarne.

Nos aeroportos galegos o Goberno amigo vai investir unha peseta por cada cen que invista no conxunto do Estado, así, todos os galegos teremos que seguir a pasar por Madrid ou Barcelona para ir e vir en avión a Europa, sexamos emigrantes, empresarios, turistas ou eurodeputados, ¡faltaba máis!

No ferrocarril de alta velocidade o Estado non investirá nin chisco o ano que vén, disque empezará a facelo no 2004, que os galegos podemos agardar e outros non, coma sempre; pero de aí ao 2010 só investirá por xunto 30.000 millóns. No ferrocarril convencional investirá en Galiza o 10% do Estado, onde hai tempo que os trens non circulan a 60 quilómetros, como aquí, nin hai cidades da categoría de Ferrol virtualmente incomunicadas. Por certo, onte coído que descarrilou unha locomotora moi preto de Perbes; circulaba a 40/hora, ¡pasárase de velocidade! Pero vos tede fala de alta velocidade, fala de alta velocidade e xa está, para Perbes. En todo caso, o plan aprobado polo Parlamento de Galiza no ano 1995 segue sen cumprirse, e o medio billón, con “b”, anunciado pola Xunta a golpe de pandeiro, ¿onde está que non se ve o medio billón do PP? O que si se bota de ver é que, co Goberno amigo, nin paxaro en man nin cento voando. ¡Aínda peor que con Europa!

En conclusión, a igualdade e a solidariedade dos españois ben entendidas, ao estilo “PP-Aznar-Fraga”, tradúcese en que o Goberno amigo valora os galegos por debaixo da metade da media española. Esa proporción non cadraría nin na talla da mili dos meus tempos mozos, coa fame de posguerra e todo.

¡Progresamos, señor Fraga!

Mais non sexamos ruíns —eu son moi ruín, pero non tanto—, a clave estará, daquela, en que o que nos esbulle a Europa solidaria e o que nos promete, pero non dá, a solidariedade de Madrid nos orzamentos do Estado, darallo directamente a facenda de Aznar ao señor Fraga para os presupostos autonómicos galegos. ¡Pois tampouco!

Hai tres meses demostreilles eu aquí mesmo que mentres a Facenda española recadaba en Galiza 500.000 millóns de pesetas —ese si que é medio billón—, o que lle transfería á Xunta pola PIE (Participación nos Ingresos do Estado) eran 260.000 millóns; ou sexa, pouco máis da metade. E que aínda que lle computasemos o que transfiren para o Sergas e o Imsero, o total só superaba en 40.000 millóns a recadación da Facenda española en Galiza. E que só con que lle transferisen á Xunta a alícuota correspondente ás factorías que teñen en Galiza as empresas que tributan en Madrid polo imposto de sociedades, unha estimación polo baixo daría uns 130.000 millóns máis de ingresos autonómicos. Ou sexa, o triple do déficit dos 40.000 que antes dixen. E, ademais, de paso, non precisarían poñer trabucos ignominiosos aos montes veciñais.

E tamén lles demostrei que só con que a Facenda do Estado transferise á Xunta o IVE que pagamos os consumidores galegos na mesma proporción que representa o gasto de consumo que facemos a respecto do total español, significaría para a Xunta uns 120.000 millóns máis.

Xa no 1987 o BNG plantexara neste Parlamento estudar a transferencia do IVE minorista, e reiterouno dende 1992 en diante. Nin o señor Albor primeiro —que hoxe nos honra coa súa presenza dende alí—, nin o señor Fraga despois, quixeron saber nada do asunto. Agora Zaplana tomoulles a dianteira. ¿Será Zaplana separatista valenciano? Ou sexa, mentres o Goberno amigo do PP inviste en Galiza 90.000 millóns, escamoteálle á Xunta non menos de 250.000 de impostos pagados por consumidores galegos ou por empresas instaladas en Galiza. ¡Vaia negocio este de España con Galiza ¿verdade?! Porque, por riba, teñen a boa parte dos cidadáns convencidos de que os galegos pagamos ao fisco menos do que recibimos, e que

vivimos da caridade do Estado e do PP que goberna. Claro, se boa parte do que pagamos se recada na Facenda de Madrid, non hai Facenda galega que resista.

Imaxinen que as principais empresas francesas tributasen en Alemaña e que a metade do IVE que pagan os franceses se recadase en Berlín: o Estado francés arruinaríase. Pois iso é o que nos fai aos galegos o Goberno amigo español. Déanlle a vostede, señor Fraga, eses 250.000 millóns que dixeran, e poderá facerse a Xunta cargo dos 90.000 que vai investir Aznar aquí o ano que vén, e aínda lle quedarán 160.000 millóns para pagarlle ao Exército español en Galiza, á Policía Nacional española en Galiza e demais servizos benéficos que o Estado sostén pola súa conta neste país.

Sei moi ben que estou a dar cifras grosso modo, mais o Goberno amigo podía favorecernos fornecéndonos a información exhaustiva verbo das contas do fisco en Galiza e nas demais comunidades autónomas. No canto de facer iso, o mes pasado o Grupo Popular no Senado chantaxeou o Grupo Socialista para que non asumise unha iniciativa do senador don Anxo Quintana, elixido por este Parlamento como un dos seus tres representantes no Senado, na que simplemente solicitaba do Goberno a presentación urxente da liquidación do sistema tributario no ano 1998, que nos permitiría a todos nós termos esa información exhaustiva á que me refería e a vostedes demostrar que me equivoco totalmente e *disparato* nas cifras que antes manexei.

Mais, aínda así, se queren vostedes discutir polo miúdo as contas e os cálculos nos que se fundamentan os meus asertos, eu rétoe a vostede, señor Fraga, e mais ao señor Orza, a discutilas nun plató da TVG sen limitación de tempo, ou, se prefiren, na aula magna da Facultade de Económicas compostelá, e xa verán vostedes, e os cidadáns todos, se saen ou non saen as contas grosso modo.

O caso é que o Goberno amigo está a estafar a Galiza nas transferencias para o financiamento autonómico, nos orzamentos do Estado e no trato dado a Galiza no marco de apoio comunitario da UE, polo menos dende que goberna Aznar en Madrid e vostede aquí. E que vostede, no canto de plantar cara e defen-

der os intereses de Galiza e da Xunta ante Madrid e ante Bruxelas, faille de escudeiro ao Estado e engana a mantenta os cidadáns galegos, como hoxe mesmo, co seu discurso, ocultándolles a verdade e vendéndolles como favores solidarios do Goberno español obras e cartos que non son máis que unha fracción do que teñen dereito a ter, e capacidade financeira para o faceren por eles mesmos se os deixasen. Ao cabo, a teoría do subdesenvolvemento demostrou hai xa medio século que os países que como o noso non se desenvolven ao ritmo do centro do sistema non é porque sexan pobres ou non teñan recursos, senón porque o seu excedente económico é sistematicamente drenado cara a fóra. Non é pobreza, senón empobrecemento. E dous resortes primordiais para esa drenaxe son os fluxos monetarios de aforro e capital e os fluxos financeiros públicos.

Un caso paradigmático é o da Galiza labrega, a economía agraria e o mundo rural, e mais o da Galiza mariñeira, sexa o marisqueo, a pesca costeira ou a pesca industrial. Un mundo, o primeiro deles, cunha cultura agraria, cun potencial económico e unha estrutura de hábitat tipicamente europeos, precisamente da Europa na que o desenvolvemento industrial en moitos casos eclosionou *pari pasu* co desenvolvemento agrario. Un universo de enormes posibilidades e enerxías potenciais, só que é trabado por unhas estruturas de poder social que o amarraron dende o XVIII como unha camisa de forza.

Soubo radiografalo e valoralo hai cen anos Díaz de Rábago, o avó da actual condesa de Fenosa, e eu mencionara esa diagnose no meu primeiro libro sobre a Galiza rural hai máis de trinta anos xa. Pois ben, a lectura convencional deste universo labrego, lectura negativista, feita dende fóra, trasladada teimudamente á acción política, traduciu sempre como tangaraños os trazos máis positivos dende o asentamento da poboación adaptada ao medio ata a estrutura polivalente das explotacións agrarias ou a valencia do idioma propio como vehículo de relación e de cohesión social.

Vostedes seguiron a inercia desas visións tóxicas deformantes e continúan a aplicarlles fórceps fabricados con materiais ou esquemas de “Tierra de Campos” ou de Arizona. Tamén seguen a amarralo socialmente con camisa de forza. Aínda non deu che-

gado a democracia ao agro. Discriminan e difaman aos sindicatos máis combativos e non queren facer eleccións ás cámaras agrarias ata que teñan amañado o control dos resultados ao seu favor, para seguir espoliándoos se poden.

O resultado está á vista. O que non conseguiran decenios de agresión política agraria dende fóra, esta a conseguir un decenio de política autónoma da Xunta que vostede preside, en conxunción co capital español, europeo ou ianqui, incluso, ao que vostedes axudaron a entrar a saco na agroindustria láctea de capital autóctono e mesmo de base cooperativa labrega, mentres facían cortina de fume desbardallando a prol dun grupo lácteo galego que vostedes non estaban dispostos a promover, como se demostrou. ¿Resultados? Por cada cen galegos ocupados en 1985, ficaban oitenta cando vostede chegou; cincuenta, cando Aznar ocupou o Goberno, e hoxe fican practicamente trinta.

A caída en barrena neste último cuadrenio, que ademais implica unha modalidade de etnocidio, compréndese porque dúas calamidades xuntas, Aznar e vostede, fan necesariamente máis destragos que unha soa. O índice de renda agraria con base cen en 1995 subira aínda ao 103 antes de chegar vostede, hoxe está raspando o 80, unha caída dunha quinta parte no seu decenio triunfal. Mais por iso a agricultura galega está subvencionada, para compensar, ¿non si? ¿Pois non! O da agricultura galega subvencionada é outra falacia. O nivel das subvencións do FEOGA Garantía, en relación coa renda agraria, está no 30% en promedio europeo, en España no 28% e en Galiza no 7,4%, exactamente, en 1997. Ou sexa, a media española anda preto do nivel medio europeo, mais para o campesiñado galego o nivel é a cuarta parte do español.

En toda a Unión Europea, só Holanda ten un nivel inferior ao noso. Pero, escoiten, en Alemaña as subvencións FEOGA Garantía ascenden ao 48% da renda agraria. Seica eles son os labregos pobres de Europa.

No ano 1995 as subvencións do FEOGA no agro galego superaron en pouco os 2.000 millóns de pesetas. Mais, ¿canto van cobrarlles este ano polo trabuco da supertaxa? ¿Preto dos 3.000 millóns! Ou sexa, que

cunha man o FEOGA lles dá aos nosos labregos 2.000 millóns, e coa outra rúballes 3.000 millóns. Esa é a solidariedade que vostede ten, señor Fraga, cos labregos que o votan; aos que non o votan tenta, ademais, deixalos fóra das cámaras agrarias. E para escarnio, cando protestan pola supertaxa, vostede e os seus escribentes de Agricultura e Presidencia —os seus conselleiros, quería dicir—, acusan os gandeiros de avarentos. ¡Que vixente está aínda aquela estampa de Castelao na que o cacique lle espetaba ao labrego: “Dicías que eras pobre, e mais tiñas unha vaca”!

A superficie agrícola útil hai dez anos representaba a cuarta parte da extensión de Galiza; na metade do seu decenio de Goberno xa caera á quinta parte. No conxunto da Unión Europea a superficie agrícola útil representaba hai dez anos a metade da extensión territorial, fíxense a diferenza.

O especialista grego da Unión Europea, o señor Angelos Angelidis, dixérame en 1993 en Estrasburgo que no resto do decenio a agricultura europea ía perder unha SAU (Superficie Agrícola Útil) equivalente á de Portugal enteiro. O que non me dixera era en cáles rexións de Europa ía darse maiormente o abandono de terras cultivadas e tamén de explotacións gandeiras, mais xa sabiamos que a Galiza lle tocaría bóla negra. Non precisamente no Portugal norte, onde están a estenderse os cultivos e plantacións pola conca do Douro arriba ano tras ano; alí aumenta a superficie agrícola cultivada. Na rexión Galiza-Norte de Portugal, pero o Norte de Portugal non é Galiza. Mais en Portugal, evidentemente, os gobernos gobernan para os portugueses non para os de fóra. Aquí vostede, evidentemente, non goberna para os labregos galegos.

Así desertízanse o medio rural e a Galicia interior, as terras cultivadas déixanse a monte, non quixeron vostedes crear un banco de terras, o colapso da gandería intensiva sen promoción alternativa de extensiva converte pasteiros en mato, inzan as alimañas que derraman as colleitas dos que aínda labran a terra, os paisanos préndenlle lume ao mato baixo para defendérense delas, proliferan os incendios, vostedes gastan en apagalos case un tercio da renda forestal, ¡máis de 70.000 millóns de pesetas en dez anos, señor Fraga! E as hectáreas queimadas en 1990, aquel verán terrorífico no que nós pedimos a comparecencia do señor Romay e nos enganaron dicindo que habería un

pleno especial e nunca máis o houbo, foron ese ano 49.500. No ano 1998, oito anos despois, as curvas fan así: 48.117, 49.000 en 1990 e 48.117. Ese é o éxito. Aquí están os gráficos, son perfectos, xa se ve. Aí cerra, pero está aquí igualiño de alto case que aquí.

Señor del Álamo, vostede pode dicir o que queira pero os feitos son pertinaces. Porque a Consellería de Medio Ambiente, por riba, promociona a reforestación de terras agrícolas e gandeiras con especies maiormente igníferas. Case 3.000 millóns de pesetas, dixo este ano un director xeral de vostede hai poucos días, para iso, para a reforestación de terras agrarias e gandeiras, fronte a só 100 millóns para axudas aos montes veciñais, que lles sacarán coa outra man do imposto de sociedades.

Entrementres, os fabricantes de mobles da Estrada láianse de que o Plan forestal da Xunta non plante especies madeiráveis nobres indispensábeis para a súa industria. O que dixo esta mañá vaia dicírllelo aos industriais da Estrada que a min me dicían isto. ¡A ver a quén enganaban! ¡Non será que tiñan medo a dicírllelo a vostede e aquí, en cambio, atrevíanse a dicírmolo a min!

Pero vostedes néganse a crear un servizo e un corpo de gardas forestais que podían custear co que pagan en brigadas para apagar incendios e non para impedirlos, limpando os montes, rendibilizando a biomasa e protexendo preventivamente as masas forestais.

É un sarillo infernal e demencial, tecido pola irresponsabilidade de vostede, señor Fraga, e a estulticie dese Goberno; cunha conducta que destrúe a riqueza do país, incluso agrede a dignidade desta xente e suscita a indignación moral dos cidadáns máis conscientes.

Na Galiza mariñeira reproducése *mutatis mutandis* un proceso análogo, aínda que con lóxicas diferencias palpábeis.

Primeiro, a caída da poboación mariñeira ocupada, para empezar precisamente polos traballadores da pesca industrial máis avanzada, que sofren cos armadores o despiadado asedio europeo ás nosas flotas de altura e de grande altura.

Segundo, a caída da pesca desembarcada, tanto en

volume como en valor. Hai dez anos aínda se embarcaban preto de 600.000 toneladas; ao cabo do seu glorioso decenio están ben por debaixo das 200.000; ou sexa, menos dun tercio da que desembarcaba cando vostede desembarcou, por certo, aquí. En valor caeu de 100.000 millóns a menos de 60.000 millóns; ou sexa, a menos das tres quintas partes.

Vostede e o Goberno amigo deixaron a pesca galega fóra do acordo subscrito hai un mes pola Unión Europea con Groenlandia, no que repartiron cotas as flotas alemá, francesa, británica e danesa; ou sexa, maiormente aos que non teñen tradición pesqueira de grande altura; para nós, nin unha tonelada. Por certo, que Groenlandia forma parte do Estado danés como comunidade autónoma, o mesmo que nós no Estado español, pero en materia pesqueira Groenlandia conta coma se fose un Estado extracomunitario. Deben de ser separatistas consentidos.

En Marrocos, mentres a flota galega leva dez meses amarrada, seguen a faenar no banco sahariano superarrastreiros holandeses con capacidade extractiva meirande que a flota galega enteira. Nin Marrocos nin a UE *rechistan*, mais se o Parlamento galego apoiase os nosos, seica Marrocos declararíase a guerra a España, ou pouco menos, polas alarmas que suscitaba aquí o señor conselleiro.

Por certo, señor Fraga, vostede, que viaxa tanto, ¿por que non viaxou aínda a Marrocos para resolver co rei Mohamed VI o problema da flota galega? ¿Ou é que só viaxa vostede alí onde non temos problemas?

Entrementres, a mellor flota pesqueira do mundo, a nosa, cos mellores mariñeiros, os nosos, que ensinaron a pescar a todos os demais, incluídos xaponeses, ten que repetir as odiseas de Vasco de Gama e Magalhães cinco séculos despois, non en busca das Indias polo Índico e o Pacífico, senón de peixe para manter a flote, contra vento e marea da Xunta, de España e da Unión, o sector que foi artífice do xenial complexo mar-industrial galego, tomado como exemplo en todo o mundo, e que calquera goberno que tivese un mínimo de dignidade e de autoestima coidaría e agarraría como mostra emblemática da capacidade do empresariado e dos traballadores galegos; un auténtico buque insignia deste país que nunca tivo armada de guerra, e nunca mellor dito. Pero vostedes pa-

san de todo e váiselles a forza en fume.

Na pesca costeira, no marisqueo e na acuicultura, que son da súa exclusiva responsabilidade, o panorama é caótico. A media de ingresos anuais das mariscadoras, 8.000 das que falaba o señor Fraga esta mañá, a penas sobarda as 400.000 pesetas. Ou sexa, menos que un subsidio de paro baixo, pero traballando arreo. ¡Perfecto!

En 1.500 quilómetros de costa hai, por xunto, catro axentes de extensión pesqueira; e, por riba, subcontratados. Non hai diálogo coa flota de baixura, e así xorden conflitos cada día, nin se fomenta o cooperativismo de pequenos armadores; e, xa digo, aquí non interfere Europa.

Mais deixarei isto, para non prolongarme máis, deixarei a explicación de por qué o complexo mar-industrial de todas maneiras resiste, e non resistiu o agro-industrial, porque, en definitiva, hoxe as explicacións tiña que dalas don Manuel Fraga, e se eu estou explicando algunhas é porque el non o fixo. E, xa digo, vou abreviar, porque se vale aquilo de que para mostra un botón, a casaca do señor Fraga xa debe estar fanada de arriba a abaixo.

Hoxe os parados son un 20% máis que hai dez anos, a taxa de paro medrou do 12% ao 17%, de punto a punto. Os mozos teñen peores perspectivas de emprego canto máis preparados estean. A taxa de paro dos titulados universitarios é o dobre que a dos sen estudos ningún. Pero o presidente Fraga eliminou a Consellería de Traballo xa dende que chegou e o PP negouse no Parlamento a renovar o Plan de financiamento universitario de 1996; fixérono ás agachadas en despachos cos rectores, non no Parlamento. Iso si, as subvencións ao ensino privado multiplicáronse por tres no decenio, xa montan máis que os gastos de funcionamento de todo o ensino público non superior, mentres a implación da ESO, e agora da ESPO, é un fiasco.

Tras dez anos de goberno Fraga, quince de cada cen familias galegas teñen ingresos inferiores a 70.000 pesetas mensuais. Preto de 100.000 persoas viven en Galiza por debaixo da renda per cápita dun país africano. Os accidentes laborais dispáranse en paralelo co aumento da precarización do emprego e da temporalidade. Os niveis de salarios seguen por

baixo da media estatal e 15.000 pesos mensuais por baixo do País Vasco; ese que tan mal funciona. E as pensións dos xubilados, que vostede tanto agarima para que o voten, teñen en Galiza o nivel máis baixo de toda España, e dous tercios respecto do nivel do País Vasco do lehendakari Ibarretxe.

Hai un decenio aínda non fora cumprido o mandato do Estatuto de comarcalizar a administración territorial galega. Hoxe segue na mesma. Hai dez anos a autovía do Cantábrico non estaba proxectada nin trazada. Hoxe apoian vostedes o trazado que máis cartos lle poida aforrar ao Goberno amigo. O saneamento das rías era unha conta pendente e vital para a rexeneración ecolóxica e productiva dese tesouro natural. Hoxe tamén. Retiraron vostedes a Lei de protección da ría de Pontevedra co pretexto de faceren unha para todas as rías, e estamos sen unha nin outra. O Plan Sogama de residuos sólidos tiveron que reformalo para adaptalo á normativa europea —que, por certo, viña a dar a razón á proposición de lei presentada pola iniciativa cidadá neste Parlamento que rexeitaron vostedes—. E logo quedou obsoleto e en colisión co recente Plan estatal de residuos sólidos, que volve sintonizar con esa iniciativa cidadá que vostedes rexeitaran. Ou sexa, o seu plan non lles vale aos cidadáns, non lle vale a Europa, non lle vale sequera ao seu Goberno amigo. ¡Bingo!

Hai dez anos o saneamento en vertidos líquidos estaba, segundo os biólogos, a nivel africano; hoxe, a nivel sudasiático. A contaminación dos ríos era alarmante, hoxe pavorosa, e o pai Miño está contaminado en todo o seu curso. Mais o presidente Fraga debrúzase perante unha Confederación Hidrográfica del Noroeste preconstitucional con cabeceira en Oviedo, na que nin Galiza existe como comunidade autónoma nin contan as súas competencias constitucionais.

En fin, o ricaz patrimonio arqueolóxico está naturalmente á intemperie, sen tan sequera acabar de inventariar. Boa parte do monumental e histórico-artístico está en perigo de ruína. ¡Vaia polo medio rural a ver o románico rural, a ver qué pasa; e non só o románico!

E a normalización do noso idioma avanza, pero marcha atrás. Acaban de suprimir vostedes a esixencia do coñecemento do galego para o acceso á fun-

ción pública. ¡Precioso, ese é o galeguismo!

E falemos algo finalmente de democracia e de dignidade institucional neste decenio. No ano en que se cumpre o cincuentenario da morte de Castelao, artífice da aprobación do primeiro Estatuto de autonomía, que deu lugar a que Galiza fose considerada precisamente nacionalidade histórica na actual Constitución, e no ano no que a Real Academia Galega dedica o Día das letras galegas a don Manuel Murguía, artífice da recuperación e da primeira elaboración científica da historia —sen a que Galiza non podería ser considerada nacionalidade histórica mesmamente—, vostedes pasan absolutamente de honrar institucionalmente como merece ao Castelao que teimaron vostedes en traer a Bonaval para enterralo alí e metelo baixo unha lousa. E impiden, cun muro de silencio, a difusión do coñecemento da súa vida e obra pola cidadanía. E vostedes, por outra banda, apoian desvergoñadamente os ataques xenófobos e sectarios que, dende a Real Academia Española da Historia e dende o Goberno do Estado —co proxecto de decreto sobre o ensino das humanidades—, se lanzan precisamente contra a historia e a cultura do noso país e o seu coñecemento correcto polos cidadáns galegos.

Relea vostede —relea, que coido que o lería— a espléndida resposta que Murguía publicara hai máis de cen anos ás insidias ignaras do daquela académico español da historia Sánchez Moguel —que ninguén se lembra del máis que polo discurso de Murguía—. Se a Xunta tivese aprecio pola dignidade de Galiza, debería difundir por todas as escolas do noso país ese texto de Murguía, que valería tal cal como réplica contundente actual ao sectarismo anticientífico da Academia da Historia española. ¿De que bando están vostedes neste asunto? ¿Do bando dos que, como Castelao e Murguía, combateron co espírito e co intelecto para que vostede poida ser hoxe presidente dun goberno galego, ou dos que queren borrar do mapa, da historia e da memoria cidadá a existencia deste país, sen o que vostede hoxe non sería nada en política?

E respecto da dignidade e do respecto das institucións, vostedes levan ultimamente desprezado e desairado de forma inconcibíbel institucións como o Valedor do Pobo, como o Consello de Contas ou como o Consello Económico e Social —é público e notorio—, e os seus membros e titulares, dende don

Carlos Otero Díaz a don Xosé Cora ou a don Luis Suárez Llanos. E só a admirábel modestia, a altura moral e a elegancia espiritual de persoas así —esas virtudes das que vostedes demostran cada día carecer— impediu que xurdisen graves conflitos entre esas institucións e a Xunta de Galiza.

E neste Parlamento, en fin —vou rematando, señor presidente da Cámara—, vostedes practican unha utilización perversa e desaprensiva da maioría absoluta, que ocasiona unha degradación constante da institución parlamentaria.

A maioría lexitima para gobernar, non para excluír a todos os cidadáns que non os votaron a vostedes. Os que representamos a eses cidadáns temos dúas obrigas que se traducen en dúas funcións primordiais de todo o Parlamento: impulsar e controlar o Goberno; ou sexa, achegar iniciativas que a Xunta non adopta de seu e controlar a actividade política da Xunta no marco legal e nos postulados democráticos. Vostedes obstrúen o cumprimento desas dúas funcións e así reducen a cinzas os dereitos parlamentarios dos cidadáns que nos elixiron a nós, xa non os nosos dereitos, senón os dos cidadáns que nos elixiron a nós, e non a vostedes, como representantes. Votar por sistema en contra das proposicións e mocións suscitadas polos nosos electores, ademais de evidenciar soberbia e sectarismo intolerante en quen goberna, esteriliza a iniciativa política da Cámara, consagra o monopolio do poder polo Executivo, converte o seu grupo parlamentario en servo do Goberno e exclúe a metade dos cidadáns galegos de participar na orientación da vida política institucional. Ás veces chega ao grotesco. Hai poucos días votaron vostedes en contra da proposición non de lei do BNG a respecto das fundacións sanitarias. Contestaron aos portavoces, ou ao portavoz, pouco menos que dicindo que viña aquí a facer un exercicio académico. Aos dous días, o señor Fraga estaba decretando que había que cambialas para o dereito público, que era unha das fórmulas que nós propoñíamos, non na parte dispositiva pero si na miña argumentación, que era para dar saídas de transacción —do que vostedes se negaron nin sequera a falar—. Iso é soberbia, ao estilo do que definía o doutor Maraño —que non era sospeitoso de esquerdismo— como “soberbia española” precisamente —léano, ou reléano—: a soberbia da miseria, a soberbia da ignorancia, a soberbia da pobreza; Maraño, don Gregorio —

pai—.

E negarse por sistema o presidente da Xunta a comparecer na Cámara cando a importancia dos problemas ou das decisións o require e utilizar o veto do seu grupo como escudo para non dar a cara constitúe unha mestura de desprezo á democracia representativa e de covardía política, a partes iguais; incluso con respecto aos deputados do seu propio grupo, que foron elixidos polos cidadáns e non designados por vostede, señor Fraga. E aínda ten o descaro de dicir á prensa que está disposto a falar comigo. ¿Onde e cando? Eu dígolle ónde. (*Risos.*) Claro, dígame ónde e cando. Eu dígolle ónde: aquí no Parlamento. E dígolle cando: cando teñan problemas graves os traballadores ou os empresarios, os comerciantes, os gandeiros, os parados, as mulleres discriminadas ou agredidas, os mozos, os vellos, os estudantes e os ensinantes, cando arden os montes, cando se agrede dende o poder do Estado o noso idioma, a nosa cultura, a nosa historia. Fale aquí cando iso acontece, cando as xentes do meu país sofren, cando os intereses e o benestar do meu país están ameazados, cando a dignidade do meu pobo está aldraxada, cando a paz social estea en perigo, cando cómpre tomar decisións difíciles. Fale aquí e descubrirá a un Beiras que vostede descoñece porque vostede se nega a dialogar nesta institución na que eu levo dialogado durante anos sobre todo o que vostede non dialogou aquí nunca. Porque eu estoulle aquí para iso, non para facer carreira, que a que quixen facer xa a fixen sen utilizar o poder. E aínda así, e mal que lle pese, eu represento xa hai tempo un contrapoder, un poder compensador, un *countervailing power*, aquí e na sociedade. Mais é unha opción que xa acadou poder municipal considerábel na Galiza máis dinámica e, finalmente, unha alternativa de poder para mañá; unha alternativa que os seus acólitos temen porque é unha alternativa que o sucederá a vostede.

Fale, dialogue ou debata vostede comigo aquí no Parlamento, non forzado por unha lei, como hoxe, senón por propia vontade e en honra da democracia parlamentaria, que é, por certo, a modalidade de democracia establecida na Constitución, da que vostede é un dos pais. É curioso, vostede fai no Parlamento como aqueles que acataban a Constitución por imperativo legal. Vostede só fala aquí por imperativo legal e non por espírito constitucional. E logo tamén podere-

mos dialogar e debater cando queira á vista de todos, para iso están os medios de comunicación públicos autonómicos. Emprázoo a debatermos os problemas do noso tempo na TVG e na Radio Galega.

Falemos e discutamos de democracia, de violencia terrorista, de integración europea, de nacionalismos emancipadores e opresores, de financiamento autonómico, de política salarial, social, industrial, pesqueira ou forestal. Falemos, atrévase. ¿Ou é que ten a menos debater comigo perante as cámaras da TVG?.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor BEIRAS TORRADO: Remato.

Este verán pasado o BNG fixo público un manifesto que contén e explicita un compromiso responsábel co noso país. Nel afirmamos que as institucións políticas e administrativas teñen que estar ao servizo dos intereses de Galiza e dos dereitos e necesidades dos cidadáns sen discriminación ningunha, e que isto para nós é democracia.

Afirmamos que os galegos temos dereito a ser o pobo que somos, sen renunciar a iso para estarmos abertos ao mundo dende a nosa cultura e do noso idioma. E para nós iso é dignidade. E afirmamos, en fin, que cómpre fomentarmos procesos de creación e reparto equitativo da riqueza e garantirmos a todos os cidadáns servizos básicos públicos e sociais universais e eficaces. E isto, para nós, é o progreso con benestar. Exactamente é a alternativa antitética ao que vostede, señor Fraga, leva feito no seu decenio de goberno. E os feitos demostrano. Estou convencido de que a maioría social emerxente en Galiza pensa coma min.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías, como pasa sempre neste debate, e como noutros —escasos nos que nos honra coa súa presenza o líder do Bloque Nacionalista Galego—, fanse descualifica-

cións sistemáticas cara ó Grupo do Partido Popular, ó que representa como grupo maioritario, cun desprezo profundo, e cara ó presidente que elixiron tódolos galegos, coa maioría máis *aplastante* que existe no conxunto do Estado español.

Consecuentemente, eu quería matizar que en soberbia e en desprezo democrático, desde logo, ó Bloque Nacionalista Galego e a quen o lidera non lles gana ningún. E cando se fala da Constitución, penso que procede neste momento recordar quen foron os que no seu momento —esta mesma Constitución, pola que nos atopamos neste momento agora e aquí— non a acataron e quen non a aceptaron. Polo tanto, pensen moito as palabras cando as din porque se poden volver, como as lanzas, contra quen vén pronuncialas nesta Cámara, que é un lugar sagrado e de respecto para todos, dos que témo-la maioría cara ás minorías, e das minorías cara a quen témo-lo labor de representar maioritariamente e goberna-lo pobo galego.

E mire, falouse aquí incluso de xenófobos. E de verdade é intolerable que neste momento se diga o de xenófobos cara ó Grupo Popular e o que representa o Partido Popular en España e en Galicia, cando hai quen defende e fai pactos ou incluso propón o diálogo, precisamente, cos únicos xenófobos que hai neste momento en España. Polo tanto, cando falen de xenófobos, pénseno tamén profundamente, porque, se non, estanse traizoando. Precisamente, o que vostedes fan, o que vostedes pensan e o que vostedes están transmitindo tódolos días entra en contradicción co discurso que lanzan aquí.

E hoxe quero dicir unha cousa tamén importante. E dígoo porque, como demócrata, como representante e voceiro do Grupo Parlamentario Popular, e membro ademais do Goberno galego, foi unha satisfacción velo líder do Bloque Nacionalista Galego nun acto no que publicamente nos manifestamos á porta deste Parlamento. Porque ese feito non se produce tódolos días.

Hai quen considera, nesa soberbia, máis importante ir ó País Vasco a apoiar determinados postulados —como dicía hai un pouco—. Pero en cambio, na praza do Obradoiro, onde ímo-lo pobo galego e a representación máxima do pobo galego —entre eles, lo-

xicamente, os voceiros destes grupos parlamentarios—, ó voceiro do Bloque Nacionalista Galego non o vimos practicamente case nunca nos últimos tempos. Polo tanto —repítollo—, hoxe congratulámonos. Esperamos que continúe.

Eu, señor presidente, teño a sensación de que loxicamente á oposición non lle gustou o que aquí se dixo esta mañá. É natural, a oposición ten un pensamento e unhas ideas diferentes ás nosas; non digo o seu programa, pois, por desgracia non o teñen. Está claro que non lles gusta como goberna o Partido Popular nin o que apoia o Grupo Parlamentario Popular. O que non sei moi ben, e o que non sabe moi ben o Grupo Parlamentario Popular, é se é porque pensan que o facemos mal ou se é que lles molesta que o fagamos ben; tan ben que teñen as portas pechadas ó poder pola boa acción do señor presidente da Xunta, do seu Goberno e deste grupo parlamentario que o apoia. Inclínome por este segundo suposto, pois o referendo permanente, que é o auténtico medidor da xestión, é desde logo o mellor que podemos ter. Por iso supoño a dor e o sentimento dos grupos da oposición.

Moito lles amolan os logros e os acordos do Goberno do presidente Fraga, en tódolos eidos. Hoxe xa faláron outra vez aquí do tren, de que se non había, de que se había, de se era pouco, de que se era moito. Señores, vostedes, se fixeran un exercicio non de humildade, senón simplemente de recoñecemento —que sería bo xa que pode haber aspectos, como non, que poden ser criticables—, terían que recoñecer que, respecto do acordo que houbo nesta Cámara en relación co que é o gran proxecto de infraestruturas do Goberno galego —para tódolos galegos, non para uns poucos—, que é o gran proxecto do ferrocarril e do acordo do investimento que se acordou nesta Cámara, non vai se-lo que se dixo, vaise multiplicar por tres. E, ademais, aquí hai pouco que se cuestionaba se se faría o tren de alta velocidade. E está aí, para levalo a practicamente tódalas cidades da nosa Galicia. E iso tiñan que recoñecelo, porque agora négano. Aínda hai poucos días que o estaban negando nos medios. Terán que velo, como fixeron durante tanto tempo, que criticaron outros proxectos. Teríamos nós, desde a maioría, que esixirlles a vostedes que nos digan ónde van todos aqueles rexeitamentos catastrofistas que fixeron dos que son os grandes proxectos do Goberno galego hoxe realizados.

¿Que dicían vostedes de Sogarisa? Recórdolles unha vez máis, que non tiveron a valentía de saír aquí e dicir... Si, fai ben, señor deputado. Pregunte o que é Sogarisa. (*Risos.*) Hai que enteirarse. Pois mire, é unha industria moi importante de residuos sólidos industriais que vostedes negaron. No seu catastrofismo anunciaron que desde As Somozas ata Ferrolterra ía quedar todo desertizado por unha industria que é a que recolle tódolos residuos industriais de Galicia, practicamente tódalas pilas de España, e é modélica no conxunto do Estado. Iso é o que vostedes normalmente negan. Pero, despois, cando se fai, non teñen a valentía de vir aquí e recoñecelo. Probablemente se tiveran esa actitude terían máis credibilidade ante o pobo galego.

E ademais quero dicirlles algo moi grave, que o fan habitualmente, por iso lles custa tanto traballo telo recoñecemento do pobo: manipulan sistematicamente tódolos datos. Aquí falseáronse practicamente todos.

Hoxe falan vostedes, por exemplo, do tema dos horarios comerciais. Señor Touriño, quero recordarlle que a medida que se fai é progresiva ata o ano 2005, ampliando un día festivo cada ano. Vostedes, no seu plan, no do Partido Socialista a nivel de Estado —que vostede coñece e que no supoño que, nun período de tempo, como membro do Goberno, vostede tamén participou—, a liberalización era absoluta —é dicir, que cada un abría cando lle petara— practicamente a partir do 1 de xaneiro do 2001, segundo o seu proxecto; ata que despois perderon a maioría, e tiveron que tragar, como é natural. Ese era o seu.

Pero mire, cando vostede fala diso quero recordarlle que durante o ano 1999 —e supoño que, como os datos positivos a vostedes os molestan, voulles dar un pouco de sufrimento, mala sorte para vostedes (*Risos.*) e boa para os galegos— case 5.000 parados se fixeron autónomos coas axudas da Xunta de Galicia. No comercio medrou o número de minoristas. Ó rematar 1999 aumentaron en 2.500 os establecementos, cunha taxa de crecemento do 6,8%; o mesmo que no emprego. Agora ben, que aquí veña hoxe —como fixo estes días— o Bloque Nacionalista Galego a falar do comercio —e fálalles un, entre outras cousas, consorte de comerciante, descendente ata cincocentos anos de burgués, como a maioría dos co-

merciantes—, que veñan aquí os que foron en contra da burguesía e do comercio durante todo o tempo, desde que existen, a defende-lo pequeno comercio..., pois voulle dicir que iso é coma o raposo coidando das galiñas. Perdoen, pero non llelo cre ningún. E, se non, xa llelo dirán cando chegue o momento de definir cara a quen apostan precisamente eses pequenos comerciantes. Xa llelo dirán no seu momento, no momento clave, que xa sabe cál é, cando se pasa a definir fundamentalmente a quen se apoia e non a quen fai a parafernalia.

Por outra banda, chegouse a dicir aquí, señorías, falseando totalmente a realidade, que o poder adquisitivo dos galegos baixara nos últimos anos. ¡Falso! O poder adquisitivo dos galegos subiu o 51,43% na década dos anos noventa. Esa é a realidade, o resto é falso.

Por outra banda —sábeno vostedes e non teñen por que falsealo—, a economía galega medra por encima da media nacional. ¡Escrito en tódolos medios, recollido en tódolos informes! Sábeo ata o máis pequeno, o que ten un negocio, o que se adica a calquera actividade, o que sabe ler, que hoxe, por sorte, somos todos, a pesar do que algúns pensan, subidos ó podio desa elite que pretenden representar —puro sistema vertical, xa saben a qué me refiro—. Subidos a ese podio, non o queren recoñecer, porque consideran que hai un grupo —como xa dixeron en tantas ocasións— que son os que votan o Partido Popular, que non saben, non entenden. Vostedes chamáronlles ignorantes porque votaban o Partido Popular. En cambio, hai un grupo reducido, intelectuais, que vemos que escriben ás veces nos periódicos, que se autodefinen como intelectuais e que representan —parece ser— ese grupúsculo que está rodeado dun halo especial e que ten unha inspiración especial de alguén que os ilumina. E quero recordar que na historia os iluminados sempre foron xente moi perigosa. (*Risos.*)

Pero siga dicindo —para máis sufrimento— que o PIB galego medra 4,1% no primeiro trimestre, e vai pecha-lo ano en máis do 4%. Esa é a realidade. Por certo, dúas décimas por riba do medre do produto interior bruto do conxunto do Estado.

Cando aquí se falou hai un pouco —falseando outra vez a realidade— da participación de Galicia nos

organismos pesqueiros internacionais, algo que nos toca moi especialmente a nosa sensibilidade... Por certo, quero recordarlle-lo que aquí se dixo a respecto dalgunhas persoas, dalgúns mariñeiros, que non puidemos rescatar como sería do noso agrado. Despois dun exercicio demagóxico profundísimo, que se practicou desde o Bloque Nacionalista Galego, quero recordarlles que non a 500 metros de profundidade e cargado de cemento, senón a 100 metros de profundidade, ata onde chega incluso un mergullador, non hai moitos días un submarino soviético con persoas vivas no seu interior, por desgracia, non puido ser rescatado. (*O señor Beiras Torrado: ¿E con que medios?*) Recórdollo, porque aquí se dixeron as maiores barbaridades, e foi o maior exercicio de demagogia que se fixo nesta Cámara. Hoxe quero recordarllelo, porque —díxenllo naquel momento— non se xoga con iso; porque a vida dos nosos mariñeiros é sagrada penso que para todos.

Pero hoxe, a diferenza de cando gobernaba o Partido Socialista, Galicia ten voz nos organismos multilaterais que regulan as pesqueiras que se producen en augas internacionais. Houbo que esperar precisamente ó ano 1996, cando no Goberno en Madrid entrou o Partido Popular, para que asumira as súas responsabilidades. E desde aquela a Xunta... (*Murmurios.*) (*Interrupcións.*)

Laméntoo, señor presidente, eu sabía que se ían poñer nerviosos (*Risos.*), pero pídlle que... Nós escoitamos estoicamente algunhas das barbaridades que escoitamos. (*Murmurios.*)

A Xunta de Galicia participa como parte da delegación española e comunitaria nas reunións da NAFO e da ICCAT, nas que —quérolle lembrar por tres veces consecutivas— se acadou o incremento da cota do fletán, un aumento baseado nas campañas de avaliación realizadas mediante convenio entre a Administración central e a Xunta de Galicia postas en marcha pola nosa Administración autonómica. Repito: co recoñecemento do Goberno actual de Madrid.

Falaron de Marrocos. Estamos esperando a que algún de vostedes, que seguramente ten algún amigo de por aló, pois solución a papeleta con eles. (*Risos.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) ¡Seguramente,

seguramente!

Señor Touriño —falando seriamente—, vostede referiuse ó I+D. O gasto por investigador en Galicia —e supoño que vostede o debería de saber—, ademais como sector estratéxico que determinou este Goberno, é moi superior ó da maioría das comunidades autónomas. Por poñerlle un exemplo, neste momento, e co incremento que vai ter —xa o verá vostede dentro duns días nos orzamentos—, é moi superior ó da Comunidade de Madrid ou ó do País Vasco, que para algúns é sempre un “referente” (entre comiñas) moi especial.

O ritmo investidor en I+D deste Goberno, apoiado loxicamente polo Grupo Parlamentario Popular, medra un 25% cada ano, que é un ritmo moi superior ó do resto do Estado.

E non me queda máis remedio que dicirlles, a pesar seu e —repítolles— para ledicia das grandes maiorías deste país, que a favorable evolución que veu mostrando o mercado de traballo en Galicia desde mediados do ano 1999, especialmente, que foi o referendo dos últimos anos, culminou co especial comportamento das súas principais magnitudes no primeiro trimestre e no segundo trimestre deste ano; que continuou consolidándose, xa que este último período rexistrou un novo aumento da poboación activa e un forte incremento da poboación ocupada. E con isto rexeito acusacións de manipulación numérica que fixeron aquí algúns dos que me precederon no uso da palabra. Así como houbo unha redución importante da taxa de paro.

Desde hai dous trimestres, tanto a poboación activa como a poboación ocupada están medrando en Galicia a maior ritmo que no conxunto do Estado, feito que case non ten precedentes na nosa recente historia económica.

A poboación activa situouse —e aquí contradicimos cifras— en 1.156.100 persoas no segundo trimestre; o que supón un aumento de 40.700 persoas con respecto ó segundo trimestre do ano pasado. Pola súa banda, a poboación ocupada acadou a cifra de 988.200 persoas, superando en 54.500 a cifra de ocupación do segundo trimestre de 1999. En consecuencia, a cifra de paro descendeu ata as 168.000 persoas, experimentando unha redución interanual de 13.700

persoas; e en termos relativos, a poboación activa experimentou un crecemento interanual do 3,6% e a poboación ocupada do 5,8%. Mentres, o paro rexistrou unha diminución do 7,5%.

A redución do paro permitiu que a taxa de paro se situara por debaixo do 15% por primeira vez desde 1992; é dicir, desde que fan efecto as medidas do Goberno do presidente Fraga en Galicia, desde 1992, que foi cando empezou a mellorar esa situación.

Isto que estou a dicir é en canto á EPA, porque, se falamos do paro rexistrado no Instituto Nacional de Emprego quero recordarlles que nos últimos nove anos reducimos á metade o número de persoas que se atopan inscritas nese citado instituto. Consecuentemente, supoño que non queren que recoñezamos que o estamos facendo mal.

E sigo. Aquí falouse do saldo migratorio, falseando de novo as cifras. Neste momento, señor Touriño, neste momento —repítollo—, o saldo migratorio en Galicia é positivo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero dixo todo o contrario. Neste momento é positivo porque hai unha evolución positiva. Vén máis xente da que marcha. Pero, ademais (*Interrupcións do señor Pérez Touriño.*), hai outra cuestión. Vostede sabe que moita da xente que marcha é xente cualificada, que vostede non a vai amarrar para impedirlle que poida optar, e non porque non teña traballo aquí, precisamente (*Murmurios.*), senón porque atopa varias oportunidades, como faría calquera de vostedes, seguramente. Supoño que aquí a algún o chamarían de fóra. Penso que non a moitos, porque estaba falando de “xente moi cualificada”. (*Risos.*) Si, porque unha cousa é falar e outra cousa é traballar, e outra cousa é ter un traballo e demostrala aptitude. Claro, falar, fala calquera. Iso vémolos aquí tódolos días.

En canto ó emprego de mulleres, do que aquí se falou, quero darlles uns datos. Aquí creáronse no último ano 54.000 empregos, dos que 28.000, máis da metade, foron para mulleres. O emprego feminino medrou un 7,7% fronte a un 4,6% do masculino.

No último ano medrou o número de mulleres activas en 16.100, e descendeu o número de paradas en 11.900!

A taxa de actividade feminina é do 40,2% mentres que hai un ano era do 38,7%. E, desde o ano 1997, nos sectores non agrarios creáronse 54.500 novos empregos para mulleres e 54.200 para homes. Nos anos 1998 e 1999 o emprego das mulleres nos sectores non primarios aumentou máis en Galicia que no resto do Estado. Loxicamente, ¡plena satisfacción! ¿Mellorable? Desde logo. O noso triunfalismo non nos leva a dicir aquí que estamos satisfeitos do traballo, do que estamos a facer e loxicamente dos resultados.

Eu quero recordarlles que non nós senón o conxunto das entidades financeiras estimaron, cos informes que teñen vostedes... Porque lles chegaron, como os temos, nós. Seguramente que os viron por fóra, e por se poñía algo positivo preferiron non lelo. Iso escondérono. Pero vóullelo dicir, así que afinen ben o oído. As entidades financeiras no seu conxunto estiman magnífica —non o di o grupo parlamentario nin o Goberno— a evolución económica en Galicia no bienio 1998-1999, ¡magnífica! En conxunto, no Estado, e coa repercusión correspondente, a Seguridade Social gañou 3.000 cotizantes ó día. Recorden cál era a situación hai algún tempo e cómo estaba o problema da Seguridade Social, co burato negro ese, que era peor que eses que hai por aí no espacio. (*Interrupcións da señora Álvarez Yáñez.*) Está solucionado.

O señor PRESIDENTE: Por favor, non interrompan.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Hai un fondo para poder acometer calquera emerxencia por primeira vez na historia.

E encima, como consecuencia do bo traballo —porque fundamentalmente é do bo traballo, e aquí quero manifestar algo especial: por un lado, do conxunto do Goberno e, por outro lado, polo traballo que fai a consellería correspondente, pero moi especialmente polo coñecemento e traballo do noso presidente, que, se ten un coñecemento moi amplo de moitas cousas, no tema do turismo, como vostedes saben, o ten moi especial— Galicia consolidouse ó longo destes últimos anos como un dos destinos turísticos nacionais máis atractivos. E converteuse de tal xeito, que pasamos a unhas cifras polas que estamos entre

as cinco comunidades que incrementaron o seu produto interior bruto como consecuencia do incremento do turismo. Practicamente se duplicaron os ingresos. Eu supoño que iso a vostedes, como a nós, os debería —estoulles tocando a conciencia, a ver se ó final o recoñecen— (*Risos.*) encher de satisfacción. Se non o fan, alá vostedes.

Por outra banda —que non o di o voceiro do Grupo Popular, que o din os informes económicos—, aquí falouse antes de que o gran sector é o do automóbil. Eu quero dicir aquí neste momento que ese tópico xa non vale. E o máis importante, por certo, é que houbo moitos que se atopan hoxe sentados aquí á miña *sinistra* (*Risos.*) que en moitas ocasións falaron do que significaban as multinacionais instaladas nos territorios do noso Estado. Claro, agora aí hai unha que resulta que non é que funcione ben, senón que se converteu practicamente, dentro do sector do automóbil, na primeira ou na segunda do Estado. ¡E caladiños!, porque alí hai moita xente traballando. E iso si que significou algo moi importante que nós defendemos sempre, antes de gobernar e agora, cando témo-la responsabilidade, uns de gobernar e outros, desde os escanos do grupo maioritario, de apoiar a quen goberna.

Nós si que non trabucámo-lo noso pensamento. Nós defendémo-los nosos proxectos, e van saíndo cara adiante. E, repito, van saíndo con atrancos, con dificultades, ¡faltaría máis!, pero co esforzo van saíndo, como estamos vendo, cara adiante. Porque hai quen confía neste goberno. Hai quen pensa, se vén unha industria, se vén unha multinacional, se vén calquera proxecto, que vén por algunha invocación especial ou por efecto simpatía; e non é así, vén porque confía nun goberno, porque ese goberno apoia, axuda e colabora para conquerilo. Porque, cando ese goberno sae fóra de Galicia, fánelle as críticas ó noso presidente; como na viaxe que vai facer, como nas viaxes que fixo, como cando saen os conselleiros deste Goberno —como nestes días o conselleiro de Industria, que foi a un país tan apaixonante e tan importante para nós como é México—. Pois resulta que vai acompañado dun grupo de empresarios, e como consecuencia desas viaxes, que non son de turismo, desas viaxes de traballo que fai o noso presidente cun programa exhaustivo —que probablemente ningún dos que nos atopamos aquí seríamos capaces de seguir—, con esas

entrevistas, con eses encontros, é como despois se fan as operacións que determinan que entremos nese club máxico “do billón”, como son chamadas aquelas comunidades ou aqueles países que conseguen supera-lo billón de pesetas en exportacións, como vai acontecer no exercicio do ano 2000; e xa estivo preto diso no ano 1999. (*Varios señores deputados: ¡Moi ben!*) Pero non é por inspiración de ninguén, non é porque esteamos pregados, asoballados, sometidos ó Goberno de Madrid, á Unión Europea, etc., senón porque se traballa e porque se confía en nós. Esa é a diferenza. Xa me gustaría a min —ben digo que me gustaría, pero de verdade que non me gustaría— (*Risos.*) que o tiveran outros para ver cál era o apoio co que contaban para o desenvolvemento e para acadalos niveis que temos nós neste momento aquí, no conxunto, dos que nos beneficiamos todos.

E —repito— señorías, recordo os que falaban aquí de multinacionais, os que criticaban as empresas, e incluso as dificultades que tiveron moitas precisamente pola presión. Antes eran coordinadoras, agora chámanse plataformas, fáltalle-lo proxectil; pero plataformas... (*Risos.*) Eses son os que andan agora tratando de impedir. Ó contrario, aquí dise coa boca pequena: Si, si ó tren.

Recordo que non hai moito tempo houbo quen dixó, desas bancadas: Boicot á alta velocidade, ¡boicot! E o outro día, o seu xefe en Madrid, o deputado señor Rodríguez, aínda dixó: “O tren de alta velocidade non é preferente para o Bloque Nacionalista Galego”. Se vostedes din aquí o contrario, como entendín hai un pouco, por favor, ratifíqueno; ou, se non, rectifiquen, porque nós, de verdade, non damos entendido a súa mensaxe. Nós si a temos clara; a da alta velocidade, a da baixa velocidade, a transformación das infraestruturas..., o mesmo que na Transcantábrica. Temos unha posición firme, queremos acercar Galicia, non queremos afastala. O norte, o litoral, terá, como se fixo noutros eidos, unhas magníficas estradas. Pero respecto da Transcantábrica, como se lle pode ocorrer a alguén afastala e levala 30 quilómetros máis lonxe en vez de acercar Ferrol coa zona do norte, en vez de acercar Ferrol cara a autovía do Noroeste. ¡A quen se lle ocorre iso! ¿Que é iso? Intento de obstrución, de impedir, é a envexa de que se fagan as obras, de que se saquen cara adiante, de que os nosos proxectos triunfen. E vostedes van en contra non do Partido

Popular nin do Goberno, nin do grupo que o apoia, vostedes van en contra dos intereses de Galicia, e iso é gravísimo. E no seu momento, á parte de aquí —que é un dos foros onde hai que recordárllelo— recordarémolles para que todo o mundo saiba cáles son as súas posicións. Porque para defende-la comarca máis asoballada de España —non por nós, e non quero reitera-lo que xa dixen en moitas ocasións—, que foi a de Ferrolterra no seu momento, que veñan dicir que hai que leva-la Transcantábrica bordeando todo o litoral do norte e con vistas ó País de Gales é que iso xa ¡manda chover na Habana! (*Risos.*) ¡Alá vostedes, alá vostedes!

Dicíalles que as exportacións do téxtil, que é outro dos grandes sectores, pois nin máis nin menos que medraron o mil por cento nos últimos oito anos, ¡o mil por cento! Falaba o noso presidente esta mañá do mito dos cataláns, con todo o respecto, e doutros. Alí estaban as grandes industrias e nós o único que tiñamos era practicamente nada. Nós, consumismo; consumí-lo pouco que podíamos do que producían por aló. Hoxe producimos practicamente tanto como tódolos demais xuntos. Ese é o resultado dunha política de apoio desde o Goberno, dunha política, loxicamente, do entendemento do que é a liberdade de creación de empresa, do que é o pensamento liberal que ten o Partido Popular. Porque escoitamos hai un pouco aquí algunha cousa do gran capital e de todo iso, que ¡vamos! a min recórdame discursos de tempos moi pretéritos que escoitamos moitas veces e que houbo un momento (*Risos.*) en que determinado sector da sociedade —cándido— tragou. Pero que nos tempos actuais se veña falar aquí da barbarie do gran capitalismo despois do que pasou precisamente cos que defendían o proxecto contrario..., a verdade é que hoxe non é de recibo. E digo que por desgracia, porque oxalá calquera sistema funcionase. Sería positivo e bo para todos, sobre todo para aqueles. Pero a verdade é que nos dá moita pena e esperamos que nesa ampliación, como dixo tamén hoxe o noso presidente, desa Comunidade Europea..., que, por certo, tamén —non nós— algúns criticaron, ¡era o terror!, ¿onde nos metíamos? Por certo, alí teñen vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, un deputado, e eu lamento profundamente —e quero dicilo aquí, señor presidente, señorías— que non tiveran vostedes a xenerosidade de que en actos que penso que están por riba de todo, de auténtica solidariedade, e cando toda Europa cla-

ma, tres grupos, os máis reducidos do Parlamento Europeo, non se solidarizaran co rexeitamento ós actos do terrorismo. Vostedes non o aceptaron, e eu espero que nalgún momento rectifiquen esa declaración. Porque quero recordar que soamente foron tres grupos: dous do País Vasco e un de Galicia. Espero que nalgún momento se dean conta do significado que iso ten, do que se desprende, respecto do principio de solidariedade mínima coa que hai que exercer.

E quero recordarlles —e vou rematar, señor presidente, porque, se non, seguramente que algún, despois de rematar aquí, non se vai atopar demasiado ben—, que en España e en Galicia temos, e presumimos diso, con tódalas dificultades, ¡a mellor sanidade do mundo!, a mellor do mundo, en calidade e en cantidade, aínda que sexa mellorable. A pesar da cicatería, cando se fixo a transferencia, e da falta de xenerosidade no primeiro momento do Goberno de Madrid; que, despois, tamén hai que recoñecelo, tivo unha importante rectificación —seguramente porque lle remordía a conciencia— e tivo o recoñecemento de que os cidadáns galegos tamén pertencían ó conxunto do Estado español. (*Interrupcións do señor Rego González.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan, por favor.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, eu creo que podemos permitirlo. Pídlle que lle permita, loxicamente, a algún da oposición, un desafo, que o necesitan. (*Risos.*)

As exportacións galegas en xeral —falei antes do sector téxtil—medraron nin máis ni menos que un 128% nos últimos anos. Cando se negocian, somos unha das comunidades máis favorecidas no reparto de fondos procedentes da Unión Europea. Por iso nós, que coñecemos moi ben o principio da solidariedade, avogamos para que outros países e comunidades que entran na Unión poidan te-los mesmos beneficios ca nós; loxicamente, sen que nós renunciemos á colaboración e á solidariedade, igual que, cando temos ocasión, o pobo galego demostra xenerosamente a súa cara ós demais.

A débeda é un problema moi grave que se plantea —este é un país, o conxunto do Estado, que tivo unha débeda moi grave hai uns anos—. Pois en

Galicia está descendendo permanentemente, e neste ano vai descender entre un 3% e un 5%. Se a iso lle engadimos que as vivendas máis baratas, neste momento, do conxunto do Estado son as vivendas en Galicia, simplemente quero dicirles que isto é moi importante para o benestar de todos.

Hai aquí un tema no que, antes de rematar, señor presidente, eu teño especial interese. Teño especial interese porque nos toca, penso, á sensibilidade de tódolos galegos. Refírome ós nosos irmáns da diáspora.

Estes días, o Bloque Nacionalista Galego en Madrid propuxo dálle-la nacionalidade española ós fillos e netos dos emigrantes, a través dunha moción na que instaba o Goberno a esas reformas legais precisas para isto. Pero, claro, poucos días antes, o mesmo Bloque Nacionalista Galego, opoñíase, e así o manifestou neste foro, á participación dos emigrantes nas eleccións locais. Ou sexa, os galegos, fillos dos galegos, netos —como propoñen agora— dos galegos, poden votar, pero de segunda división; porque o pleno dereito só o teñen, segundo vostedes, os de aquí. Os nosos de alá poden vir votar, ou poden emitilo voto, menos en determinado proceso. Iso chámase sistema reduccionista, iso vai coa rebaixa correspondente. Eu non comprendo cómo a estas alturas, nestes tempos, e falando aquí de xenófobos, ós nosos mesmo se lles pretende impedi-lo exercicio do sufraxio, o mínimo que lles podemos dar ós que tanto deron por nós. É lamentable.

Como no tema que lles dixen con anterioridade —non digo para todos, porque de momento hai un grupo reducido, gracias a Deus, que non o comparte—, a maioría dos galegos cara ós da diáspora dámoslles tódolos dereitos, todos, os mesmos cós nosos, os mesmos e non outros. Porque iso chámase principio de igualdade. É o recoñecemento do principio de que eses son os nosos, despois —como vostedes saben— do que fixeron practicamente por tódolos que nos atopamos aquí, os dous millóns setecentos e pico mil que se atopan espallados por todo o territorio.

Alá vostedes, pero non esquezan a contradicción. A min gustárame —xa sei que non me van responder— que dixeran cál é o proxecto bo, o que presentan en Madrid ou o que negan aquí. Porque, se non, esa contradicción fai que a credibilidade, a súa credibili-

dade, estea polo chan.

Señor presidente, podería continuar, pero penso que hoxe é o día do noso presidente, do gran proxecto que hoxe fixo aquí, do mellor discurso que se fixo posiblemente na historia deste Parlamento —loxicamente negado por quen non ten ningún argumento, simplemente a descualificación gratuíta, que é a peor das descualificacións que poidan existir—; porque recolle non dez, case once e os que veñan, xa que aí está anunciado o gran proxecto de futuro do Partido Popular, do Goberno galego, para tódolos galegos.

Agora, se despois de todo o que dixo o presidente, se despois de tódolos feitos palpables que se atopan aí, vostedes pretenden que nos fagamos o *hara kiri* aí diante dunha praza, están vostedes apañados, todo o contrario —díxeno antes e repíto—, sen ningún triunfalismo pero sen ningún complexo estamos moi satisfeitos do noso traballo e da dirección do noso Goberno, do noso presidente Fraga. E tamén, como non pode ser doutro xeito, estamos moi satisfeitos do recoñecemento e do apoio popular que temos ó conxunto do noso traballo. ¡Faltaría máis! Se sómo-los máis *tripititos*, os máis votados do conxunto do Estado, tampouco imos ser tan ambiciosos que queiramos acaparar todo.

Recórdolles que o señor Touriño, o outro día, manifestou que aspiraban a se-la segunda forza. Moitas gracias, señor Touriño, polo recoñecemento. Foi un recoñecemento de que vostede se daba conta de que a maioría a ía ter, e a ten, o Partido Popular. Pero tamén lle vou dicir algo que non sei se o pode consolar, pero eu pénsoo, e eu penso que tamén a maioría dos de aquí: a nós tamén nos agradaría no noso *corazoncito* que vostedes fosen os segundos, porque, mire (*Risos.*), de verdade, do mal os menos, señores; do mal os menos.

Moitas gracias. (*Grandes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pita.

Antes de dar paso á resposta do señor presidente, suspendémo-la sesión por dez minutos.

Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos da tarde e reiníciase ás oito e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Reiniciámo-la sesión coa resposta do presidente da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas gracias, señor presidente.

A brillante e, por certo, ben galega, por estar chea de humor, intervención do voceiro do noso grupo — que agradezo, como llo agradezo a todo o grupo, que, na representación que ten do pobo galego, que lla deu tantas veces, está a demostra-la súa eficacia— afórrame moitas respostas a certos puntos. Pero hai tres que me parece que debo recoller de modo xeral, sen prexuízo dalgunhas puntualizacións para cada un dos voceiros, que foron tocadas en tódalas intervencións.

De modo que hai unha primeira que se refire á suposta discriminación de Galicia nos presupostos do Estado. O primeiro que teño que dicir é que, por outra parte, é indiscutible o crecemento do PIB e prezos de mercado, que é indiscutible que a comunidade galega está a medrar por encima da economía do Estado, e que neste momento por iso é quen de crear emprego. Galicia no ano 2000 está crecendo, no primeiro trimestre, 6 puntos; no segundo trimestre, 5,8; fronte ó conxunto de España —5,3 e 4,9—.

É evidente que o emprego nos últimos anos está crecendo dun modo indubidable. Non é verdade que veñamos dun longo período de enorme fecundidade económica. Hóuboo despois da Segunda Guerra Mundial e haino nos últimos anos. Pero agora hai quen o sabe aproveitar, e efectivamente sobre ese punto non quero voltar.

Si quero dicir, cando se fala dos investimentos do Estado en Galicia con referencia a determinados puntos, que hai tres compoñentes no que son os recursos de Galicia:

O primeiro é o propio presuposto da Comunidade Autónoma de Galicia, que se multiplicou por catro. Este ano vai chegar case a un billón douscentos mil millóns. Quero dicir que neste momento ese é un compoñente, multiplicouse por catro dende que nós chegamos; porque as famosas competencias que fo-

ron mencionadas aquí non caeron do ceo, nós fomos conqueríndoas unha a unha ata chegar ó número máis elevado.

Segundo. Veñen das partidas dos presupostos do Estado e das partidas dos organismos autónomos.

Terceiro. Veñen do cadro de apoio comunitario.

Falando das segundas, por exemplo —xa que se falou tantas veces do tema do ferrocarril e da alta velocidade—, a cantidade xa presupostada para o ano 2001 é de 47.289,7 millóns de pesetas dende Madrid, dos que 10.100 son no interior de Galicia. Isto é fundamental, pero hai que aclarar, ademais, que neste momento, hai comprometido xa nos presupostos do Estado aínda centos de miles de millóns que teñen que ver co financiamento das autovías. En total, a suma dos investimentos estatais en Galicia é excelente.

Pero se pasamos ó cadro comunitario, Galicia recibe, para os anos 1994-1999, 565.120 millóns, que quere dicir que, do 2000 ó 2006, representan 938.834.000. É dicir, respecto de España representaba o 13,43% do total, e agora é o 13,80%, mellorando en case 0,5 puntos en termos relativos. Pero hai que aclarar que as axudas á comunidade —que, como digo, se achegan ó billón de pesetas—, se se consideran per cápita, entón son as máis elevadas do Estado español.

Falouse de financiamento autonómico, e fixéronse algunhas observacións que quero deixar perfectamente claras. Primeiro, non é verdade que a (...) do Estado en Galicia, que son 500.000 millóns de pesetas, sexa superior ó que se achega en Galicia. Ben ó contrario. É que en canto á negociación última do financiamento autonómico, tivemos un grande suceso: as tres comunidades que se abstiveron de entrar no sistema agora bótano de menos porque se gañou, saímos gañando dunha maneira importante. Pero teño que dicir, ademais, que, efectivamente, como dixen esta mañá, nós aspiramos a entrar noutros impostos, como é, fundamentalmente, a fase minorista do IVE.

Nos impostos especiais non recibimos ningunha indicación despois da crise do gasóleo. A verdade é que non incrementan autonomía e que é dubidosa a súa contribución á suficiencia. Chámame a atención que apoie o señor Guerreiro a transferencia dos impostos especiais a custa de perder recursos; pero, en

todo caso, nós manteremos tódalas peticións que mantivemos na primeira negociación.

Falouse do sector agrario. É evidente que o sector agrario, como en tódolos países en cambio, está en transformación. A renda agraria por persoa ocupada no ano 1990, cando nós chegamos, era de 281.845 pesetas. No ano 1999, por persoa ocupada, é de 1.068.732; é dicir, é máis de catro veces superior. Teño que dicir que, polo tanto, estamos a falar dunha mellora importantísima.

E xa anunciei esta mañá as medidas que están a prepararse no novo marco de apoio local.

Pero, en todo caso, hai quen fala da produción láctea. Hoxe chegouse a falar aquí de que é un sector en trance de quebra e desaparición. As cifras, como recentemente recordou nesta Cámara o conselleiro de Agricultura, demostran que nos tres últimos lustros se incrementou a súa participación, desde un 26% ata un 29%, na produción agraria; unha produción que se incrementou case nun 40% no mesmo período, e que dende 1990 incrementou dende un 32% a un 35% a súa cota de participación no total estatal. Non se trata de cantar victoria, pero, en todo caso, temos que dicir que neste momento xa estamos cerca do obxectivo que nos marcamos para o 2006: explotación tipo con 20 vacas e cota media de 100.000 litros, e un titular novo e preparado á fronte que dentro do razoable garanta a sucesión.

Esta é a situación, e neste momento o número dos mozos galegos que están á fronte das maiores explotacións é o máis grande de todos. De modo que, neste momento, estamos desenvolvendo valor engadido en queixerías e outras industrias, e, efectivamente, comprobando que o sector vai perfectamente adiante.

E como un fracaso tamén da nosa política agraria foi mencionada a cuestión dos lumes forestais. Ben, eu teño que dicir que este segue sendo un orgullo principal do noso Goberno, e quero dar algúns datos á Cámara a este respecto:

A superficie total queimada o ano 1989, o último do tripartito, para o día de onte, era de 189.323 hectáreas —superficie total—; a superficie arborada era de 78.000. Este ano estamos en 44.000 e 9.889; é dicir, que a comparanza é absolutamente imposible.

Pero recordemos que era o máis seco do século, que os encoros están este ano no 43,96%, que o ano pasado por estas datas estaban en 54%-57%. E por dicir doutros países, cousa que, por certo, non creo que fose necesaria, nos Estados Unidos, con tódolos seus medios, ardeu unha superficie superior á de Estremadura. E nun só día, na provincia do Epiro, en Grecia, houbo 10 mortos. Nós non tivemos nin un só helicóptero perdido, nin un morto, nin un ferido. Isto é o que hai que dicir e que é verdade.

Agora, señor presidente, se me permite, referiréime ó señor voceiro do Grupo Mixto, que chamou “burocrático” o meu discurso, que é onde están as respostas, por suposto, principais, a todo o que se dixo. Ben, dende que escribiu sobre este tema Max Weber, considérase que unha boa burocracia é a mellor garantía da racionalidade na Administración. Claro que, cando se fala e só se pode falar, non se pode actuar —pola extrema minoridade do grupo que un representa—, evidentemente o falar non ten cancelas. Pero cando se fala dende datos e dende investimentos, cando hai que ve-lo que se fai, unha boa burocracia é a mellor demostración do bo funcionamento.

Eu non teño, querido paisano, señor Guerreiro, que darlle ningunha explicación do meu galeguismo. Tiven a honra de ser amigo de don Ramón Cabanillas e do mestre Otero Pedrayo, tiven a honra de ser un dos que axudaron a don Vicente Risco nos seus últimos difíciles anos, e el adicoume, como grande home da xeración do 28, o seu último libro. E de don Ramón Piñeiro, do que se falou aquí por todos, quero deixar perfectamente claro que cheguei a ser bo amigo del. Alguén esta tarde dixo que o coñecía dende pequeno. Sen dúbida será así, pero oíno falar con grande desprezo dese ilustre persoeiro nunha das primeiras intervencións que lle escoitei neste Parlamento.

A miña historia foi de axuda á Academia Galega no tempo de don Sebastián Martínez Risco. E xa na presidencia do señor García Sabell conseguín unha punta de cartos importantes —eu estaba entón no Goberno nacional— para remata-lo edificio famoso, onde hoxe está instalada, da descendente da filla da Pardo Bazán. E teño que dicir que si é verdade que o galeguismo o entendemos de diferente maneira, pero eu non teño que dar ningún tipo de explicacións a este

respecto.

Vostede contrapuxo o debate electoral ó debate serio. Vostede responde da distinción. Dixo que máis vale aparentar que facer. Ben, as autovías feitas están, o Hospital de Santiago tamén, os teléfonos, que agora se van facer, por suposto, doutro tipo, están nas aldeas, que eran un soño. ¿É iso virtual? Pois eu penso que non. De maneira que, evidentemente, non é exacto o que se dixo aquí.

Tampouco é verdade que estea a aumenta-la sinistralidade laboral. Os casos máis graves están baixando. E, no mar, falarei da renovación da flota e da situación difícil que nos crean as bandeiras de conveniencia, por razóns que, como é natural, non dependen da nosa vontade.

En todo caso, cando se fala dos últimos pasos do desenvolvemento, unha vez máis quero dicir que as casas se comezan por abaixo, non polo tellado. Primeiro hai que face-las estradas, os camiños de ferro; primeiro hai que face-lo terreo industrial, que tanto foi criticado e agora queda pequeno; primeiro hai que face-las obras de formación; e nese momento chega o turismo, cunha forza impresionante, e chega o investimento exterior. Por certo, cando se fala do automóbil, convén recordar que foi nos tempos do presidente Albor cando unha decisión oportuna da Xunta evitou que Citroën, que algúns consideraban unha perigosa multinacional, efectivamente, marchase de Galicia.

No autogoberno teño que dicir que eu manteño tódalas propostas que teño feitas. E repito cada día que teño estado no Senado constantemente nelas. Algunhas delas supoñen reformas constitucionais. Se non fose por certas presións de nacionalismos insolidarios, que querían un dereito de veto no Senado, por exemplo, estaría xa feita a reforma; e así sucesivamente.

En todo caso, falar de *menoscabo* da nosa democracia, e dicirlle que non hai prensa libre a quen a estableceu en España, (*Risos.*), guste ou non guste (*Aplausos.*), paréceme evidentemente que é saír da seriedade.

Fálase de saúde, e eu non sei, pero supoño que si, que somos unha das mellores sanidades do mundo.

¡Pero falar de conspiración contra ela, que herdamos un sistema, e non un sistema virtual, falar de caos, de ilegalidade..., nós que estamos dando batallas contra o noso interese político, como é adas farmacias, é evidente que non se pode dicir en serio! En todo caso, como as cuestións de cartos ó final son bastante representativas, o presuposto que adicaba o Insalud a Galicia no ano 1989 era de 76.000 millóns de pesetas —76.652 millóns de pesetas—, e no ano 2000 o Sergas dispón de 324.532 millóns; multiplicouse por catro o orzamento.

É como dicir que nós apostamos polo sector privado. É probablemente o máis pequeno de España. E neste momento, realmente, non podemos atender tódalas peticións que hai. O sistema é basicamente público. Eu pregunto, ¿cales son os países que teñen mellor sistema de educación? ¿Cales son os países que reciben constantemente persoas que van da propia España, da propia Galicia, a buscar alí educación? Son países como Inglaterra, como Estados Unidos, como Suíza, onde o ensino privado é tamén importante.

Eu, como é natural, non vou entrar en se somos ou non Manchukuo, que efectivamente é unha mala comparación, pero si quero dicir que eu non teño ningún pacto de submisión, que defendín e defenderei sempre a Galicia, só que é máis fácil defendela entre amigos que cos que non o son. Por outra parte, é absolutamente evidente que iso está á vista, e todo o mundo o reconece, soamente algúns queren ignoralo. Pero, iso si, quedou todo claro á hora da alternativa. Proponse como alternativa o modelo municipal, coa súa brillantísima presentación neste momento en moitos concellos, formado en torno ó señor Guerreiro, que é a esquerda histórica. Paréceme que con só dicir isto xa se pode ve-la seriedade con que se fala.

En todo caso, como el di que nós non gobernamos, pois, si, pode dicir que non gobernamos en Marrocos. Se vostede pode gobernar alí, nun país soberano, estimariámolo moito. Pero neste momento os barcos galegos estámolos colocando nos sitios máis diversos. Esta mesma semana enviamos varios para o Brasil, e ó final chegaremos a telos todos colocados.

O señor voceiro do Grupo Socialista —estes días témosllo escoitado varias veces e hoxe volveu repeti-

lo— está preocupado polo meu descanso. Eu agradézollo moito. Non se preocupe, para traballar mellor sei descansar, pero non esqueza que, en fin, ás veces algúns mandan descansar ós que teñen máis votos. Eu procuro, mentres podo achegar votos ó meu partido, e con el servir ó pobo galego, pensar que non me podo permitir descansar.

Xa lle foi explicado polo voceiro do Grupo Popular que neste momento Galicia ten un balance de emigración positivo. Hai, certamente, galegos en Canarias. Por certo, facendo moi bos negocios. Cando fala da flota amarrada, unha parte da flota estivo amarrada algúns días; unha parte da flota do Morrazo, máis que amarrada, está buscando novas colocacións. Pero, dende logo, non teño a impresión de que esteamos falando da flota galega amarrada. Neste momento quero dicir con toda claridade que, efectivamente, a renovación da flota, as posibilidades que se están conseguindo cos créditos do IFOP, é excepcional; o avance da acuicultura, que xa representa o 30% do produto extractivo, é importantísimo; e realmente en todo o que é refrixeración e en todo o que é conservas, estamos nun momento verdadeiramente importante.

Por certo, tamén aquí houbo referencia a don Ramón Piñeiro, e eu quero dicir que, efectivamente, estivo nunha lexislatura cos compañeiros socialistas; unha e non máis, non debeu pasalo moi ben. Pero o que si é seguro é que el tivo a medalla Castelao no ano 1985, que lla concedeu o Goberno que presidía Fernández Albor, no nome do Partido Popular. E eu tiven a honra de crea-lo Instituto Ramón Piñeiro, un modelo de instituto cultural e lingüístico, que é verdadeiramente un recoñecemento dos seus méritos excepcionais. Gustárame moito que un excelente artigo que publicou nun dos últimos números unha revista galega, que fala do carácter socrático da conversa e da correspondencia de don Ramón Piñeiro, o tivesen en conta moitos, que non conseguen, como el di, face-las cousas con claridade.

Dicía o voceiro socialista que eu falei dunha Galicia sen galegos. ¡Home!, eu supoño que as escolas, os hospitais, as estradas, teñen que ver cos galegos. Pero en todo caso o que é absolutamente certo é que tivemos millóns para gastar. Pero ¿quen os conseguiu? Repíto, o orzamento pasou a ser catro veces maior, e estase investindo ben. Estase investindo a

prol dos galegos. Os desequilibrios si melloraron. Eu xa recoñecín, naturalmente, que había que facer novas propostas para evitar un desequilibrio entre a costa e o interior, pero xustamente a min me sorprendeu que a maior parte das cousas que dicía o voceiro socialista estivesen ditas no discurso desta mañá.

A min a palabra “igualdade” paréceme unha palabra que é doutros tempos. Hoxe falamos dunha sociedade de clases medias con oportunidades para todos. Cara a iso vai Galicia. En canto a falar de economía subsidiada, que é unha crítica frecuente no seu grupo, teño que dicir que gracias a Deus que polo momento podemos subsidiala, que o marco europeo é bo. Eu estou dando batallas xa para que non remate todo no 2006. Pero naturalmente chegará un momento en que poderá deixar de selo gracias a que agora estamos traballando seriamente nos subsidios.

Tampouco é xusto falar de centralismo. Pero ¡como vai falar de centralismo un partido que cando estivo no poder no tripartito quixo practicamente suprimilas deputacións provinciais! Que, por certo, están constitucionalizadas, e que nós salvamos. Son un instrumento básico de desconcentración e descentralización. En canto ó pacto local, está moi adiantado nas negociacións coa Fegamp, que espero que pronto sexa un suceso no que unha vez máis sexamos pioneiros, gústenos ou non. Sómolo en moitas cousas.

Fálase dunha nova estratexia, fálase dun cambio. Eu creo que, efectivamente, o cambio interesante é a evolución do socialismo. O socialismo defendía unha serie de cousas que despois deixou de defender, e pasou do socialismo pseudocientífico de Marx e do marxismo-leninismo á socialdemocracia. Agora está camiñando cara á “terceira vía”. Pois ben, paréceme moi ben que sigan eses cambios, pero non escoitei nada que teña que ver cunha estratexia xeral para Galicia.

En canto ós emprendedores, ¿que é o que estamos facendo? Nós non facemos unha política estritamente liberal, pero estamos a facer certamente un esforzo considerable para que os emprendedores galegos teñan non só Sodiga, como se dixo, senón tres instrumentos importantes de axuda e de crédito e que, por outra parte, poidan moverse con instrumentos financeiros importantes. Procuramos axudar á creación da

segunda grande caixa galega, co cal temos dous instrumentos de primeira categoría e con amplas funcións sociais.

Que nós queiramos ocuparnos do rural non significa que teñamos nada en contra da cidade, xustamente estamos facendo o estatuto de capitalidade para Santiago —está xa practicamente acordado co Concello de Santiago—; a área metropolitana de Vigo está en avanzado estado; é dicir, que, igual que facemos unha cousa, facemos outra. En canto á liberalización do solo, si señor, é verdade, o solo neste momento ten demasiada restricción e iso encarece as construcións. Se queremos ter vivendas para tódolos galegos —e Galicia é a comunidade onde é máis doado ter unha vivenda, como dicía esta mañá—, temos aínda que ir máis aló.

En canto á presenza en Europa, é verdade que aínda non témo-lo que só teñen neste momento as rexións belgas e os *lander* alemáns; temos xa unha participación na delegación permanente en Bruxelas. Pero estamos en tódalas organizacións, estamos no Comité das Rexións. Eu me hónrome de ser presidente da Comisión do Arco Atlántico. Estou na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas. Polo tanto, non é exacto que non esteamos facendo en Europa todo o que podemos.

É verdade que se riron de min algúns, chamáronme *garbanceiro*, porque falaba do prezo dos garavanzos. Aquí non comemos tantos, non falamos da terra dos garavanzos, pero algúns lle botamos ó cocido. Teño que dicir que neste momento falar do 60% dos galegos no *umbral* da pobreza é verdadeiramente pouco serio. Neste momento, o poder adquisitivo dos galegos —xa o recordou o voceiro noso— subiu un 51,43% na década dos noventa. O salario medio na comunidade pasou das 129.500 pesetas de 1990 ás 196.000 de 1999. A porcentaxe de fogares con algún activo nos que tódolos activos están parados é de 6,5%, mentres que a porcentaxe de fogares nos que tódolos activos están ocupados é dun 73,7%. Polo tanto, hai familias unipersoais, hai familias desestruturadas, e jaló os que defenden con tanto entusiasmo as unións de feito, pero, dende logo, non é esa a situación.

Nunha palabra, fálase dun país que non é exacta-

mente o real. Eu creo que non hai, neste momento, ningunha cousa que non estea atacada en Galicia. Hai un alto índice de familias cun ou dous membros cunha idade superior ós 65 anos; perciben pensións, o salario de subsistencia da risga está en torno ás 65.000 pesetas. Polo tanto, estamos nese camiño.

En canto ás exportacións en relación co PIB nominal, no ano 1990 eran do 9,91%; no ano 1999, do 20%. Abrímo-la economía. Hoxe é unha economía totalmente exterior. Por certo, alguén falou das relacións co norte de Portugal. A balanza comercial énos amplamente favorable.

En canto ós investimentos en I+D+I (investimento máis desenvolvemento máis innovación), son, contra o que se dixo, superiores ós de moitas das comunidades autónomas; superiores a Madrid, e mesmo ó País Vasco. O índice de I+D crece un 25% cada ano, ritmo moi superior ó do resto de España, e acábase de crear a secretaria xeral para estes temas. A formación profesional e ocupacional deu un salto verdadeiramente prodixioso, e, en definitiva, ¡vaia se temos falado de enerxía! Xustamente nos anexos ó meu discurso hai o libro branco que acabamos de publicar sobre a enerxía, que é un documento realmente importante.

O que ocorre é que non é o momento de falar cando se pon caro o gasóleo. O momento é que, cada vez que se plantexa un encoro, din “encoro non”; cada vez que se plantexa unha minicentral, “minicentral non”; ou cada vez que se fala, xa non digamos, de enerxía nuclear, que salva a Francia neste momento, se está facendo subí-lo prezo da enerxía. Queda unha materia pendente. Houbo mesmo quen dicía que os parques eólicos no deixaban pasa-los paxaros. Os paxaros pasan e rin, e, por certo, a min gústanme moito eses muíños de vento, que son para novos quixotes; hai a quen non lle gustan, como é natural.

Respecto da xestión aeroportuaria, que foi mencionada, Galicia forma parte dun grupo de análise que está a estudar, xunto con outras comunidades autónomas, como son Cataluña, Canarias, o País Vasco, Andalucía, entre outras, o modelo óptimo de xestión aeroportuaria, partindo da hipótese básica de descentralización da xestión aeroportuaria.

En canto á pesca si participamos e estamos en organismos multilaterais. Houbo que esperar a 1996, en

que o Partido Popular asumiu as responsabilidades de Goberno, para conseguilo. Participamos como parte da delegación española e comunitaria nas reunións da ICCAT e da NAFO, nas que quero lembrar que, por tres veces consecutivas, se acadou un incremento da cota do fletán.

Non é inconstitucional o decreto de comercio. As facultades exclusivas das comunidades autónomas son dentro da política de prezos do Goberno nacional, como expresamente se di no noso Estatuto. E, como é natural, existe xa ofrecida e con números importantes unha política de apoio ós pequenos comercios para a súa adaptación.

Volvendo ó tema da exportación, falei do automóbil, pero é que o naval non é menos importante neste momento. Estamos a facer fragatas para Noruega, gañándolle un concurso a Alemaña. ¿É que o téxtil neste momento non é unha exportación importantísima? Antes, para dicir que un tio era parvo, a maioría dicía que ía vender café ó Brasil ou moda a París. Iso fai Zara neste momento e con moito suceso.

Tampouco é certo que esteamos nos últimos lugares en estudos profesionais. Estamos entre as primeiras comunidades autónomas en canto a implantación e impartición da nova formación profesional. Neste ano ofrecéronse 18.600 prazas.

Tampouco é verdade que haxa escasas titulacións de ensinanza técnica nas universidades galegas. Hai 39 especialidades técnicas sobre un total de 157 titulacións implantadas, polo que as ramas tecnolóxicas supoñen un 25%, 9 en Santiago, 17 na Coruña, 13 en Vigo. E no campus de Ferrol supoñen o 50% as titulacións técnicas.

En todo caso, se se fala de infraestruturas, quizais fose oportuno recordar que un pouco máis de xeito no seu momento permitiría ter xa licitados, supoño eu, os tramos de Pedrafita. E do ferrocarril entón nin se falaba. Entón, o moito ou pouco que facemos neste momento merece, penso eu, algún respecto do antigo secretario xeral do entón Ministerio de Obras Públicas.

E paso, finalmente, ó discurso do voceiro do Grupo do BNG. É evidente que o señor titulado desta portavocía gusta de escoitarse e de que o escoiten, ata o punto de que por primeira vez que eu recorde na

miña vida —coñezo a práctica en Francia, en Inglaterra, en varios países— anunciou o discurso nos xornais, o que dá unha grande confianza en si mesmo. Non faltaron os adxectivos tradicionais na súa retórica: falar de que o meu discurso era patético, de que era hipócrita. A min recórdame moito un discurso atribuído a un persoeiro de Shakespeare, que estaba cheo de furia, cheo de son, pero que non quería dicir nada. É o que pasa con isto, e volvo ó consello socrático de Ramón Piñeiro, cando recorda claridade e precisión.

En todo caso, no ano 2000 é natural que haxa algúns catastrofistas, tamén os houbo no ano 1000, pero falar da fin da política e doutras cousas, ou falar con termos xa tópicos como de capitalismo renano ou do cabalo de Troia, ou de ignorancia, evidentemente, é simplemente o desexo de inxuria-los demais. Iso si, o BNG si que sabía o que ía pasar, e por iso, seguramente, está a medrar, como está a medrar, nas enquisas.

En todo caso, dicir que a min me mandaron aquí para destruír Galicia, iso, señor Beiras, vostede non mo di na rúa, ¿verdade? (*Risos.*) Pero teño que dicir, ademais, que cando di, que vostede só fala no Parlamento, non coñece ben as tradicións parlamentarias. No Parlamento fálase de certos asuntos —vou poñer un exemplo— como a política exterior, a defensa ou a seguridade, con moita prudencia, despois de falalo entre as persoas. As negociacións non se poden facer cara ó público para un nomeamento importante, e así sucesivamente.

Por certo, nas citas abundantes do seu discurso hai unha cita dunha persoa que eu quero moito, que, coma min, eu é fillo de emigrante galego a América; eses emigrantes que algúns desprezan á hora de votar. O señor Alfonsín, cando opina sobre economía, é o único punto no que non ten unha autoridade especial. Na historia da Arxentina e mesmo de toda Iberoamérica houbo máis dun presidente, infelizmente, que non rematou o seu mandato —por un golpe de estado ou por unha revolución—. O único presidente que, xa elixido o seu sucesor, o señor Ménem, foi velo e dicirlle “señor Ménem, colla a presidencia que eu non aguanto tres meses máis aquí porque esta economía arxentina se vai ó demo”, foi o señor Alfonsín. De modo que, como economista, é mellor non men-

cionalo.

Despois de dicir isto, xa postos a dicir citas, a expresión “cero patatero” non é de Aznar, é do seu amigo, o señor Arzalluz, que a usou, precisamente, en relación con Aznar nas anteriores negociacións. Eu, por certo, non a uso nunca.

Houbo unha alusión malévola, como é natural, ó que pasou o outro día na liña que se está reconstruíndo entre Ferrol e Betanzos. Por certo, en varios xornais sae como que pasou no concello de Perbes, concello que non existe, é unha simpática parroquia, San Pedro de Perbes, do concello de Miño. Pois ben, deben saber que efectivamente está feito xa o cambio do balastro e están facendo agora o cambio das travesas. Vai quedar unha liña excelente. Pero debe saberse que, en todo caso, neste momento, a responsabilidade foi dos que meteron aí un comboi que probablemente non estaba para ese lugar. Eu non teño ningunha responsabilidade, aínda que visitei as obras do balastro.

En canto á Estrada, a min ninguén me ten medo na Estrada. O señor Palmou non o permitiría. Pero quero dicir que eu vou cada ano á feira do moble, só faltei este ano, por exceso de traballo. Visitei a meirande parte das fábricas e xustamente coñezo as necesidades que teñen. Por certo, que neste momento, xa expliquei esta mañá, está a aumentar considerablemente o número de hectáreas adicadas a frondosas, pero hai que recordar que para certa calidade de mobles é imposible non importar madeiras especiais. Recorden a liorta que armaron recentemente persoas que certamente non eran dese lado da Cámara coas importacións de madeira nun porto ben coñecido.

Teño que dicir que Sogama, da que se falou con tanto desprezo, resolve dende 1995 a recollida e o tratamento de residuos sólidos en Vigo e en Pontevedra, por exemplo, onde vostedes, coa cooperación do PSOE gobernan, ou polo menos están alí. Polo tanto, primeiro atacárona e despois utilízana, como é natural.

Tampouco son exactos os datos —moi lonxe diso— relacionados cos portos. O porto de Barcelona achegou en beneficios 989 millóns ó Estado e recibiu 476 millóns, saldo negativo: 513 millóns. Tarragona achegou 571 millóns e recibiu 235. O saldo negativo é de 226 millóns. Vigo achegou 195 millóns e recibiu

93. O saldo negativo é de 102. Vilagarcía achegou 29 millóns e recibiu 254, cun saldo positivo de 225 millóns. Cando se dan cifras, hai que controlalas.

Falouse despois das institucións de control. Eu pregunto: ¿quen as creou? Dúas estaban creadas no Estatuto: o Consello de Contas e o Valedor do Pobo. E, respecto do Consello de Contas, fixéranse dúas leis, pero non se puxo en marcha. Nós puxémoslas a andar, nós atopámo-las consensos. ¿Quen achegou os nomes que estes días saíron? Como é natural, tomamos moi en serio todo o que se diga aquí.

En canto a dicir que eu fago viaxes alí onde non hai problemas, permítame que lle diga que neste momento, para ocuparnos soamente dos que teñen as nosas comunidades, ás veces envellecidas e faltas de medios, é todo o contrario.

Falouse do grande Castelao. Ben, neste Parlamento convén recordar que a edición crítica e definitiva da súa obra magna, *Sempre en Galiza*, a fixo este Parlamento. E aproveitouse a ocasión, falando de Murguía —eu empecei os meus estudos de secundaria no Instituto Manuel Murguía de Vilalba, cun grupo de profesores moi galeguistas, por certo—, para falar do plan de humanidades e das críticas da Academia da Historia.

Ben, eu teño que dicir que lle dou a razón a Murguía fronte a Sánchez Moguel, pero que non llela podo dar ós que queren descompoñer-la historia de España; nin a historia de Galicia se entende sen a historia de España nin a historia de España se entende sen a historia de Galicia. No natural equilibrio é onde nos poderemos atopar. Pero facer do ensino da historia un elemento para disolver-la comunidade común de tódolos españois si que sería gravemente inconstitucional.

En todo caso, posto que o señor voceiro fala da democracia, a lei básica da democracia é a lei das maiorías. As maiorías deben respecta-las minorías, e as minorías deben, evidentemente, respecta-la decisión das maiorías. En canto á soberbia, cada un sabe a que ten. Así é bo recordar que, así como os demais pecados chega un momento que se esgotan en si mesmos, porque non se pode comer máis nin face-lo amor máis do que permiten as posibilidades de cada un, a soberbia e a avaricia son ilimitadas. Eu, gracias a Deus,

non teño ningún destes dous vicios, pero ¡coidado con eles!

Pero xa que se falou finalmente —con isto remato— de falar só no Parlamento ou só na televisión, repito, iso é contra o espírito do que é o diálogo parlamentario. Aquí xa dialogamos, como é natural, e espero que sexan moitas as ocasións. Por suposto que, cando chegue o momento, se aceptarán diálogos e coloquios nos medios públicos, pero hai que dicir con toda claridade que, se de vez en cando non se fala —eu invítooo cando queira a comer ou a xantar—, non se fai verdadeiramente política parlamentaria. E, por Galicia, mesmo un sacrificio que tanta repugnancia lle dá creo que debería aceptalo.

Moitas gracias, señor presidente. (*Grandes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Rolda de réplica polos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras, polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Señorías, só unha referencia, antes de entrar na resposta, á propia referencia que o señor Fraga e mesmo o señor Pita fixeron ós nosos emigrantes. Nós temos, naturalmente, un enorme aprecio ós nosos emigrantes, unha enorme solidariedade, un enorme cariño. Vostedes din que tamén. Pois eu diríalle ó señor Pita e ó señor Fraga que, entre eses emigrantes que tanto queren, inclúan a defensa á que se negan dos asasinados por Pinochet e en Arxentina, que a inclúan.

Señor Fraga, falou vostede de que as cifras hai que dalas, sostelas e saca-las conclusións adecuadas, pero non terxiversa-las cifras; eu estou de acordo.

Empezou vostede a rebaterme dicindo que non era certa a discriminación nos presupostos do Estado, pero logo calou. Simplemente afirmou, pero non argumentou nin deu ningún número para avala-la súa afirmación sen razoamento. Fíxese, eu díxenlle na miña intervención, e reptíollo: ano 1999, mentres o investi-

mento do Estado no conxunto do Estado medraba un 11%, en Galicia, o 0,40%; no ano 2000 diminuíu o noso investimento nun 29%, o investimento do Estado en Galicia; e este ano sómo-la antepenúltima comunidade autónoma de España en incremento de investimento, e a antepenúltima en investimento de Fomento en Galicia, ¡a antepenúltima de España!

¿Que conclusión saco eu, señor Fraga —salvo que vostede simplemente afirme e non rebata—? Que vostede non foi capaz de evita-la discriminación, con impactos negativos moi importantes, dos presupostos do Estado en Galicia. Máis nada. Polo tanto, non afirme, rebata as cifras e as conclusións, consecuentemente.

Segundo. Díxenlle que nós medramos ó mesmo nivel e ó mesmo ritmo que a economía española. Uns din algo máis e outros algo menos, pero admitamos que ó mesmo nivel. Eu dígolle que é un importante crecemento histórico. Dígame vostede unha etapa en que España medrara durante seis anos a un ritmo medio do 4% do PIB. É un pequeno ciclo económico expansivo, moi importante e moi intenso. Medrámo-lo mesmo. Pero mentres nós, nesa década, perdemos 75.000 empregos pese ó crecemento económico expansivo tan importante, en España, co mesmo crecemento, medraron 1.000.000 de postos de traballo neto. Algunha relación causa-efecto terá a súa política, como lle dicía antes.

Díxenlle que nese período, 1995-1999, no último quinquenio, Galicia pasou de ter un peso do 5,8% no PIB español a te-lo 5,7% ¿Perdemos peso económico ou non, señor Fraga? ¡Salvo que vostede me ensine unhas matemáticas novas! Eu confeso que a última xeración de matemáticas non a coñezo, pero ata onde eu cheguei, 5,8% é máis peso que o actual do 5,7%. O emprego era entón, ano 1995, o 8,4% e agora é o 6,9% do emprego español.

Polo tanto, ¿que deduzo destas cifras irrefutadas por vostede? Que temos menos progreso relativo —insisto no de “relativo”, que non lle gusta a vostede a palabra—, temos menos peso económico, e eu creo que temos menos peso político, como demostrei antes tamén.

Sobre o financiamento autonómico, eu rógolle ó señor Orza que lle pase ben os papeis, señor Fraga.

Eu fixen unha pregunta que vostede tampouco contestou. Se era mellor este modelo de financiamento có anterior, hai que dicir, por mor da autonomía financeira, canto recibía, canto recadaba por impostos propios ou cedidos —é dicir, por ingresos propios— Galicia no conxunto do presuposto de Galicia. ¿Aumentou ou diminuíu? Iso é o que mide a autonomía financeira do sistema.

Segundo. Sobre a suficiencia, señor Fraga, ¿como que non ten importancia o traspaso dos impostos especiais! ¿Vostede sabe que os impostos especiais son practicamente a metade da recadación do IRPF en España, e que en Galicia, onde o IRPF é menor, o peso relativo dos impostos especiais é maior? Polo tanto, a importancia recadatoria e o impacto na suficiencia financeira é extraordinariamente importante. Pero xa lemos que o Goberno español di que, despois do problema do gasóleo, nada de transferi-los impostos especiais; porque podía haber, segundo as palabras do ministerio, unha guerra entre comunidades. E vostede di non ter un pacto de submisión —por certo, que o bautizo da situación como pacto de submisión o dixo vostede, non eu, pero alégrome de que o bautizase correctamente—; pacto de submisión que lle permite a vostede seguir aí.

Tamén lle falamos con toda precisión de cómo é posible que con este ciclo económico tan importante, coas condicións políticas que vostedes crean, coas condicións e instrumentos económicos de captación de recursos e de investimentos, teñamos este ano o 0,40% de todo o investimento estranxeiro en España. E respecto do ano 1998, caeu o investimento estranxeiro en Galicia un 80%, señor Fraga. ¿Como é posible que non rebata vostede eses datos? ¿Por que os oculta?, como os da precariedade laboral, que segue sen gustarlle, non quere falar diso. Fala doutras cousas, non vai ós temas fundamentais, nunca lle gustan eses temas. Ademais de manterse no 34% a precariedade laboral, resulta que a Administración pública, que depende de vostede, non só diminúe senón que aumenta 4 puntos a precariedade laboral nas administracións públicas. ¡Vaia exemplo e vaia autoridade moral que ten vostede!

En terceiro ou cuarto lugar, eu non dixen que non sexa bo ter unha boa burocracia, ¡faltaría máis!, o que dixen é que o seu discurso é burocrático e sen alma,

que son cousas ben diferentes. ¿Que quere dicir un “discurso burocrático e sen alma”? Quere dicir que vostede non ten obxectivos, non é capaz de fixar novos retos nin novas fronteiras para o país; é dicir, está incapacitado para dar unha nova esperanza, un horizonte ó noso país. ¿Iso que ten que ver con que é necesario ter unha boa burocracia? Claro que é necesario ter unha boa burocracia; ademais, se é transparente e non ten *chiringuitos* paralelos, mellor. O que quero dicir é que o seu discurso político é un discurso burocrático, anquilosado e sen alma, e precisamente iso non é o que necesita este país.

Eu díxenlle varias cousas do Sergas, non só unha. E repítolle aquí, señor Fraga —fíxese vostede na responsabilidade da miña afirmación ante unha cámara democrática e ante o presidente do Goberno—, que vostede —non sei se o sabe ou non, en todo caso é un grave irresponsable— está mantendo o Sergas con graves irregularidades e ilegalidades, ¿comprende? Repito, con graves ilegalidades. E iso, cando se mantén desde un Goberno e non se atalla, é corrupción política. E ímosllo demostrar nesta Cámara, xa sabe que destes temas eu non falo a fume de pallas. Pídlle, como presidente do Goberno, que atalle as irregularidades no Sergas.

¿Dixen que o Sergas é un caos? Non, a dirección política do Sergas é un caos. Unha dirección política á que lle ten que rectificar vostede o modelo, á que os tribunais lle rectifican as maiores e máis importantes decisións, e que ademais está na ilegalidade, é un caos. E debe de ser destituída xa por hixiene democrática, porque pode verse vostede complicado en ilegalidades que ampara o señor conselleiro. Éme igual que, cando lle pida a dimisión, vostede, por principio, non acepte. E tamén é demostrativo do seu talante democrático.

No financiamento sanitario, señor Fraga, díxenlle o seguinte: Déixese vostede do que tiñamos hai vinte anos, do que tiña España e Europa hai vinte anos. O que temos agora é o gasto sanitario, excluído o gasto farmacéutico, máis baixo de Europa —iso é o que lle digo—, o 4,7% do PIB en Galicia e España. Temos un forte crecemento económico, hai un aumento da presión fiscal, e sen embargo non se redistribúen recursos para a nosa sanidade pública, que é un dos elementos básicos da cohesión social do noso país. Iso

foi o que lle dixeran, non outra cousa. Polo tanto, vostedes naturalmente que conspiran contra a sanidade pública. E non a fixeron vostedes. O modelo que puxo en marcha o Goberno socialista, coa Lei xeral de sanidade, do sistema nacional de saúde non lles gustou nunca, e por iso non saben qué facer con el; aínda que non é fácil desmontalo porque é unha cultura profunda, democrática e social do noso país. Ese é o problema, non é outro o problema. Non lle dixeran nada máis ca iso.

O do pacto de submisión díxoo vostede, pero os feitos en política cantan, señor Fraga. E cando unha persoa co grao de autoridade-autoritarismo que presidiu a súa traxectoria política é capaz de ceder en todo o que cedeu nos presupostos, no financiamento, no financiamento sanitario e en todo o que lle dixemos, eu non sei se hai pacto de submisión —que vostede o definiu moi ben—; se non o hai, isto é demencial. ¡Claro que hai un pacto de submisión ó Goberno de Aznar! E vostede, como presidente do PP, pode facelo que queira, xa llo demandarán os cidadáns. Pero como presidente da Xunta de Galicia non ten vostede autoridade moral nin política para subordinar e entregar Galicia ós intereses do señor Aznar. Iso é o que lle digo. Como presidente do PP faga vostede o que queira nos congresos dese partido, que serán, non o dubido, plenamente democráticos.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: E remato.

Señor Fraga, eu xa estou acostumado ós cambios en política. Desgraciadamente, xa son máis vello do que desexaría. Non desprece tanto os minoritarios. Eu recórdoo a vostede con 9 deputados e non se lle negou a palabra, nin foi deslexitimado porque tivera vostede 9 deputados na Cámara do Congreso dos Deputados. Ninguén dixo: Señor Fraga, vostede é un minoritario, non fale, o falar non ten cancelas. Non, era escoitado, respectado, e era rebatido. Pero vostede tivo 9 deputados, e o partido ó que eu pertencía, 23; polo tanto, os cambios históricos...

Pero vostede sabe que eu non dixeran iso. Eu son *tonto* dos correntes. Eu o que digo, lexitimamente e respectando a lexitimidade doutros, é que, fronte á xestión que vostede leva durante dez anos, cos resul-

tados negativos que acabamos de explicar, ou tentamos de explicar nesta Cámara, necesita Galicia un cambio. Xa veremos se o conseguimos ou non, xa sei que en democracia falan os homes e as mulleres deste país, ¡faltaría máis!

Pero témo-lo dereito e mesmo a obriga, se cremos que a súa xestión e o resultado da súa acción de Goberno son negativas, de plantexar unha alternativa; unha alternativa que seguramente será unha conxunción de forzas. E eu, pola miña tradición, pola miña convicción e polos contidos que eu quero darlle a esa alternativa —económicos, de autogoberno, de modelo de Estado e europeos—, só vexo, ou só desexo, que á fronte dela estea a esquerda histórica, da que eu son unha pequena parte. Aí hai unha parte moi importante da esquerda histórica do noso país.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Guerreiro.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, se me permite contestar un a un...

O señor PRESIDENTE: Si, cómo non, está vostede no seu dereito.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e señores deputados, quero darlle a seguridade ó señor Guerreiro de que non hai desprezo, hai simple constatación de feitos.

Teño que protestar pola referencia á non defensa dos emigrantes asasinados por gobernos de facto en Arxentina e en Chile. Eu o que defendín sempre, nos intereses dos demais galegos que están alí e nos intereses de Galicia e de España, é que non se sentara nun *banquillo* en España a ninguén, senón que os xulgaran naqueles países. Xa está conquerido, e, polo tanto, ese asunto está rematado.

Datos. Eu afirmo que a suma dos presupostos da comunidade, do que figura nos presupostos do Estado, do que figura nos presupostos do GIF, por exemplo, para os asuntos ferroviarios, e os do marco comunitario, nos dá unha situación moi boa. O que

ocorre é que nós temos moitas máis transferencias.

En canto ó emprego, volvo insistir en que, efectivamente, o sector primario perdeu preto de 90.000 empregos, pero no resto dos sectores creáronse 115.000 novos empregos, e estamos xa nun momento de crecemento claro destes. En canto á precariedade —que non é un problema de Galicia, é un problema de tódolos países neste momento— esta situación mellorou sensiblemente dende os acordos do ano 1998. O 69% do incremento do número de asalariados corresponde a contratos indefinidos dende o ano 1998, mentres que antes era só un 32% do novo emprego asalariado.

En canto ós impostos especiais, como sabe vostede, hai prenegociacións, e hai que optar claramente por poñer-lo obxectivo ou na fase minoritaria do IVE —que é un imposto con grandes crecementos— ou nos impostos especiais. E hai que dicir que en principio —contra o que vostede pensa— habería máis facilidades para o segundo; pero o certo é que sería substituír PIE por impostos especiais, que non crecen e que, por outra parte, en definitiva, lle custaría menos ó Estado que o que nós pedimos, que é o IVE, como indiquei antes.

En canto ó Sergas, por segunda vez e sen poñer ningún exemplo nin referencia, vostede fala de ilegalidades e de irregularidades. Sabe que ten a obriga, se as coñece, de denuncialas. Eu soamente teño que dicir que aquí non foron mencionadas nin exemplificadas.

Pero xa me dá ocasión isto de recolle-lo que se dixó varias veces sobre as fundacións. Atacáronse as fundacións, que están a funcionar perfectamente, porque supoñían que era un camiño para a privatización —que nunca foron, porque o dereito e o servizo sempre dixemos que serían públicos— e para o non-control. Pois ben, mantendo a xestión individual e responsabilizada de cada centro, abrimos paso con moito gusto ó control. Entón hai que cortarlle a gorxa ó conselleiro. Esa é a lóxica dalgúns, non é a miña, volvo dicilo. Estaremos máis ou menos altos comparados con Suecia ou con outros países, pero, dende logo, que o financiamento da sanidade creceu catro veces en dez anos é certo. Punto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor

presidente.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, en primeiro lugar, quero agradecerlle o ton da súa contestación e o feito de que, efectivamente, tentara vostede contestar a cada unha das cuestións que lle plantexei ó longo do debate. Mais creo que discrepamos no mesmo punto en que estabamos ó comezo, señor Fraga. Para min o galeguismo é o compromiso con Galicia, e o compromiso con Galicia non é nin máis nin menos que o compromiso coas galegas e cos galegos, cos cidadáns deste país.

Vostede dicía no debate do ano 1990, cando accedeu ó Goberno deste país hai dez anos —e cito directamente—, que a sensibilidade social dun goberno se mide directamente pola atención que lle presta este ós servizos sociais. Dez anos despois, o xuízo ten que ser necesariamente negativo, señor Fraga.

Nin no seu discurso nin na réplica volveu falar vostede dese 60% de familias que teñen dificultade para chegar a fin de mes. A maioría das familias galegas, que teñen salarios e ingresos medios mensuais por familia non superiores ás 140.000 pesetas ó mes, ¡como non van ter dificultades para chegar a fin de mes!

Vostede non quere falar dos 450.000 asalariados deste país que nos tres últimos anos veñen perdendo poder adquisitivo. Non ten resposta nin esperanza, nin posición política, para explicar qué pasa cos 125.000 funcionarios deste país, da Comunidade Autónoma, que dependen da súa Administración, e que nos últimos tempos, dende hai exactamente cinco anos, veñen perdendo poder adquisitivo. Claro, todo isto ocorre tras un período de crecemento económico, que van alá máis de seis ou sete anos de crecemento económico en Galicia, en España, en Europa, na economía mundial.

En Galicia, señor Fraga, hai máis de 400.000 galegos, entre os parados e os que teñen un contrato precario, que non teñen perspectiva de seguridade no seu futuro. E vostede non concreta cál é o seu comprome-

so e a perspectiva de esperanza que lles pode dar; ou ás tres de cada catro mulleres que non se incorporan, que non se poden incorporar, ó mercado laboral.

A min o que me preocupa, como socialista, como alternativa de Goberno, é precisamente contribuír a máis avance social, a máis igualdade, a máis cohesión, a un país xusto e mellor distribuído. E aí é onde non termino de ve-lo acento que vostede reclamaba no discurso do ano 1990, cando accede a gobernar. Dez anos despois, parece que perdesse a sensibilidade, ou cando menos o impulso nese sentido.

Durante este período tivo vostede recursos, máis de 8 billóns de pesetas, moitos recursos públicos, moito tempo —unha década de Goberno— e moita confianza dos galegos —dez anos de maioría absoluta—. Vostede dime na réplica que Galicia creceu neste período. Certo, creceu Galicia, creceu España, creceu Europa. É probable que crecemos un pouco por riba do que creceu España nalgúns momentos. A síntese final é debatible. Pero ¿por que nos achegamos lixeiramente en renda per cápita? Porque diminuíu drasticamente a poboación galega, e vai seguir diminuíndo coa súa política. Pero o importante, o que vostede terá que recoñecer, señor Fraga, é que, se seguimos con este ritmo de crecemento económico, se seguimos coa súa política, tardaremos máis de sesenta anos en achegarnos ós niveis de renda, ós niveis medios de benestar, dos países europeos, ó promedio dos países europeos.

En definitiva, é un modelo económico de políticas públicas que atrasa, non é capaz de levar este país ás cotas de desenvolvemento. Hoxe, facendo balance final da súa década de Goberno, Galicia atópase situada entre as vinte comunidades ou rexións menos avanzadas, menos desenvoltas de toda a Unión Europea. Ocupámo-lo non honroso lugar da rexión número 179, entre pouco máis de 190 rexións.

No seu discurso vostede non falou de cidades, da necesidade de converte-las cidades no motor do desenvolvemento de Galicia. Non falou dos plans de transporte intermodal, da necesidade dos contratos programa e dos convenios coas cidades; en definitiva, de tirar cara adiante daquilo que contén o mellor dos recursos e das enerxías deste país. Vostede non falou de reforza-la autonomía política dos concellos, da Lei

galega de facenda local, que estamos esperando por ela. Xa non vale a pena esperar, haberá que facela, haberá que facela dende o impulso, así como o regulamento da Administración local e tantas e tantas cousas que requiren, realmente, un diagnóstico e planteamento claros. Vostede realmente está impulsando un novo centralismo, ¿de verdade!, un novo centralismo autonómico, señor Fraga. Porque non cre realmente máis que na tutela e na subordinación da Administración local, a administración máis antiga, máis próxima ós cidadáns, que merece un respecto institucional, un impulso das súas competencias e dos seus recursos. Vostede leva anos falando do pacto local, pero non deu un paso no pacto local. Os concellos tiñan as mesmas competencias e recursos cando empezaron que agora mesmo.

Estamos nun modelo de crecemento económico no que Galicia segue enganchada do subsidio e da dependencia, dos recursos externos. Eu o que lle quero dicir a este país, señorías, é que existen posibilidades, que temos capacidade, que temos recursos. Non me gustan as análises que se fan nesta Cámara, non as comparto, en termos de poñer toda a culpa no exterior, na Galicia discriminada por Bruxelas, polas grandes multinacionais, por España. Asumámo-las nosas responsabilidades, devolvámoslle o protagonismo á sociedade civil, ós emprendedores, ós creadores de cultura, e aí creo que está o futuro deste país. Non creo na Galicia discriminada, creo na caída do investimento público porque hai un Goberno de dereitas en Madrid e en Galicia que non está contribuíndo a un maior investimento. O investimento público en España, señor Fraga, leva caendo exactamente nesta proporción —son datos oficiais da Intervención Xeral da Administración do Estado—: o investimento do Estado en Galicia no ano 1995 era de 92.000 millóns de pesetas; e no ano 2000, se se aproban os presupostos, de 53.000 millóns de pesetas, —40.000 millóns de pesetas nunha curva de regresión, de caída, importante—. Non é porque Galicia sexa discriminada, está pasando en toda España. Non hai un esforzo suficiente e necesario, porque se está primando unha política de déficit cero, sobre a cal se pode discutir. Pero, en definitiva, os territorios máis desequilibrados, máis periféricos, máis necesitados dese potente esforzo de recursos de investimento público, son finalmente os que saen peor parados.

En definitiva, señor Fraga, vostede dicía hai noventa anos, no seu discurso inicial ante esta Cámara —hai dez anos, perdón, no ano 1990—, “se algunha característica singular, por outra parte, lle quero imprimir ó meu goberno é a de austeridade; austeridade no gasto corrente, para eliminar todos aqueles gastos que non estean xustificadas racionalmente”. Dez anos despois, ¿que pasa neste país? Que vostede contribuíu a crear, impulsou, unha administración paralela, fundacións e fundacións que escapan ó control e á utilización eficiente dos fondos públicos. Somos probablemente un dos países máis subvencionados do mundo e, iso seguro que si, a única comunidade de España que non ten unha lei de subvencións.

Vostede sempre nos di aquilo —que é certo— de que contribuíu a impulsar que exista o Valedor do Pobo, o Consello de Contas. Contribuímos a impulsar todos os grupos que estamos na Cámara, non é unha creación de vostede. A vostede tocoulle facelo. A vostede o que realmente lle tocaba, de verdade, señor Fraga, é cumprir as resolucións do Consello de Contas, cumprir os informes do Valedor do Pobo. E vostede, en cambio, imprimiu unha forma de gobernar, unha forma de liderado neste país, que está asfixiando e afogando as posibilidades reais que esta sociedade ten.

Mire, vostede crea esta administración paralela, e literalmente premia comportamentos daquelas administracións, daqueles señores, que á fronte dunha administración pública, dun concello, botan sete anos sen render contas ó Consello de Contas, a esa institución respecto da que vostede presume de contribuír a crear. ¡Sete anos sen render contas! E vostede a ese alcalde dese municipio elévao á presidencia da Deputación da Coruña. É xustamente a antiexemplaridade, o peor que se pode facer, o peor dos estilos á hora realmente de exemplificar a vida e a xestión dos fondos públicos.

Señor Fraga, eu volvo reiterarlle que, cando hai que facer balance da súa xestión, creo sinceramente, honestamente, que a súa década está rematando. Ós socialistas, insistía antes, non nos doen prendas en recoñecerlle o servizo feito, os traballos prestados. Galicia creceu, pero foron moitos máis os recursos e a capacidade respecto dos resultados que vostede nos dá. Creo que é necesario —dicía antes— un cambio;

un cambio dende un modelo de economía diferente, dunhas propostas diferentes, que senten os alicerces dunha Galicia futura con máis capacidade, con máis futuro para a xente nova. En definitiva, novas xeracións, novas formas de ve-lo país, pódennlle dar este liderado de futuro a este país, e un talante diferente, un comportamento diferente.

A min gustárame —e remato— que o próximo presidente da Xunta de Galicia sexa un presidente, señor Fraga, que se comprometa de verdade a comparecer no Parlamento, que non veña unha vez ó ano e que desapareza das comparecencias nesta tribuna na vida parlamentaria. Tódolos países democráticos, tódalas comunidades autónomas de España, o conseguiron. Este país merece unha lei de subvencións que garanta a tutela, a xestión dos fondos públicos transparente, eficiente e eficaz. Este país merece unha reforma da Administración pública que a achegue ós cidadáns. Este país merece un pacto polo territorio que axeite o país ós cambios poboacionais, ás novas demandas de futuro.

Este país merece, señor Fraga, un presidente que realmente non sexa irresponsable político diante do Parlamento, que se comprometa de verdade a cumprilo que di o Estatuto de autonomía e a lei.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor deputado.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Remato, señor presidente.

Quero recordarlles, señorías do Grupo Popular, que o Estatuto de autonomía e a Lei da Xunta e do seu presidente din que o presidente do Goberno de Galicia, el, na súa calidade de presidente, é responsable político diante do Parlamento. Dende a maioría absoluta, cando a moción de confianza e a moción de censura non son obviamente viables, o presidente Fraga ó non someterse ó control parlamentario incumple o Estatuto, incumple a lei que o obriga a ser responsable político diante do Parlamento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pérez Touriño.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, volvo dicir que, se a discrepancia está en entender que Galicia é algo diferente dos galegos e das galegas, evidentemente non hai ningunha discrepancia.

Por certo, que á forza de insistir na situación precaria das galegas, quero recordarlle que a ocupación feminina en Galicia é do 40%, superior á media nacional. O que quere dicir que case unha de cada dúas mulleres está a traballar.

O meu compromiso con iso é total. Pero volvo dicir que para chegar a iso hai que facer moitas cousas, como son as estradas, como son os portos, como son os multimodais e canto vostede dicía, efectivamente. Só entón se pode entrar no outro camiño. Pero ten que saber que, en todo caso, o crecemento da sanidade —segundo vostede con irregularidades—, o crecemento da educación, de servizos básicos, está indo adiante dunha maneira realmente espectacular.

En canto ós funcionarios, creo sinceramente que teñen un bo estatuto en Galicia, que teñen unha das mellores escolas de administración pública e que, efectivamente, dentro das posibilidades e das previsións xerais, terán, como é natural, as súas compensacións igualmente económicas.

Pero, volvo dicir que falarlle a min de poboación, que rían aquí algúns cando eu falaba dela —vostede non estaba na Cámara—, paréceme, en fin, que é un pouco falto de seriedade. Temos que considerar tamén ese aspecto.

O centralismo vólvese mencionar aquí. Non é certo. A única acción centralista que se fixo, que eu sabía, en Galicia dende a autonomía foi o intento do seu partido de reducir e deixar sen facultades as deputacións. Neste momento é todo o contrario, e puxen varios exemplos. E do pacto local non é que se fale del, é que de feito están moi adiantadas as súas bases; e, se non, que llelo pregunten ós directivos da Fegamp.

Pero ¿é centralismo poñer en marcha as comarcas que estaban no Estatuto? Polo tanto, hai que medirlas verbas e ocuparse diso.

En todo caso, encántame oílo falar da sociedade civil. Non é un termo precisamente socialista, e vostede sábeo. Penso que nalgunhas das súas apreciacións, algo contradictorias, non ten vostede dereito a falar de gobernos de dereita; porque á forza de estar na terceira vía e na terceira posición vostede usa a mesma terminoloxía ca nós.

O déficit cero, que é dicir boa administración —que é o que un ten que facer na súa casa—, hai moito tempo que está claro que as administracións públicas teñen que buscalo tamén. Hai unha famosa novela de Dickens na que un persoeiro xa maior lle di a un rapaz que lle pide consellos para unha boa administración: “Se ti gañas 1.000 libras ó ano e gastas 1.001 acabas no cárcere. Entón vas a prisión por débedas. Se gastas 999 acabas rico”. Iso é así e, polo tanto, temos que telo en conta.

En canto ó gasto corrente, teño a sensación de que se fixo unha descrición del que non é axeitada. Nós temos un ratio de investimento verdadeiramente espectacular. Pero en canto ás subvencións sorpréndeme que a estas alturas vostede non saiba que na lei de acompañamento do pasado presuposto houbo todo un capítulo sobre ese asunto. E o regulamento está neste momento no Consello Consultivo; por certo, unha terceira institución de control que creamos. E pronto sairá. En definitiva, esa referencia malévola á Deputación da Coruña teño que dicir que houbo quen intentou levala á xurisdicción penal do Tribunal de Contas de Madrid, e que aquel absolveu o señor presidente; que, por suposto, eu non o nomei, elixírono —son eleccións democráticas— os deputados provinciais da Coruña. O que acontece é que aí tamén somos maioría.

Moitas gracias. (*Aplausos*).

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente da Cámara, dado que aquí houbo en rigor dúas roldas de réplica, eu vou, pola miña banda, dar resposta á que exerceu a quen lle correspondía, é dicir, ao señor presidente da Xunta.

Señor Fraga, vostede non ten remedio. Sae vostede aquí, un razoa, un fai análises, diagnósticos, análises críticas, duras, con toda a dureza que queira, pero, ben, tampouco fóra de cacho, ¿non? O Bloque está moi moderado, e o Beiras moito máis. (*Risos.*) Cousa que ten especial mérito cando estamos nunha situación política en que a inmoderación está no poder, porque ¿habrá cousa máis inmoderada que don Manuel Fraga Iribarne cando de repente empeza a lanzar titulares na prensa descualificando incluso no nivel persoal, falando de moitas cousas que non teñen nada que ver coa política e que eu nunca fixen cando me refiro a vostede? Todas as críticas máis ferozes que eu puiden facer —ferocidade verbal— con respecto a vostede sempre foron estritamente no terreo das ideas políticas, das conductas políticas, dos planteamentos políticos ou das traxectorias políticas, nunca fóra de aí. E vostede hoxe mesmo sae aquí e di todos os tópicos sobre min e o BNG outra vez.

Pero, mire vostede, por moito que o diga en directo diante das cámaras de televisión e se retransmita, xa non funciona. E dáme igual, pero ese método de atribuír a alguén o que non dixo para refutar, iso séguelo vostede dunha maneira..., co Grupo Socialista quere facelo, co señor Guerreiro... Esa é unha metodoloxía que cando tiña vostede o monopolio de falar, cando era ministro de Información, ou cando era ministro de Gobernación, pois funcionaba. Agora funciona un pouco aínda porque ten o monopolio da megafonía pública. Pero, mire, nós soubemos traballar cando non había liberdades, cando para facer exercicios de práctica individual e colectiva do que é realmente a democracia, a aprendizaxe da democracia, había que facelos clandestinamente e con alguén viaxando para que non viñeran *los grises*, ou facer unha reunión na que había que saber perfectamente quen era o *inspector de policía de turno de la brigada político-social* —dígollo en español, porque era como se dicía respecto desa xente— para que non estivese alí, incluso dentro da universidade. E trata de crear pantasma para asustar a xente e logo lancealos, e non lle vou entrar por aí.

Agora, só lle digo unha cousa. Vostede deume un consello socrático. Eu nunca paro de aprender, pero Sócrates aprendino en Platón. E o Sócrates que eu coñecía na miña vida, dende a infancia ou a adolescencia, o primeiro, foi do meu mestre don Xesús Pereira

Vilariño, que fora represaliado en 1936. Non o mataron de milagre, foi represaliado sen escola. Foi o meu mestre, non fun á escola pública do tempo do nacional-fascismo ou catolicismo. E o segundo foi precisamente Ramón Piñeiro. E con el precisamente o que aprendín é que se poden criticar as ideas, as decisións, incluso a oportunidade política. Pero vostede fixo unha mención realmente infame a se eu nunha ocasión aquí manifestei desprezo por Ramón Piñeiro, e iso é faltarlle ao respecto a Piñeiro, non a min, porque Piñeiro nunca faría o que vostede acaba de facer.

Emigrantes. ¡A ver se aclaramos unha cousa! ¿Vostede está disposto, e o Partido Popular e o Goberno do Estado, a que se faga a reforma legal necesaria para que os emigrados poidan votar alí onde residen —Buenos Aires, Mar del Plata, Montevideo...— en colexios electorais, nos consulados como colexios electorais, con interventores, etc., igual que os galegos residentes en Galicia poden votar nos colexios de aquí? ¿Está vostede disposto a facer iso? É dicir, vostede quere que os cidadáns residentes-ausentes galegos conforme á cidadanía galega sexan iguais en dereitos aos de aquí. Pois os de aquí van a colexios electorais, votan alí, hai interventores, hai campaña electoral cun funcionamento de financiamento regulado legalmente, etc. Reclame vostede que se faga alí, porque, se non reclama iso, a sospeita que xorde é: ¿por que se impide que os emigrados poidan informarse para votar nunha campaña idéntica, polo menos, en condicións ás que se fan aquí?, ¿por que se quere impedir que voten en colexios, con interventores, etc.? Fágao vostede. E non me veñan con máis historias, nunca máis, de se nós desprezamos os emigrantes. Porque as primeiras denuncias que se fixeron, despois da Guerra Civil, en estudos demográficos, en estudos socioeconómicos, fixéronse por persoas que están ou ben militando no espacio socialista ou no espacio comunista ou no espacio nacionalista galego. Non precisamente vostede, porque terá que preguntarse se tivo algo que ver coa situación dun réxime que deu lugar a que en termos netos, entre 1950 e 1970, a emigración fose de 500.000 persoas —netas— sobre unha poboación de 2.500.000. ¿Tivo algo que ver con iso ou non? ¿Ou emigraron polo espírito da aventura? ¿Como pode vostede pretender darlles agora a volta a todas as tortillas!

E ademais habería que computar os emigrantes co-

mo electores nos colexios de orixe, pero que se computen para financiamento dos concellos no cálculo de relación coa poboación que determina o financiamento que vén do Estado, e entón serán iguais. ¡Porque é fenomenal! É dicir, compútanse como votos, pero cando un concello ten que recibir o orzamento do Estado esa poboación que vota non é unha poboación que se compute para calcular o coeficiente de ingresos que lles veñen dos presupostos do Estado. (*Interrupcións.*) Non, non, desconten o tempo se hai alporizamento.

O que quero dicir é que, por exemplo, na provincia de Ourense, o censo que determina o financiamento dos concellos que vén do Estado case se duplicaría. Os primeiros que llelo agradecerían serían os seus alcaldes ourensáns, que ademais son maioría absoluta na provincia. ¿Por que non o fai? Se non, é pura demagogia, e non me gusta utilizar esa palabra. É peor, é inmoralidade. O que está facendo é inmoralidade. É intentar gardar uns votos que vostedes arrecadan —xa sabe vostede mellor ca min cómo— sen que se dean as condicións de liberdade de voto, etc.,

Cuarto, o capitalismo neoamericano, renano..., o esquema que empreguei —eu non me dedico agora a escribir libros— tomeino dunha obra editada a finais do ano pasado; polo tanto, non pode ser tan vello. Naturalmente o concepto de capitalismo renano é unha definición que vén de máis atrás, e é francesa. E ademais sábeo vostede mellor ca min porque vostede foi catedrático de dereito político nunha época determinada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede non, nunca chegou. Refírese a (...) da SPD alemá. Non lle vou explicar estas cousas, pero non veña vostede dicir aquí simplemente que Beiras está utilizando cousas que son tópicos. ¡De tópicos nada!, é unha obra de hai un ano, e recoméndolle que a lea. Porque esa non lle deu tempo a lela, seguro. E é moi lúcida sobre o que está agora pasando realmente na sociedade a nivel sociopolítico en Europa.

Vou rematando.

O primeiro proxecto de lei de comercio interior de Galicia que se presentou no Parlamento de Galicia, cando aínda estaba en Fonseca —en 1987, outono—, foi da autoría do Bloque Nacionalista Galego. Non me veñan vostedes falar do comercio. A primeira po-

posición de lei de ordenación do Comercio interior de Galicia é do Bloque, que non tiña naquel momento nin sequera o un por mil de comerciantes que o votasen. Xa ve que non era por clientelismo nin por interese electoral. ¡A primeira! Non foi aceptada e aos poucos meses presentouse a do Goberno tripartito, que se aprobou. Paréceme que era menos boa cá nosa, pero aprobouse e vostedes nunca a executaron; sempre a violaron subrepticamente.

En sexto lugar, vostede acaba de dicir que o decreto sobre os horarios, etc., non é inconstitucional porque as competencias das comunidades autónomas, aínda por moi exclusivas que sexan, teñen que encaixarse na política xeral de prezos. ¡Oia!, iso da política xeral de prezos ¿a que nivel?, ¿de pautas macroeconómicas, de normas básicas, ou de regular se abren ou non abren *el sábado*...? Pero ¿que ten que ver a política de prezos en norma xeral coa regulación dos horarios dos comercios? Ademais, vostede está, como presidente da Xunta de Galicia, neste momento autodesqualificándose en canto ás competencias que se lle atribúen polo Estatuto e a Constitución. ¡Non mire o libro, é igual! Non é cuestión de leguleio, é unha cuestión de principios xerais do dereito político.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, vou rematando, señor presidente. Pero xa ve que estou simplemente razoando un pouco. Aquí houbo tres horas de intervención do señor presidente pola mañá, e entre tres cuartos de hora longos e mais a réplica pois debe de haber unha hora e media. Pero tampouco se trata de correlacionar os tempos, o señor Fraga é o presidente da Xunta de Galicia e eu simplemente son un portavoz dun grupo parlamentario. Pero remato de verdade.

Transcantábrica. O trazado da Transcantábrica pola costa de Ortegal foi pedida polos alcaldes do Partido Popular da costa, polo Partido Popular de Ferrol, encabezado polo seu presidente, e polo Concello de Ferrol cos votos favorábeis do Grupo Municipal do PP. ¡Menos lerías! Explique iso vostede aquí, en vez de dicir que se agora o Bloque fai o *disparate* de pedir a Transcantábrica... Foron vostedes os que tomaron a iniciativa de pedila.

E, finalmente, remato. Di que vostedes aspiran a entrar na fase minorista do IVE. Lémbrollo: 1987, Proposición de lei de medidas urxentes, do BNG: reclamabamos que se estudiasse polo menos iso, e foi rexeitado. Paréceme moi ben que vostedes se apunten ao carro, pero non me veña dicir que aquí todo o fixeron vostedes cando o Bloque en 1987 xa o propuña. E vostede faino —penso eu, ao mellor son moi malintencionado— porque o señor Zaplana se lle adiantou.

Remato de verdade, con dúas cuestións: democracia e conversas. Vostede acaba de reiterar algo que vostedes reiteran todos os días: respectar as maiorías, esa é a democracia. Para min, democracia é respectar os dereitos dos cidadáns e a condición dos cidadáns. E os cidadáns ou son cidadáns libres que teñen dereitos e liberdades efectivas ou se converten en súbditos. E, ademais, lémbrese de que os demócratas que profesamos isto, esta convicción profunda e estas pautas de conducta, os demócratas —e non vou falar en primeira persoa do plural, senón en terceira— non o inhabilitaron a vostede na transición. ¿Quere meirande respecto e xenerosidade? (*Interrupcións.*) E a vostede tampouco, que estaba na trama golpista do 23 F. (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Un momento, remato.

Non me gusta falar destas cousas, porque non se trata de facer aquí contrapuntos biográficos. Pero hai unha cousa moi grave. Estes días hai moita indignación, crecente indignación, que eu comparto dende sempre... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sabe de qué se trata a indignación, se a comparte é que comparte todo. Hai moita indignación polo terrorismo. Pero se a historia na que este señor estaba metido triunfase, eu estaba “paseado” ao día seguinte, porque saíron as listas...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...na prensa seis anos despois. Dicían que eu posuía armas. Ben, pero que non se me ría ¿eh?, non ten ningunha gracia... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Iso é xenerosidade! Porque xa está ben, señor Fraga, ese señor... ¡Xa está ben! Púideno dicir dende hai dez anos, ¿verdade?... (*Murmurios.*) Si, indígnese vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate. Ou terei que quitarlle o uso da palabra, síntoo moito. Non pode ser, señor Beiras, remate por fin.

O señor BEIRAS TORRADO: Remato. Eu non dixen que unicamente falaría con vostede no Parlamento. Non, está escrito o que dixen, ademais. Eu dixen que a condición para que vostede e mais eu falemos, se vostede ten a ben falar comigo, é que efectivamente vostede fale no Parlamento nos termos en que eu dixen. Non se trata de que vostede teña que comparecer cada vez que a oposición o quere, iso non pasa en ningún lado. Trátase de que non ten sentido que haxa un tema moi importante e que vostede apareza en todos os medios de comunicación dicindo o que pensa, e no Parlamento enteriámonos polos medios de comunicación. É unha falta de respecto, e iso é o que quero dicir.

E logo o que dixen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Si. Non me gustan os torneos de paladíns, e menos a finais do século XX...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BEIRAS TORRADO: ... pero en todo caso é en público. E despois, se vostede cumpre polo menos o primeiro, evidentemente, que eu estou disposto a falar con vostede do que vostede queira, sempre que sexan temas políticos, e podemos falar do capitalismo renano, se quere. Ímonos divertir un pouco. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e

señores deputados, como o señor Beiras me recordou que fun profesor catedrático de dereito político e tamén fun ponente da Constitución, e fun un dos dous que se retiraron da Comisión do Estatuto, quérolle ler —porque fala do que teñen que ve-los prezos de...— o artigo 30, no que se fala das facultades do Parlamento galego: “4. Comercio interior, defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia”.

En canto á frase, que vostede considera de verdadeira *laudatio*, que eu escoitei e que non vou esquecer nunca —pola admiración que sempre lle tiven e lle teño— dixo vostede: “Cando Ramón Piñeiro era alguén...”. (*O señor Beiras Torrado: ¡Politicamente!*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA: (Fraga Iribarne): Moi ben, politicamente. E despois de dicir isto, o de “non ten remedio” é evidente, o da “moderación” é menos evidente, o da “ferocidade verbal” volve ser evidente. Eu non invento maniqueos.

Emigrantes. Pois é curioso, porque eu presenteí unha proposta hai tempo para que nos consulados e nas embaixadas se poida votar, de modo que por unha vez estamos de acordo. Pero quérolle facer notar que iso non ten nada que ver coa cuestión de privalos dos poucos dereitos que teñen neste momento.

E, por certo, eu son emigrante, e fillo de emigrantes que se coñeceron en Cuba. E, polo tanto, o respecto ós emigrantes (...), téño probado. Ós outros supónselles.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Para información da Cámara, os grupos parlamentarios poden presentar propostas de resolución ata as 12.00 horas de mañá, día 11, no Rexistro Xeral da Cámara. Unha vez esgotado o prazo, a Mesa procederá á codificación e distribución ós grupos de tódalas propostas admitidas para o seu estudo antes de que se reinicie a sesión.

Suspéndese a sesión, que se reiniciará mañá ás catro e media da tarde.

Suspéndese a sesión ás dez e un minuto da noite.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735